

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO, VI

(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Idacio Lémico: Chronica

(379-469)

Xoán Bernárdez Vilar

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO
(Cadernos galegos de pensamento e cultura)

Directores:

Luís Alonso Girgado
Ramón López Vázquez

Consello asesor:

Xesús Ferro Ruibal
Xosé Manuel García Iglesias
Anxo González Fernández
Ramón Mariño Paz
Anxo Tarrío Varela
Andrés Torres Queiruga

Edita:

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A
INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria:

CELSO CURRÁS FERNÁNDEZ

Director Xeral de Política Lingüística:

XESÚS P. GONZÁLEZ MOREIRAS

Coordinador científico

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Ilustración da cuberta:

BALDO RAMOS

Imprime:

Gráficas ATV

ISBN:

84-453-3922-2

Depósito Legal:

C-2876-2004

LIMIAR

Á audacia dun grego, posiblemente focense, que arredor do ano 580 aC. navegou e explorou, cando menos dende a colonia de Massilia, hoxe Marsella, unha parte das ribeiras da fachada Atlántica, débémolle as primeiras referencias xeográficas, etnográficas e comerciais que acerca de Galicia se coñecen. Referencias que chegaron a nós recollidas na famosa *Ora Marítima*, redactada varios séculos despois polo poeta e político romano Rufo Festo Avieno. Máis tarde, aínda que pouco antes do cambio da Era, outro grego, Strabón de Amasia (c.63 aC- 24 dC.), axuntaba, tamén por escrito, na súa *Geographiká*, no seu caso tomados de oídas, os seguintes e ata certo punto documentados testemuños que acerca da nosa terra se conservan.

Dun romano nacido na cidade de Tingentera, nas proximidades do estreito de Gibraltar, Pomponio Mela, autor cara ó ano 45 dC. de *De Chorographia*, proceden os seguintes informes cos que para reconstruír o noso pasado contamos. Pouco despois, arredor do ano 75, Caio Plinio Secundo (23-79 dC), achegaba na súa monumental *Naturalis Historia*, novas puntuais acerca de Galicia, parte das cales debeu de coñecer de primeira man, xa que, no ano 73, residira en Astúrica, hoxe Astorga, desempeñando o cargo de *procurator Asturiae et Gallaeciae*.

A seguinte recensión é xa de arredor do ano 150, e débese á *Geographiké Hyphegesis* do astrónomo, mate-

mático e xeógrafo alexandrino Claudio Ptolomeo (100-178c.). Lamentablemente, despois del, e ó longo de case que trescentos anos, apenas nada máis que se conservan algunhas cativas alusións, referencias en itinerarios, ou restos epigráficos, para reconstruír a nosa Historia complementando os datos que achega a arqueoloxía.

No século V, porén, xurdiu, xunto con outros, un autor que, ademais de ser orixinario e vivir no país, recolleu, onda os principais feitos que se deron no Imperio romano entre os anos 379 e 469, unha grande parte do que no mesmo período acontecía na Gallaecia. Estámolos a referir a Idacio, nacido, segundo el mesmo declara, na cidade Lémica. Como consecuencia a súa *Chronica*, aínda que non todo o detallada e precisa que cabería desexar, convértese nunha achega decisiva para reconstruír un importantísimo período do noso pasado, como, sen ningunha clase de dúbidas, é o do momento no que a Gallaecia pasou, de simple provincia de Roma, a se converter en Reino.

Vertela ó noso idioma e estudala ata onde sexa posible, tendo en conta as limitacións impostas á extensión deste traballo, vai ser o obxecto das páxinas que seguen.

Exposto o motivo e a finalidade, réstanos agora indicar o proceso e a metodoloxía. A este respecto, debemos dicir que a estrutura da nosa exposición pretende dar a coñecer as peculiaridades da obra idaciana, así como as da vida e circunstancias do seu autor e do seu tempo. Mantendo a característica adoptada nos nosos anteriores traballos sobre o mesmo¹, imos utilizar, basicamente, o texto do *Codex Berolinensis*, do século IX, o máis com-

¹ (2003): *O Comezo da nosa Idade Media. A Gallaecia que se emancipou de Roma* e (2003): *Chronica Hermerici*

pleto e fiable dos que de Idacio se conservan, aceptando as correccións idiomáticas e léxicas feitas por Alain Tranoy ende 1974, a non ser as relacionadas coa ortografía do nome de Idacio. Tales correccións figurarán indicadas en negriñas. Así mesmo, e para abreviar, omitiremos todo aparato crítico.

Emporiso a tradución contará cos comentarios necesarios para xulgar e valorar o acerto e a idoneidade histórica tanto do relato coma do noso propio discurso. En canto aos vocábulos sinalados cun * remitirán a un Glosario final, que, ademais de situar determinados feitos no seu auténtico contexto espazo-temporal, vai permitir ampliar as bases da análise. Como remate incluiremos as conclusións ás que cremos poder chegar.

Unha indicación máis debemos de facer respecto ás transcricións dos antropónimos, os topónimos e os xentilicios. Imos procurar respectar en todo momento as formas por Idacio utilizadas, permitíndonos nada máis que a liberdade de romancear as desinencias finais dos primeiros e dos últimos. Así, utilizaremos: Hieronymo, Censorio, Augusto, ou Suevos en vez de Hieronymus, Censorius, Augustus ou Suevi. Acerca dos países, os lugares e as cidades, iremos dando tamén comprida explicación tanto da súa situación xeográfica como das equivalencias actuais das súas nomenclaturas ou das que de ordinario se soen utilizar, en boa parte tamén indicadas nos mapas que incluímos.

Vigo, outubro do 2003.

ÍNDICE

Limiar5
I. As Fontes de Idacio11
II. A Obra15
III. O Autor21
IV. <i>Chronica</i> (379-469)33
Texto Latino34
Tradución35
V. Consideracións finais149
VI. Glosario159
VII. Bibliografía principal173

I. As fontes de Idacio

Tal como indica nas primeiras liñas da súa obra, e repite no *Praefatio*, Idacio pretendeu relatar os acontecementos que se producían no Imperio continuando a *Crónica* que San Xerome deixara no ano 378. A este efecto recorreu, dende esta data, e ata ano 427, a documentos escritos (*Praefatio*, 5 a 7), así como a relatos orais. E a partir dese momento, utilizou xa os seus propios medios e observacións, así como os estudos seculares cos que contaba e, sobre todo, o seu coñecemento das Sagradas Escrituras e dos autores cristiáns (*Praefatio*, 1).

Alain Tranoy, (Vol. I, páxinas 50 a 53 e 26), ademais de considerar que “a obra de Idacio é, ante todo, unha obra persoal, composta a partir das constatacións do autor”, considera que este tamén utilizou as *Chronicas* de Xerome (347-420c.), e de Sulpicio Severo (c.360-415), os escritos Itacio, participante no concilio de Zaragoza do ano 380, as Actas do de Toledo, do ano 400, San Agostiño (354-430), San Paulino de Nola (c.353-431), Avito de Bracara², un descoñecido bispo de

² Presbítero bracarense do que sabemos, especialmente a través da correspondencia de San Xerome, que se atopaba en Xerusalén no ano 399, cidade á que volvería máis tarde para conseguir, no 409, a tradución que do *Peri Arjón* de Orígenes de Alexandria (c.185-255) fixera o de Belén. A mediados do 415 axudou o seu paisano Paulo Orosio nas disputas que mantivo no Oriente tanto co herexiarca Pelagio*, coma co bispo Iohannes de Xerusalén. Avito recolleu tamén por escrito o achado dos restos do mártir San Estevo, e enviou parte deles, xunto cunha carta ó bispo Palcomio de Braga, por man de Paulo Orosio; reliquias que acabarían repartidas entre a illa de Menorca e a provincia de África.

Bitterri, hoxe Beziere, ó leste de Narbona, en Francia, chamado Paulino ó que nomea no epígrafe 73, así como a Olympiodoro de Tebas, que escribiu cara ó ano 425, posto que o repite no seu parágrafo 48. É posible tamén que tomara datos das obras do seu paisano Paulo Orosio (c.383-420c.) e das de Próspero Tirón de Aquitania (c.390-455c.), e que, segundo parece desprenderse da súa exposición, mantívase un intercambio de correspondencia con outras Sés, o que lle puido permitir o acceso ó contido de moitos comunicados eclesiásticos. Mais tamén se tira desta que obtivo importantes informacións dalgúns viaxeiros e, sobre todo, dos moitos legados que acudían a Bracara, que tiñan que pasar, tanto á ida como á volta, pola Aquae Flaviae na que Idacio estaba a exercer o seu ministerio.

II. A obra

A *Chronica* de Idacio chegou a nós, ademais de por algunhas copias moi serodias e incompletas, grazas a cinco manuscritos. O que parece indicar que a súa difusión debeu de ser un tanto reducida. Son os seguintes:

F: Do século VII, ou do VIII, coñecido coma *Parisiensis*, lat. 10910, actualmente na “Bibliothèque Nationale de Paris”, que contén extractos do orixinal. É tamén denominado *Chronica ou Epítome de Fredegario*.

B: Do século IX. *Berolinensis*, ou Phillipps 1829, depositado na Die Handschriften-Verzeichnisse der Königlichen Bibliothek zu Berlin, que, procedente en orixe dun de Treveris, pasou despois ao Collège de Clermont, de París. É o máis completo de todos, e está escrito por unha soa man, se ben que contén correccións, unhas da mesma, e outras efectuadas por outra distinta.

M: Do século XII, ou XIII. Manuscrito da Bibliothèque Universitaire de Montpellier, no sur de Francia, incompleto e escasamente fiable.

H: Epítome dos manuscritos hispánicos:

Hm: Do século XIII. *Matritensis*, que se conserva na Universidade Complutense de Madrid, derivado dun manuscrito perdido de Alcobaça, Portugal. Contén un resume da *Chronica*.

Hn: Do século XVI. *Matritensis*, procedente doutro manuscrito perdido de Osma, gardado na Biblioteca Nacional de Madrid. Ofrece tamén un resume.

Da análise destes documentos tírase a conclusión de que parecen proceder todos eles dunha única fonte³. Mais consérvanse, así mesmo, outros catro manuscritos do denominado *Chronicón pequeno de Idacio*, unha especie de resumo abreviado da *Chronica*, unha práctica bastante habitual na Idade Media⁴, aínda este non parece ser obra do Lémico, e que recibiu engadidos tomados doutros textos.

Con posterioridade, a obra de Idacio foi dada á imprenta, de xeito máis ou menos completo, a partir dun ou doutro manuscritos. Indicamos a continuación os autores e o lugar da súa publicación:

H. Canisius, (Ingolstadt, 1602, e Antuerpia, 1725), J. Scaliger (Leyden, 1606), A. Schott (Francfort, 1603-1608), L. Sanlloriente de Córdoba (Roma, 1615), a primeira edición completa, P. de Sandoval (Pamplona, 1615), S. Sirmond (París, 1619), A. Duchesne (París, 1636), Alejandro Moro (Amstelodami, 1658), J. Sáenz de Aguirre (Roma, 1694), M. Bouquet (París, 1738), T. Roncalli (Padova, 1787), A. Galland (Venecia, 1787), C. Roesler (Tubingen, 1798), X. de Ram (Bruxelas, 1845), J.P. Migne (París, 1846), H. Flórez (Madrid, 1859), V. de la Fuente (Madrid, 1873), L. García del Corral (Barcelona, 1886), Th. Mommsen (Berlín, 1894), Marcelo Macías (Ourense,

³ Alain Tranoy I, pp. 62 a 69.

⁴ C. Rodríguez Alonso, pp. 26 e seguintes. Julio Campos, pp. 20-22.

1898 e 1909), R. Grosse (Barcelona, 1947), A. Tranoy (París, 1974), José Cardoso (Braga, 1982), J. Campos (Salamanca, 1984), e R. W. Burgess (Oxford, 1993).

O texto de Idacio foi establecido por Theodor Mommsen a partir do *Berolinensis*, quen, para acadalo reagrupou todos os manuscritos existentes na súa *Opera Minora* do ano 1894, unha das súas grandes achegas á investigación. O seu traballo, e as posteriores precisións léxicas e cronolóxicas dos analistas que continuaron o seu labor, especialmente as de Christian Courtois, a mediados do século XX, e Alain Tranoy (1974), que mantivo a maior parte delas, son as que tivemos en conta á hora de efectuar esta tradución.

Agora ben, á marxe do seu cometido coma cronista, Idacio legounos tamén un excepcional traballo de datación, se ben que non exento de comprensibles e facilmente detectables imprecisións, ó utilizar, como recurso para unha exacta colocación dos seus informes, nada menos que catro liñas cronolóxicas: a dos anos de Abraham, o nacemento do cal sitúa no 2015 aC., a das Olimpíadas, que mantivo ata o final, aínda que estas deixaron de se celebrar a partir do ano 393, por disposición de Flavio Theodosio I (370-395), a dos anos dos emperadores romanos, e a dos pontificados dos bispos de Roma. Máis discutible xa é consideralo tamén coma introdutor do cómputo chamado Era, máis tarde denominado, un tanto impropriamente, “Era Hispánica”⁵. Este comezaba o día primeiro de xaneiro do ano 38

⁵ Segundo supón Ramón Menéndez Pidal, por entenderse que o seu inicio coincidía co da total pacificación da Península (Varios (1976): *España Visigoda*, pp. XII-XIII).

antes de Cristo, polo que para pasar ó cómputo actual calquera feito que atopemos rexistrado con ela, debere-mos de lle restar 38 anos. Tal Era, etimoloxicamente derivada de “aera”, plural de “aes”, “as”, “moeda” ou “diñeiro”, tivo a súa orixe, segundo nos refire Isidoro de Sevilla (C.570-636), que utilizou este xeito de datación xa de xeito habitual, nun imposto creado por Augusto (27 aC- 14 dC), segundo o cal, “omnis orbis aes reddere professus est reipublicae”, “todo o orbe se comprometeu a pagar un tributo á República”⁶. Porque, no manuscrito *Berolinensis*, nada máis que aparecen datadas coa Era as referencias dos anos 409 e 461. En troques, no epítome que ofrece o *Matritensis*, xa do XIII, aparecen outras seis máis, estando case que todas elas trabuca-das. O que nos ofrece motivos para sospeitar que poidan tratarse de interpolacións⁷, xa que, de seren xenuínas sequera as dúas do *Berolinensis*, o normal sería que Idacio continuase a utilizar este cómputo en toda a súa obra.

Explicado isto, cómpre indicar que, na tradución, aínda que seguiremos a manter as ocasionais referen-cias da Era, prescindiremos das demais liñas cronolóxi-cas de Idacio, que, dado que conta os anos tamén a par-tir de xaneiro, substituiremos pola do calendario actual ou A.D., moito máis doada de seguir, e que figurará na marxe esquerda do texto

⁶ *Originum sive Etymologiarum*, V, 36, 4.

⁷ A. Tranoy I, pp. 72-73.

III. O autor

Nos manuscritos nos que se conservou a *Chronica*, o nome do seu autor aparece, por orde das veces na que é mencionado, baixo as formas de Ydatius, e Idacius, seguidas a moita distancia polas de Udacius e Adacius, se ben que o *Berolinensis* mantén Ydatius coma grafía case que constante. Por outra banda, nas actas do Concilio celebrado o en Cesaraugusta, hoxe Zaragoza, o día 4 de outubro do ano 380, aparecen dous bispos denominados Idacio e Itacio, que son, respectivamente o Hidacio, ou Ursacio, segundo outros documentos, que tiña a súa cátedra en Emérita, hoxe Mérida, e o Itacio, ou Ithacio, de Ossonoba, localidade actualmente denominada Estoi, nas proximidades de Faro, no sur de Portugal. Ambos os dous foron serios detractores de Prisciliano*. E existiron, así mesmo, senllos Hidacio, un en Africa e outro nas Gallias. Por outra banda, na carta dogmática e decretal do 21 de xullo do ano 447 que San León Magno (440-561), bispo de Roma, lle enviou a Thoribio de Astúrica, hoxe Astorga, o noso autor aparece mencionado coma Idatius. Así mesmo, San Isidoro de Sevilla, que manexou unha copia da súa *Chronica*, refire arredor do ano 600 en *De viris illustribus*, cap. IX: *Itacius, provinciae Gallaeciae episcopus*. Mentres que no século XI, Sigeberto de Glemboux recollía en *De scriptoribus ecclesiasticis: Idatius, Lemicae Hispaniarum urbis episcopus*.

O que inclina a considerar que Ydatius, Itacius e Idacius, deben de ser as formas máis próximas ao auténtico nome do autor. Coma consecuencia, e aínda en con-

tra da docta opinión, e do innegable maxisterio, de Theodor Mommsen, na transcripción do mesmo utilizaremos a grafía romanceada de “Ydacio”, e non a de “Hydacio”, por el preconizada, que alternaremos, nos nosos comentarios, coa de Idacio, que suxiren tanto a ortografía do noso idioma como a serodia incorporación do “y” á ortografía da antigüidade.


O lugar de nacemento deste autor é nos coñecido nada máis que a través das súas propias palabras: “En verdade que eu, Ydacio, nado na cidade Lémica, da provincia da Gallaecia, chamado á función máis elevada polo favor divino...” (*Praefatio*, 1). Descartada pola historiografía a posibilidade de ler “En verdade que eu, Ydacio, nado na provincia da Gallaecia,... chamado na cidade Lémica á función máis elevada polo favor divino”..., a realidade é que non se coñece, tanto a través dos textos, como da epigraña á Gallaecia referidos, ningunha localidade deste xeito denominada. Coma consecuencia pénsase que debería entenderse “na cidade Lémica”, en referencia ben ó territorio, primitiva acepción da palabra latina *civitas**, dos Límicos, xa a unha urbe así denominada, acepción posterior de *civitas*, pertencente tamén a estes Límicos.

Coñecemos a existencia deste pobo a través de Caio Plinio Secundo⁸, Claudio Ptolomeo⁹, a inscrición do “Padrão dos Povos” da ponte romana de Aquae Flaviae¹⁰, e polas lápidas atopadas no Monte do Viso, preto de

⁸ *Naturalis Historia*, III, 28

⁹ Capítulo, II, 6, 48.

¹⁰ Hoxe Chaves, no nordeste de Portugal, da que máis tarde sería bispo o propio Idacio.



Nocelo da Pena, no concello de Sarreaus, ó oeste da lagoa da Antela e de Xinzo de Limia. Laudas adicadas ós emperadores Aelio Hadrián (117-138) e Antonino Pío (138-61), pola *Civitas Limicorum*. Como consecuencia, os Límicos eran un pobo asentado en torno, ou nas proximidades, destes lugares. A súa denominación pervive aínda hoxe no río Limia e na comarca da que é centro Xinzo da Limia. Cal puido ser esa Cidade Límica, posible berce de Idacio, atópase aínda baixo investigación, podendo ser tanto esta última, na que os importantes restos romanos que van parecendo permiten sospeitar que poida tratarse do *Phoros Limicon*, ou *Forum Limicorum* do que fala Claudio Ptolomeo, como o propio Monte do Viso, daquela un núcleo tamén economicamente importante, xa que contaba con minas de estaño. Ambas localidades atópanse, ademais, nas proximidades da III Vía Bracara-Asturica, e estaban cruzadas pola calzada que unía Aquae Flaviae con Lucus¹¹.

No ano 1694, o cardeal J. Sáenz de Aguirre, apuntou a posibilidade de que esa “Cidade Límica” poidese entenderse como a “Cidade dos habitantes do val do Lemos”, por Caio Plinio chamados Lemavos¹². Un etnónimo que moi ben podería ter evoluído cara ó de “Lémicos” nos catro séculos que median entre os seus escritos e os de Idacio. A capital dos Lemavos foi Dactonium, segundo Claudio Ptolomeo, posiblemente a actual Monforte de Lemos, que Idacio (§ 201), parece denominar Dictyni. Emporiso, a hipótese máis aceptada segue a ser a de entender que “Límica” é un erro de copia, ou unha corrupción de “Límica”.

¹¹ Na actualidade, Braga, Astorga, Chaves e Lugo, respectivamente.

¹² *Naturalis Historia*, III, 28.

Para determinar o momento no que este autor chegou ó mundo temos que recorrer tamén ás súas propias manifestacións. E nelas atopamos, en primeiro lugar, que, con ocasión da súa viaxe polo Oriente (*Praefatio*, 3), sendo aínda neno, Idacio afirma que vira a Hieronymo, é dicir, a San Xerome. Máis adiante (§ 40, do ano 407), reincide no feito, ó asegurar que, sendo “neno” e “pupilo”, ademais deste, vira tamén a Iohannes, bispo de Xerusalén, a Eulogio, bispo de Cesarea, e a Theófilo, bispo de Alexandría. Dado que a idade pupilar remataba ó cumprir os 14 anos, parece claro que, cando isto aconteceu, Idacio non debía de chegar aínda a eles.

Sabemos que San Xerome residiu en Belén entre os anos 385 e 420, que Iohannes foi bispo de Xerusalén do 386 ó 417, que Theófilo ostentou a cátedra de Alexandría do 385 ó 412, e que Eulogio fixo o mesmo coa de Cesarea, entre o 404 e o 417. Uns datos que nos ofrecen a posibilidade de establecer certas precisións cronolóxicas, ata o punto de nos permitir concluír que, posto que Idacio indica que Eulogio era bispo de Cesarea, cando o veu, isto tivo que acontecer necesariamente, ben no ano 404, xa despois del. Antes non, posto que foi no 404 cando aquel acadou a prelatura. Pois ben, se temos en conta que tamén é coñecedor da importancia ou do prestixio do que por entón gozaba Epifanio de Chipre (§ 38, do ano 406), acerca do que non di que o chegase a coñecer, ou a ver¹³, e posto que este morreu no 403, feito que el parece ignorar, temos que deducir que debeu de abandonar aqueles lugares logo do deceso deste, xa que non chegou a saber do triste acontecemento. Por conse-

¹³ Epifanio exerceu na cidade chipriota de Constancia, a actual Salamina.

guinte, o seu retorno debeu de producirse despois del. É dicir, posiblemente a principios do ano 404. E se entón non cumprira aínda os 14 anos, por forza tivo que nacer arredor do 391¹⁴. Conclusión baseada, claro está, na presunción de que as expresións “infantulus”, diminutivo de “infans”, “neno”, ou “o que está na infancia”, e “pupillus”, diminutivo tamén, por el utilizadas para explicarnos o momento no que contemplara os prelados que menciona, estean empregadas cando menos con certa aproximación.

Agora ben, as condicións de neno e pupilo que Idacio se asigna, suxiren tamén que a súa viaxe polo Oriente puido durar mesmo varios anos. Tantos como os que van entre arredor de cando tiña uns seis –“infantulus”-, ata cando andaba nas proximidade dos trece, ou “pupillus”. E se foi así, debemos de pensar que, ou ben procedía dunha familia acomodada, como acontecía cunha boa parte dos bispos daquel tempo¹⁵, ou é que era fillo, ou familiar, dalgún funcionario imperial, a aqueles lugares desprazado por motivos de servizo.

Polo chamado *Chronicón Pequeno*, do que xa indicamos que non parece ser da súa autoría, sabemos tamén que, uns anos despois, concretamente no 416 (§ 62b), se producía a “conversión a Deus do pecador Idacio”, referencia que se ben interpretando como a do momento no que se fixo cristián, ou ben daquel no que se dedicou á vida relixiosa. Debía de contar entón cuns 25 anos de idade.

¹⁴ Theodor Mommsen, no século XIX, calculaba o seu nacemento no ano 394.

¹⁵ Varios (2000): *Cristianismo...*, pp. 326-327; e Oscar Núñez García (2001), p. 325.

O seguinte episodio da súa biografía achegáronnolo os parágrafos 6 e 7 do seu *Praefatio*, nos que refire que fora “inmerecidamente” promovido ó cargo episcopal despois do terceiro ano de Valentiniano Augusto, fillo da raíña Placidia. Valentiniano, é dicir, Placidio Valentiniano III, fillo de Gala Placidia, fora proclamado Augusto* o 23 de outubro do ano 425, cando nada máis que contaba con seis de idade. O seu terceiro ano, polo tanto, débese de contar dende o 23 de outubro do ano 427, ata a mesma data do 428.

É dicir, que debeu de ser arredor do período 427-428 cando Idacio accedeu á dignidade episcopal. Nese momento andaba polos 37 anos de idade, o que significa que non contaba, coma moitos outros prelados daquel tempo, coa idade canónica entón especificada para acadala¹⁶. Cal puido ser a cidade na que desempeñou o cargo témolo que conxecturar a través dunha anotación súa moi posterior, concretamente do ano 460 (§ 201), na que refire que foi capturado na igrexa de Aquae Flaviae por Frumario, rei dos Suevos, se ben que, uns meses despois, acabou sendo liberado e volveu a ela (§ 207). O feito de que ata ese momento non indicase o lugar da súa cátedra, e de que naquel tempo era autenticamente inusual, e mesmo expresamente prohibido, que os bispos mudasen dela, inclina a crer que Aquae Flaviae debeu de ser a súa Sé xa dende o primeiro momento. E se o foi, significa tamén que debeu de ser nela, ou nas súas inmediacións, onde se estableceu despois de que, arre-

¹⁶ Que esta era entón a de 45 anos tírase tanto da carta do papa Silvestre I (314-335) ó Concilio de Nicea (325), como da *Decretale* do ano 385, de Siricio (384-399), da carta de Inocencio I (402-17), e de diversas disposicións conciliares recollidas na *Colección Canónica Hispana*.

dor do ano 404 retornara do Oriente, e onde a súa familia tiña os seus predios. Porque, outra circunstancia que parece clara nos textos daquel tempo era que, naquel momento, os bispos exercían na zona da que eran orixi-narios, e que eran elixidos pola presión do clero e, ou, dos fieis.

A *Aquae Flaviae* que administrou Idacio era unha cidade fundada polos romanos cara ó ano 78, en tempos do emperador Flavio Vespasiano (69-79). Na actualidade recibe o nome de Chaves, circunstancia pola que moitas veces o autor obxecto deste traballo é tamén denomina-do Idacio de Chaves. Está situada no nordeste de Portugal, no medio dunha farturenta chaira regada polo Tâmega, e dista uns cincuenta quilómetros tanto de Xinzo de Limia, coma do Monte do Viso, posibles asen-tos do “*Forum Limicorum*”, ou “*Civitas Limicorum*”, e en torno a uns cen, de Monforte de Lemos, os lugares onde se cre que puido ter nacido. Chaves conta cunha vella estación termal e cunha ponte de dezaseis arcos, construída entre os anos 102 e 104, no V consulado de Marco Ulpio Traiano (98-117), segundo testemuñan dúas columnas cilíndricas que hai sobre ela. Estas pare-cen ser copias do “*Padrão dos Povos*”, un monumento adicado ós emperadores da dinastía Flavia, do período 69 ó 96, por dez “*civitates*”^{*} dos arredores, entre as que se atopa tamén a dos Límicos. Este “*Padrão dos Povos*” foi atopado no ano 1980 ó dragar o río, e consérvase na propia vila.

A actualmente chamada Igrexa Matriz de Chaves, construída en diferentes épocas, e sobre edificios ante-riores, pénsase que se asenta sobre o predio da igrexa do

tempo de Idacio. Con certo comprensible atrevemento, na súa fachada foi colocada non hai moito unha lápida que lembra que aquel é o lugar onde o prelado fora detido polos Suevos.

As preocupacións pastorais de Idacio coma bispo parece que se centraron na loita contra o Priscilianismo*, espallado pola Gallaecia a partir do ano 387 (§ 16), e, posteriormente, a partir xa do 466 (§ 232), tamén contra o “pestipherum virus” do Arrianismo*

Emporiso, o que máis claramente transcende da súa “*Chronica*”, como imos ter ocasión de comprobar, é a intensa actividade política que, en favor dos “Gallaecos”, e en contra dos Suevos*, desenvolveu inmediatamente despois do seu acceso á prelatura.

A derradeira das anotacións de Idacio é do ano 469, aínda que un dos feitos que nela aparece podería ser dous anos posterior. En todo caso, o parágrafo transmite unha completa sensación de esgotamento e cansazo pola súa parte, e implícita o seu desexo de concluír o traballo ó incluír un agoiro alusivo a un desenlace que debía de presentir xa próximo. Debeu de vivir, pois, moi pouco tempo máis. Case que século e medio despois, Isidoro de Sevilla afirmaba en *De viris illustribus*, cap. IX: “Morreu baixo o goberno do príncipe León, na extrema senectude, tal como os indicios do seu Prefacio revelan”. Flavio Valerio Leon I, emperador de Oriente dende o ano 457, faleceu o 3 de febreiro do 474. Se o que o hispalense recolle non se trata dunha simple suposición súa, con base ó feito de que a obra de Idacio remata no ano 469, esta data, e a do final da vida deste emperador

márcannos o tempo “post” e “ante quem” para situar o pasamento de Idacio. Debía de contar entón arredor duns 80 de idade.

IV. CHRONICA (379-469)

IDACII GALLAECIAE EPISCOPI CHRONICON¹⁷

Hucusque a sancto Hieronymo, et ipso, sicut in capite istius uoluminis praefatio prima declarat, cognomine Eusebio, historia in aliquantis Hispaniarum prouincii conscripta retinetur: cui si quid postea subdidit, in locis quibus deguit, certo stili studio declaratur. Verum ad haec, ignarus indignissimus omnium seruorum Dei, Ydacijs seruus Iesu Christi Dei et domini nostri, quae secuntur ab anno primo Theodosii Augusti, ut comperi, et descripsi, breui antelatae praefationis indicio. Ydacijs, seruus domini nostri Iesu Christi, universis fidelibus in domino nostro Iesu Christo et seruiantibus ei in ueritate, salutem.

1: Probatissimorum in omnibus uirorum studia, quos praecipue in fide catholica et conuersatione perfec-

¹⁷ Título baixo o que aparece no código *Hn. Matritensis*.

CHRONICA DE IDACIO, BISPO DA GALLAECIA

Ata aquí a a Historia composta por San Hieronymo conservada nunha parte considerable das provincias Hispanas, que coma indica no comezo da mesma, ó principio do Prefacio, levaba tamén o sobrenome de Eusebio⁹⁰: o cal explica o decidido afán que declara por tratar acerca dos lugares nos que viviu. Mais, eu, o ignorante Ydacio, o máis indigno de todos os servidores de Deus, servo do noso Deus e señor Xesús Cristo, continúo referindo os acontecementos que tiveron lugar dende o primeiro ano de Theodosio Augusto⁹¹, antepoñéndolle un breve Prefacio preliminar.

Ydacio, servo do noso señor Xesús Cristo, a todos cantos cren no noso señor Xesús Cristo, e o serven na verdade, saúde.

Praefatio

1⁹²: Os empeños dos homes máis destacados, principalmente daqueles que a fe católica, testemuña

⁹⁰ Chamado, efectivamente, Hieronymo Eusebio de Estridón, este autor foi tradutor da Biblia ó latín, ademais do *Chronikon* de Eusebio de Cesarea (265-339c.), que recollía os feitos dende Abraham ata ó ano 328 dC.

⁹¹ Theodosio, Flavio Theodosio, principiou a reinar o 19-6-379, e morreu o 17-1-395, se ben que xa recibira o título de Augusto* o 10 de xaneiro do 379. Idacio, pois, vai comezar esta "Chronica" nese ano 379, primeiro de Theodosio, e o seguinte a aquel no que a deixara San Xerome.

⁹² Nesta tradución manteremos a numeración dos parágrafos establecida en 1974 por Alain Tranoy, así coma os ordinais latinos para Emperadores, Bispos de Roma, e días do mes.

ta testes ueritatis diuini cultus docet adsertio, ut ornantur decore dictorum, ita et commendantur honore meritorum, ut miram in omni opere suo obtineat ueritas firmitatem. Verum Ydatius, prouinciae Gallaeciae natus in Lemica ciuitate, mage diuino munere quam proprio merito summi praesul creatus officii ut extremus plagae, ita extremus et uitae, perexiguum informatus studio saeculari, multo minus docilis sanctae lectionis uolumine salutari sanctorum et eruditissimorum patrum, in praesenti opere¹⁸ sum pa pro capacitate proprii sensus aut uerbi ostensum ab his secutus exemplar.

2: Quod primum, Eusebius Caesariensis episcopus, qui ecclesiasticas sui numeri libris scripsit historias ab initio Nini regnantis Assyriis et sancti Abrahae patriarchae Hebraeis et, reliquorum contemporales is annos regum in uicesimum Constantini Augusti quo imperabat annum, Graeci sermonis chronografiae concludit historia.

¹⁸ No *Berolinensis*: praesenti opere suo.

coidadosa da divina verdade e do trato perfecto, instrúe, do mesmo xeito que saben ordenar dignamente as palabras, demostran a consideración que os merecementos e a firmeza da verdade aparecen en toda a súa obra. Mais eu, Ydacio, nacido na cidade Lémica, da provincia da Gallaecia⁹³, chamado á función máis elevada polo favor divino, máis que polos meus propios méritos, tan extremo do mundo como extremo da vida⁹⁴, aínda que escasamente formado nos estudos seculares, e moito menos manexador das Sagradas Escrituras, tanto as dos santos coma as dos moi sabios Padres, na presente obra, e na medida da miña propia capacidade de pensamento ou de palabra, sigo o exemplo que nos deixaron.

2: En primeiro lugar, Eusebio bispo de Cesarea, que entre os seus numerosos libros escribiu unhas *Historias Eclesiásticas*, dende Nino, rei dos asirios, e do santo Abraham, patricarca dos hebreos, e que co resto dos tempos dos demais reis concluíu unha historia cronográfica, en idioma grego, no ano vinte de Constantino Augusto⁹⁵.

⁹³ Xa dixemos que a historiografía considera que debe lerse Límica. Mais, aínda aceptando esta opinión, preferimos manter a denominación coa que aparece no manuscrito *Berolinensis*.

⁹⁴ Frase de difícil interpretación. Con base ó afirmado por Isidoro de Sevilla (*De viris Illustribus*, IX), e outros autores, pensouse que Idacio pretendeu indicar que escribiu ó final da súa existencia. Outros comentarios seus, porén, parecen dar a entender que o que podería intentar dicir era que estaba a escribir dende o último lugar no que había vida, é dicir, dende o *Finis Terrae*. Vide § 7 do *Praefatio*, e § 175.

⁹⁵ Este *Chronikon*, tamén traducido por San Xerome, que o continuou ata o 378, remata no ano 325. En canto ás *Ekklesiastikes Istorias* de Eusebio, finalizan no ano 324, ou sexa, un antes do vixésimo de Constantino I, ou sexa, Flavio Valerio Constantino, emperador dende o 25-7-306 ó 22-5-337.

3: Post hunc successor **syngrafus**¹⁹ perfectus uniuersis factorum dictorumque monimentis, Hieronymus presbyter, idem Eusebius cognomento, de Graeco in Latinum scripturae huius interpres a uicesimo anno supradicti imperatoris in quartum decimum Valentis Augusti annum subditam texit historiam. Esto ut, in sanctis quibus deguit Hierosolymorum locis, a memorato Valentis anno in tempus quo in praesenti uita durauit, forte quam plurima de his quae sunt insecuta subiecerit, quia aut²⁰ umquam, dum ualuit, a diuerso stili opere cessauit. Quem, quodam tempore propriae peregrinationis in supradictis regionibus, adhuc infans uidisse me certus sum.

4: Qui, post aliquot annos, beato ut erat mansit in corpore. Si tum proprio operi quod subdidit aliqua subiunxerit, apud eos, ad quos scriptorum eius omne opus uel summa peruenit, certa et plena cognitio est. Sed quoniam in cuiusdam studii sui scriptura dixisse eum constat debacchantibus iam in Romano solo barbaris omnia haberi permixta atque confusa, opinamur ex huius indicio sermonis in hoc per se annorum uolumine subdito, de successione temporum, ab ipso nihil adiectum.

¹⁹ *Bero.*: singrafor.

²⁰ *Bero.*: haud.

3: O seu continuador foi o presbítero Hieronymo, chamado tamén Eusebio, ó que estou certo de ter visto, nun determinado momento, sendo aínda neno, con ocasión da miña viaxe por aquelas rexións⁹⁶, un autor perfecto na redacción dos documentos e dos testemuños dos feitos, tradutor de textos do grego ó latín, que continuou a súa Historia engadíndolle dende o vixésimo ano do indicado emperador ata o décimo cuarto ano de Valente Augusto⁹⁷. E podería ser que nos santos lugares de Hierusalem, onde residiu a partir do mencionado ano de Valente⁹⁸, ata o final da súa vida, gardase datos importantes, xa que tiña aínda boa saúde, e nunca deixou de escribir.

4: Hieronymo conservouse aínda algúns anos, por ser santo de corpo. E se entón lle engadeu algo á súa obra, o seu coñecemento está, sen dúbida, en todos aqueles aos que chegaron os seus escritos, ou a súa parte principal. Mais, dado que nun dos seus escritos afirmou que os bárbaros estaban dedicados a excesos sobre o chan Romano, e que todo fora remexido e sumido na confusión⁹⁹, conxecturamos a partir dos indicios do comentario, que neste tempo non lle engadiu nada ó seu libro.

⁹⁶ San Xerome establecérase en Belén no ano 385, e permaneceu nela ata arredor do 420, data aproximada da súa morte.

⁹⁷ Que se corresponde co 378. Valente, Flavio Valens, reinou do 28-3-364 ó 9-8-378, data na que morreu.

⁹⁸ Non é exacto que o fixese dende o 378, senón que entre o 374 e o 382 residiu en Antioquía e Constantinopla, antes de retornar provisoriamente a Roma.

⁹⁹ Dato que figura no *Praefatio* de Xerome á *Chronica de Eusebio*, que el mesmo desenvolvería de xeito patético no punto 16 da Epístola, 60, *Ad Heliodorum*, do verán do ano 396, e no 15 da Epístola 123, *Ad Geruchiam*, do 409.

5: Tamen, quia ad nostri temporis cursum, et superior lectio docet, descriptio defluxit annorum, cum membrana huius historiae cura²¹ contigisset expertis, mentem monuit inperiti, ut de cognitis, etsi in omnibus inpari gressu, uel uestigiis se subterneret praecessorum. Quae fideli suspiciens cordis intuitu, partim ex studio scriptorum, partim ex certo aliquantum relatu, partim ex cognitione quam iam lacrimabile propriae uitae tempus offendit, quae subsequuntur adiecimus .

6: Quorum continentiam gestorum et temporum qui legis ita discernes: ab anno primo Theodosii Augusti in annum tertium Valentiniani Augusti Placidiae reginae filii, ex supra dicto a nobis conscripta sunt studio uel ex scriptorum stilo uel ex relationibus indicantur.

7: Exim, inmerito adlectus ad episcopatus officium, non ignarus omnium miserabilis temporis aerumnarum et conclusi in angustias imperii Romani, metas subdidimus ruituras: et, quod est luctuosius, intra extremam uniuersi orbis Gallaeciam, deformem ecclesiastici ordinis statum creationibus indiscretis, honestae libertatis interitum et uniuersae propemodum in diuina disciplina reli-

²¹ *Bero.*: curam.

- 5:** Con todo, posto que a descripción do acontecido nestes anos chega ata o noso tempo, como indico no anterior comentario, o feito de que o documento desta Historia estivese a cargo de inexpertos, decidiu a esta, como sabemos, mente ignorante, a se aplicar a continuar os desiguais vestixios que dos seus predecesores se advirten. O cal asúmoo co corazón da fidelidade, e utilizando en parte documentos escritos, en parte algúns testemuños orais, e en parte o que coñezo neste momento, o tempo do fracaso da miña propia e lamentable vida, engándolle o que segue.
- 6:** Para entender os feitos e o tempo, o lector deberá de ter en conta estas indicacións: do primeiro ano de Theodosio Augusto ata o terceiro ano de Valentiniano Augusto, o fillo da raíña Placidia, como antes dixemos, o texto foi redactado por nós a partir de documentos escritos, ou de informes testemuñais¹⁰⁰
- 7:** Promovido despois, inmerecidamente, ó cargo episcopal, sen ignorar todas as miserias deste tempo calamitoso, e a conclusión crítica do Imperio Romano, aplicámonos aos obxectivos que ameazaban ruína, ó que lle engadimos tamén, o que é máis lamentable, neste extremo do universo orbe, na Gallaecia¹⁰¹, a desgrazada situación do clero, a consecuencia de innovacións peregrinas, a morte da honesta liberdade, e o ocaso da divina disciplina de case que toda a relixión, a causa da grande pertur-

¹⁰⁰ Son Flavio Theodosio I (19-6-379 ó 17-1-395), e Placidio Valentiniano III (23-10-425 ó 3-3-455).

¹⁰¹ O que parece referendar a interpretación que indicamos na nota 94.

gionis occasum ex furentium dominantī permixta iniquarum perturbatione nationum haec iam quidem inserta: sed posteris in temporibus quibus offenderint, reliquimus consummanda.

Anos dende Abraham	Olimpiadas, anos dos emperadores e dos bispos, e texto
<u>2395</u>	<p>1: Romanorum XXXVIII, Theodosius per Gratianum in consortium regni adsumptus cum ipso et Valentiniano iuniore. Regnat annis XVII.</p> <p>2: I. Theodosius natione Spanus de prouincia Gallaecia ciuitate Cauca a Gratiano Augustus appellatur.</p> <p>3: Inter Romanos et Gothos, multa certamina conseruntur.</p>
<u>2396</u>	<p>4: II. Theodosius Constantinopolim ingreditur in primo consulatu suo, quem cum Gratiano agebat Augusto.</p> <p>5: Alexandriae XXI, habetur episcopus Theofilus, uir eruditissimus insignis, qui, a primo consulatu Theodosii Augusti, laterculum per centum annos digestum de</p>

bación producida por nacións inícuas. Isto foi xa, sen dúbida, incluído: mais deixamos o completar o que vén despois para aqueles que o atopen¹⁰².

Anos dende Christo	Numeración dos parágrafos. Texto.
379:	<ol style="list-style-type: none">1 Theodosio, o XXXVIII emperador dos romanos, é asociado ó reino por Gratiano, con el mesmo e con Valentiniano o Mozo. Reinou dezasete anos.2. Theodosio, hispano de nación, da provincia da Gallaecia e da cidade de Cauca, é nomeado Augusto* por Gratiano.¹⁰³3. Prodúcense moitos enfrontamentos entre os Romanos e os Godos*¹⁰⁴.
380:	<ol style="list-style-type: none">4. Theodosio entra en Constantinopla no seu Primeiro Consulado, que exerceu con Gratiano Augusto.5. Faise cargo coma XXI bispo de Alexandria, Théophilo, home insigne e moi erudito, que redacta un ordeamento para as observacións pascuais dun século de dura-

¹⁰² Comentario inspirado no final da *Res Gestae* de Ammiano Marcelino (330-400c.), o que fai pensar que este *Praefatio*, ou unha parte do mesmo, debeu de ser redactada ó finalizar a *Chronica*.

¹⁰³ Día 10 de xaneiro do 379. Os *Fastos Idacianos* sitúano no día 21. Flavio Gratiano reinou dende 24-8-367 ó 25-8-383, e asociara a Flavio Valentiniano II o 22-11-375. A Cauca na que naceu Theodosio parece ser a actual Coca, na provincia de Segovia, daquela parte da Gallaecia.

¹⁰⁴ Todos eles no Oriente, entre o ano 378, no que o emperador Valente morreu, vencido por eles en Adrianopolis, e o 382.

paschae obseruatione conscribit.
OLYMPI. CCLXXXX

2397 6: III. Athanaricus, rex Gothorum, apud Constantinopolim XV die, ex quo a Theodosio fuerat susceptus, interiit.

2398 7: IIII. Gothi infida Romanis pace se tradunt.
8: Ambrosius in Italia Mediolani episcopus, Martinus in Gallis Turonis episcopus et uitae meritis et patratis miraculis uirtutum habentur insignes.

2399 9: V. Theodosius, Arcadium filium suum Augustum appellans, regni facit sibi esse consortem.

2400 10: VI. Honorius nascitur filius Theodosii.
11: Legati Persarum ad Theodosium Constantinopolim ueniunt.
OLYMPI. CCLXXXXI

2401 12: VII.

2402 13^a: VIII. Creothingorum gens a Theodosio superatur.
13^b: Priscillianus, declinans in haeresem gnosticorum, per episcopos quos sibi in eadem prauitate collegerat, Auila episcopus ordinatur: qui aliquot episcoporum conciliis

ción, a partir do primeiro Consulado de Theodosio Augusto¹⁰⁵.

- 381:** 6. Athanarico, rei dos Godos, morre en Constantinopla quince días despois de ser recibido por Theodosio.
- 382:** 7. Os Godos traizoan aos Romanos cunha paz enganosa.
8. Ambrosio, bispo de Mediolanum, en Italia, e Martiño, bispo de Turones, nas Gallias, están a se distinguir polos méritos da súa vida, e pola virtude das milagres que realizan¹⁰⁶.
- 383:** 9. Theodosio nomea Augusto * ó seu fillo Arcadio, e asócia consigo ó poder.
- 384:** 10. Nace Honorio, fillo de Theodosio¹⁰⁷.
11. Chegan a Constantinopla, ante Theodosio, legados dos Persas.
- 386:** 13^a. O pobo dos Greothingos é vencido por Théodosio¹⁰⁸.
13^b. Prisciliano*, que caíra na herexía dos gnósticos*, é ordenado bispo de Avila por uns prelados que se axuntaran á súa

¹⁰⁵ Na realidade Théoplilo acadou a cátedra no ano 385 e foi o XXIII bispo de Alexandría. O primeiro consulado de Flavio Theodosio si foi no ano 380.

¹⁰⁶ Respectivamente, San Ambrosio de Milán (339-397) e San Martiño de Tours (316-397).

¹⁰⁷ O feito produciuse en Constantinopla o 9 de setembro do ano 384.

¹⁰⁸ Máis tarde, os Ostrogodos, denominación pola que pasaron á historia.

auditus Italiam petit et Romam, ubi ne ad conspectum quidem sanctorum episcoporum Damasi et Ambrosii receptus cum his, cum quibus iuerat, redit ad Gallias. Inibi, similiter a sancto Martino episcopo et ab aliis episcopis haereticus iudicatus, appellat ad Caesarem, quia in Gallis hisdem diebus potestatem tyrannus Maximus obtinebat imperii.

- 2403** **14:** VIII. Arcadii quinquennalia celebrantur.
15: Romanae ecclesiae XXXVI habetur episcopus Siricius.
16: Priscillianus, propter supra dictam haerese[m], ab episcopatu depulsus, et cum ipso Latronianus laicus aliquantique sectatores sui apud Treuerim sub tyranno Maximo caeduntur. Exim, in Gallaeciam Priscillianistarum **haeresis inuasit**²².

²² *Bero.*: inexistente. Suplido por Mommsen.

depravación. O cal, despois ser escoitado nos Concilios dalgúns bispos, intenta chegar a Italia e a Roma, onde non foi recibido polos santos bispos Dámaso¹⁰⁹ e Ambrosio, polo que retornou ás Gallias cos mesmos cos que fora. Neste lugar, ó ser declarado tamén herético polo santo bispo Martiño, e por outros prelados, apelou ó César*, o tirano Máximo, que naqueles días tiña a potestade do poder nas Gallias.

- 387:**
14. Celébrase o quinquenario de Arcadio.
 15. Siricio é nomeado XXXVI bispo da igrexa de Roma¹¹⁰.
 16. A causa da anteriormente indicada herexía, Prisciliano é apartado do episcopado, e xunto con Latroniano, un laico, e algúns dos seus partidarios, decapitado en Tréveris baixo o tirano Maximo¹¹¹. A partir deste momento a **herexía** dos priscilianistas **invade** a Gallaecia.

¹⁰⁹ O Papa Dámaso morreu en decembro do ano 384. A viaxe de Prisciliano a Roma, tivo que ser anterior.

¹¹⁰ En realidade érao xa dende o mes de Nadal do 384. Morreu o 26 de novembro do 399. Debemos de indicar que, naquel momento, todos os bispos recibían a denominación de “Papa”, que Idacio non utiliza nunca. Que os de Roma ostentasen a primacía principiárase a defender en tempos de Anastasio I (399-401), e aceptouse con León I (440-461), se ben que a exclusividade do título de “Papa” non aparecería ata Gregorio VII (1073-1085).

¹¹¹ Tréveris é a actual Trier, no oeste de Alemaña. A data da execución é un tanto insegura. Posiblemente foi un ano antes do recollido por Idacio.

- 2404** 17: X. Maximus tyrannus occiditur per Theodosium, tertio lapide ab Aquileia V kal. Augustas: et eodem tempore uel ipso anno in Gallis per Aruagastem comitem filius Maximi nomine Victor extinctus est.
- 18: Cynegius Theodosii praefectus habetur inlustris, qui factis insignibus praeditus et usque ad Aegyptum penetrans gentium simulacra subuertit.
OLYMPI. CCLXXXII
- 2405** 19: XI. Theodosius, cum Honorio filio suo, Romam ingressus est.
- 2406** 20: XII.
- 2407** 21: XIII.
- 2408** 22: XIII. Valentinianus iunior apud Viennam scelere comitis Aruagasti occiditur et Eugenius tyrannus efficitur.
OLYMPI. CCLXXXIII
- 2409** 23: XV.
- 2410** 24: XVI. Eugenius a Theodosio Augusto superatus occiditur.
- 2411** 25: XVII. Theodosius ualitudine hydropis apud Mediolanium defunctus est anno regni sui

- 388:** 17. O tirano Maximo é exterminado por Theodosio a tres millas de Aquileia o V das calendas de agosto¹¹²; e, no mesmo tempo, ou no mesmo ano, nas Gallias un fillo de Máximo chamado Vítor, é eliminado por Arbogastes.
18. É considerado ilustre Cynegio, prefecto de Theodosio, que logo dos insignes feitos que acabamos de referir, penetra no Exipto sen se deter, e arrasa as estatuas dos xentís¹¹³.
- 389:** 19. Théodosio entra en Roma co seu fillo Honorio.
- 392:** 22. Valentiniano o Mozo é asasinado preto de Vienna¹¹⁴ polo conde Arbogastes, e Eugenio convértese en tirano.
- 394:** 24. Eugenio, é vencido e exterminado por Theodosio Augusto¹¹⁵.
- 395:** 25. Theodosio, enfermo de hidropesía, morre preto de Mediolanum no ano dezasete do seu reinado¹¹⁶.

¹¹² O 28 de xullo, aínda que, para outros autores o feito aconteceu o 27 ou o 28 de agosto. O hispano Magno Maximo foi emperador no período 383-388. Aquileia atópase no nordeste de Italia, próxima á costa.

¹¹³ É dicir, que aplicou drasticamente a lexislación antipagá de Theodosio dos anos 381 e 385. Entre os templos por el devastados cabe incluír o célebre Serapeum de Alexandria.

¹¹⁴ O 15 de maio do 392. Vienna é a actual Vienne, ó sur de Lyon, en Francia.

¹¹⁵ Batalla do río Frigidus, hoxe Upava, o 5 e o 6 de setembro do 394. Eugenio non morreu nela, senón en Milán, pouco despois.

25^a: Aromatus sancti ecclesiae Laurentii sepultus est ²³

26: Et iste annus, qui Theodosii XVII, ipse Arcadii et Honorii initio regni eorum primus est: quod ideo indicatur, ne olympiadem quinque annorum turbet adiectio in hoc loco tantum propter regnantum inserta principium.

27: Romanorum XL, Archadius et Honorius, Theodosii filii, defuncto patre, regnat annis XXX.

2412 **28:** II.
OLYMPI. CCLXXXIII

2413 **29:** III.

2414 **30:** IIII.

2415 **31:** V.

2416 **32:** VI. In provincia Carthaginiensis, in ciuitati **Toleto**²⁴, synodus episcoporum contrahitur, in quo quod gestis continetur, Symphosius et Dictinius et alii cum his Gallaeiae prouinciae, episcopi Priscilliani sectatores, haerese[m] eius blasphemissimam cum adsertore eodem professionis suae subscriptione condemnant. Statuuntur quaedam etiam obseruanda de ecclesiae disciplina communicante, in eodem concilio, Ortigio episcopo, qui Celenis fuerat ordinatus, sed agentibus

²³ Parágrafo tomado do *Epítome de Fredegario* ou *Códice Parisiensis*.

²⁴ *Bero.*: omitida a sílaba To.

- 25^a.** Embalsamado, foi sepultado na igrexa de San Laurencio¹¹⁷.
- 26.** Este ano, o dezasete de Theodosio, é o primeiro do comezo do reinado de Arcadio e de Honorio. O que indicamos para que, a suma dos cinco anos neste momento non altere a Olimpíada, facéndoo constar para incluír os príncipes reinantes.
- 27.** Os XL emperadores dos Romanos, Arcadio e Honorio, fillos de Theodosio, o seu difunto pai, reinan trinta anos¹¹⁸.
- 400:** **32.** Na provincia Carthaginiense, na cidade de Toletum, axúntase un Sínodo dos Bispos; no que, como aparece nas Actas, Symphosio e Dictinio, con outros prelados da provincia da Gallaecia, partidarios de Prisciliano, condenan a blasfemísima herexía deste co propio testemuño da súa declaración. Ademais, foron establecidas, de común acordo, observacións sobre a disciplina eclesiástica. No mesmo concilio estaba Ortygio, que fora ordeado bispo en Celenis, mais os eficaces partidarios pris-

¹¹⁶ O día 17 de xaneiro do 395, data que a historiografía consagrou como a da división do Imperio entre os seus dous fillos, Arcadio no Oriente e Honorio en Occidente; fisura esta que apenas se advirte en Idacio.

¹¹⁷ O Conde Marcellino, cara ó 550, afirma que o foi na Igrexa dos Apóstolos, en Constantinopla.

¹¹⁸ Honorio reinou trinta anos escasos despois da morte de Theodosio. Arcadio nada máis que sobreviviu a este trece anos.

Priscillianistis pro fide catholica pulsus
factionibus exulabat.

OLYMPI. CCLXXXV

2417 33: VII.

2418 34: VIII. Solis facta defectio III idus Nouem-
bris.

35^a: Romanae ecclesiae XXXVII, habetur epis-
copus Innocentius.

35b: Theodosius Arcadii filius nascitur.

2419 36: VIII.

2420 37: X Constantinopoli²⁵ Iohannes episcopus
praedicatur insignis, **cognomento os
aureum**²⁶, qui ob fidem catholicam Eudo-
xiam Arcadii uxorem infestissimam pati-
tur Arrianam.

OLYMPI. CCLXXXVI

2421 37^a: XI. **Beatissimi Martini uitam et mira-
bilia quae fecit Seuerus uir summus
discipulus ipsius, qui et chronica alia
quam haec sunt ab initio genesis
usque ad sectam Priscillianistarum
perniciosissimam conscripsit, exe-
quitur**²⁷.

²⁵ *Bero.*: en todo o documento: Constantinopolim.

²⁶ Tan só nos códigos hispánicos.

²⁷ Tan só nos códigos hispánicos.

cilianistas enviárano ó desterro a causa da súa fe católica¹¹⁹

- 402:** 34. O sol desaparece o 3 dos idus de novembro¹²⁰.
- 35^a. É consagrado XXXVII bispo da igrexa de Roma Inocentio¹²¹.
- 35b. Nace Theodosio, fillo de Arcadio¹²².
- 404:** 37. É considerado ilustre Iohannes, bispo de Contantinopla, chamado Boca de Ouro, que, pola súa fe católica, foi vítima da enemizade de Eudoxia, a esposa de Arcadio, unha Arriana*.
- 405:** 37^a. Severo, varón eminente, discípulo do beatísimo Martino, que fixo a *Vida e Milagres* deste, e compuxo outra *Chronica* distinta, dende o inicio da creación ata a perniciosísima secta dos priscilianistas*, recibe honras fúnebres¹²³.

¹¹⁹ O Concilio comezou o 9 de setembro. Symphosio detentaba naquel momento a cátedra de Astúrica, e o seu fillo Dictinio parece que era nada máis que sacerdote naquel momento, aínda que o sucedeu máis tarde. Ningún dos dous aparece coma firmantes da acta do Concilio, aínda que si interviron, xunto con outros, nas declaracións das que fala Idacio, catro días antes (José Vives, páxs. 19-33). Celenis era, posiblemente, a actual Caldas de Reis.

¹²⁰ Día 11 de novembro.

¹²¹ Inocencio I, pontífice do 27-12-402 ó 12-3-417.

¹²² Na realidade, naceu en marzo do 401, mais foi declarado Augusto ós 9 meses, en xaneiro do 402.

¹²³ Refírese a Sulpicio Severo, nado no 360, que se considera que morreu algo máis tarde do momento no que indica. As obras que Idacio refire, *Vita Sancti Martini* e *Chronica*, dátanse de arredor do ano 400.

- 2422** 38: XII. Hierosolymis Iohannes, Caesarea Eulogius, Cypro Epifanius, Alexandria Theofilus qui supra episcopi habentur insignes.
- 39: Hieronymus in presbyterio praeditus in Bethleem Iudae uicinia consistens praecipuus habetur in cunctis.
- 2423** 40: XIII. Post supra scriptos sane Arrianos qui Hierosolymis ante Iohannem episcopi fuerint, Ydatius qui haec scribit scire non potuit. Hunc uero sanctum cum sanctis Eulogio, Theofilo et Hieronymo uidit et infantulus et pupillus.
- 2424** 41: XIII.
OLYMPI. CCLXXXVII
- 2425** 42: XV. Alani et Vandali et Sueui Hispanias ingressi, aera CCCCLVII. Alii III kal. alii III idus Octobris memorant die, tertia feria, Honorio VIII et Theodosio Arcadii filio III consulibus.
- 2426** 43: XVI. Alaricus rex Gothorum Romam ingressus: cum intra et extra urbem caedes agerentur, omnibus indultum est, qui

- 406:** 38. Sobresaen os bispos, Iohannes de Hierusalem, Eulogio de Cesarea, Epifanio de Cypro¹²⁴, e Theófilo de Alexandría, citados máis arriba.
39. Hieronymo, que reside no presbiterio que ten en Bethleem de Iudea, é considerado como o primeiro en todo.
- 407:** 40. Despois dos bispos Arrianos arriba indicados, Ydacio, que escribiu isto, non puido saber os que houbo en Hierusalem antes de Iohannes. Mais, sendo moi neno, e pupilo, vin a este verdadeiro santo, o mesmo que ós santos Eulogio, Theófilo e Hieronymo¹²⁵.
- 409:** 42. Os Alanos*, os Vándalos* e os Suevos* penetraron nas Hispanias no ano 447 da Era. Para uns a data sería a do IIII das calendas, para outros o día III dos idus de outubro, terza feira, no oitavo Consulado de Honorio, e o terceiro de Theodosio, fillo de Arcadio ¹²⁶.
- 410:** 43. Alarico, rei dos Godos, entra en Roma, e unha vez que se cometeron as matanzas tanto no interior coma no exterior da

¹²⁴ Chipre, onde xa dixemos que tiña a súa Sé en Constancia, hoxe Salamina

¹²⁵ Feito xa comentado ó nos ocupar da biografía de Idacio.

¹²⁶ As datas que o Lémico indica son, respectivamente, o 28 de setembro, martes, e o 13 de outubro, mércores.

ad sanctorum limina confugerunt.

44: Placidia Theodosii filia, Honorii imperatoris soror a Gothis in urbe capta.

45: Alaricus moritur, cui Ataulfus succedit in regno.

46: Barbari, qui in Hispanias ingressi fuerant, caede depraedantur hostili.

47: Pestilentia suas partes non segnius operatur.

48: Debacchantibus per Hispanias barbaris et saeuiente nihilominus pestilentiae malo, opes et conditam in urbibus substantiam tyrannicus exactor diripit et miles²⁸ exhaurit. Fames dira grassatur, adeo ut humanae carnes ab humano genere ui famis fuerint deuoratae: matres quoque necatis uel coctis per se natorum suorum sint pastae corporibus. Bestiae, occisorum

²⁸ *Bero.*: milites, *os soldados*. Mommsen propuxo miles: *o soldado*, recorrendo ó singular poético.

cidade, indulta a todos cantos se acolleron ós lugares santos¹²⁷.

44. Placidia, filla de Theodosio e irmá do emperador Honorio, é capturada polos godos na cidade.
45. Morre Alarico¹²⁸, ó que sucede no reino Ataúlfo.
46. Os bárbaros que entraran nas Hispanias saquean e exterminan como enemigos.
47. Pola súa banda, a peste non se fai notar menos.
48. Mentres que as Hispanias son sometidas ós excesos dos bárbaros, e que o mal da pestilencia non produce menos dor, as riquezas e os bens almacenados nas cidades son saqueados polo tiránico recadador de impostos, e esgotados polo soldado. A fame ábrese camiño de xeito que os humanos devoran carne humana forzados pola escaseza: e ata as propias nais se alimentan dos corpos dos fillos que elas mesmas mataron ou coceron¹²⁹. As bestas, afeitadas

¹²⁷ O saqueo durou do 24 ó 29 de agosto. Alarico, respectou, pois, o dereito de asilo.

¹²⁸ Nado no delta do Danubio arredor do ano 370, Alarico (396-410) morreu repentinamente preto de Cosenza, no extremo meridional de Italia, cando se dispuña a pasar a África.

¹²⁹ Cara ó ano 425, Olympiodoro de Tebas menciona un caso coma este que, polo que se ve, Idacio parece xeralizar. Tamén indica este que os problemas non foron só consecuencia da chegada dos bárbaros. É posible tamén que, coa intervención na península do usurpador Constantino III (407-411), e o baleiro de poder que entón debeu de se producir, as tropas non cobrasen. Mais existe unha menos crúa visión destes feitos recollida por outros autores coevos como Paulo Orosio, Consentio, e Salviano de Marsella.

gladio fame pestilentia cadaueribus
adsuetae, quosque hominum fortiores
interimunt eorumque carnibus pastae
passim in humani generis efferantur inte-
ritum. Et ita, quattuor plagis ferri famis
pestilentiae bestiarum ubique in toto orbe
saeuientibus, praedictae a domino per
prophetas suos adnuntiationes implentur.

2427 49: XVII. **Aera CCCCLVII**²⁹, subuersis
memorata plagarum grassatione Hispa-
niae prouinciis, barbari, ad pacem ineun-
dam domino miserante conuersi, sorte ad
inhabitandum sibi prouinciarum diuidunt
regiones. Gall^aeciam Vandali occupant et
Sueui sita³⁰ in extremitate oceani maris
occidua; Alani Lusitaniam et Carthagi-
niensem prouincias et Vandali, cognomine
Silingi, Baeticam sortiuntur. **H**ispani per
ciuitates et castella residui a plagis barba-

²⁹ Tan só nos códices hispánicos.

³⁰ *Bero.*: sitam.

indistintamente ós cadáveres dos exterminados pola espada, a fame ou a peste, matan mesmo á xente máis forte, e alimentadas polas súas carnes, adícanse por todas as partes ó aniquilamento do xénero humano. É así que, polas catro pragas, o ferro, a fame, a peste e as bestas¹³⁰, súfrese en todo o mundo, cumpríndose o que anunciara o Señor por medio dos seus profetas.

411: 49. No ano 457 da Era¹³¹, cando as provincias da Hispania estaban arrasadas por estas calamidades, os bárbaros, convertidos pola misericordia do Señor á idea de procurar a paz *ad inhabitandum*¹³², dividen entre eles por sorteo os distritos das provincias. Os Vándalos ocupan a Gallaecia, e os Suevos a parte do extremo occidental do mar Océano. Os Alanos repártense a Lusitania e a Carthaginiense, e os Vándalos, apodados Silingos, a Bética. Os hispanos das cidades e dos lugares fortificados que

¹³⁰ Pragmas tomadas de Xeremías, XVI, 4 e Ezequiel, XIV, 21.

¹³¹ Debería dicir ano 449 da Era. O 457, corresponderíase co 419 do noso calendario. A *Chronica Gallica*, redactada cara ó 453, sitúa o reparto un ano despois, no 412.

¹³² *ad inhabitandum*, para habitala, discutida fórmula xurídica, quizais relacionada cos principios da “hospitalitas” romá, que tamén utiliza Próspero Tirón, arredor do ano 455, para explicar o xeito coma, no ano 418, se posesionaron os Godos da Aquitania. Isidoro (*Historia Suevorum*, 73), utiliza a mesma fórmula que Idacio. M. Torres López, (1976, p. 145), considera que o reparto consistiu nunha división de terras, e que non foi concertado con Roma, senón imposto a esta polos xermanos.

rorum per prouincias dominantium se subiciunt seruituti .

50: Constantinus, post triennium inuasae tyrannidis, ab Honorii duce Constantio intra Gallias occiditur.

2428 51: XVIII. Iouinus et Sebastianus fratres intra Galliam et in Africa Heraclianus pari tyrannidis inflantur insania.

52: Romanae ecclesiae XXXVIII praesidet episcopus Bonifatius.

53: Augustinus Hipponeregiensis episcopus habetur insignis, inter cuius studia magna Donatistas ab eo dei adiutorio superatos probata fides demonstrat actorum.

OLYMPI. CCLXXXVIII

sobreviviran ós males dos bárbaros, somé-
tense nas provincias* á servidume dos
dominadores¹³³.

50. Despois de tres anos de usurpación tirá-
nica, Constantino¹³⁴ é eliminado nas
Gallias por Constantio, xeneral de Hono-
rio.

412: **51.** Os irmáns Iovino e Sebastiano, na Gallia,
e en África Heracliano, éñchense da
mesma insania da tiranía.

52. Bonifacio preside a igrexa de Roma como
XXXVIII bispo¹³⁵.

53. É considerado insigne, Augustino¹³⁶, bispo
de Hippona Regia, entre cuxos magníficos
traballos os seus informes aprobados e a
súa boa fe, amosan ós Donatistas* venci-
dos por el coa axuda de Deus.

¹³³ Advértase coma a Tarraconense, as Baleares e a Tingitana, o resto das provincias da Dióc-dese* das Hispanias, non entraron no reparto. Segundo Paulo Orosio, a *Notitia Dignitatum*, de principios do século V, e outros textos próximos a estes no tempo, a Gallaecia acadaba entón, polo leste as inmediacións de Numancia, na actual provincia de Soria, e polo sur o río Douro, aínda que, na Meseta, rebasábao nalgúns puntos. Os Suevos, segundo se pode seguir a través da toponimia, a antroponimia e os achados numismáticos, ocuparon o seu extremo occidental, mentres que e os Vándalos deberon de quedarse co resto da provincia.

¹³⁴ Trátase de Flavio Claudio Constantino III (407-411), aclamado emperador polas tropas acantonadas na Britannia. Gobernou nesta, nas Gallias e nas Hispanias. Foi executado en Arelate, hoxe Arles, no curso inferior do Ródano, o 18 de setembro.

¹³⁵ Pequeno erro cronolóxico. Nesta data o bispo de Roma era Innocentio I (402-417). Bonifacio I non ocupou esta Sé ata o 28 de febreiro do 418.

¹³⁶ San Agostiño foi bispo de Hippona, en África, dende o ano 395, e un dos autores máis fecundos da Igrexa.

- 2429 54:** XVIII. Iouinus et Sebastianus oppressi ab Honorii ducibus Narbona interfecti sunt.
- 55:** Gothi Narbonam ingressi uindemiae tempore.
- 56:** Heraclianus mouens exercitum de Africa aduersus Honorium Vtriculo in Italia in conflictu superatus effugit ad Africam, caesis in loco supradicto L milibus armorum. Ipse post Carthagine³¹ in aede Memoriae per Honorium percussoribus missis occiditur.
- 2430 57:** XX. Ataulfus apud Narbonam Placidiam duxit uxorem: in quo profetia Danihelis putatur inpleta, ut ait filiam regis austri sociandam regi aquilonis, nullo tamen eius ex ea semine subsistente .
- 2431 58:** XXI. Hierosolymis Iohanne, **de**³² quo supra, episcopo praesidente sanctus et primus post Christum dominum martyr Stefanus reuelatur.
- 59:** Hieronymus, qui supra, praecipuus in omnibus, elementorum quoque peritissimus Hebraeorum, in lege domini quod

³¹ *Bero.*: Carthaginem.

³² *Bero.*: inexistente. Suplido por Momsen.

- 413:** 54. Iovino e Sebastiano, apreixados polos xenerais de Honorio, son exterminados en Narbona.
55. Os Godos entran en Narbona no tempo da vendima
56. Heracliano move o exército de África contra Honorio. Vencido en Utriculo¹³⁷, Italia, en cuxo lugar morreron cincuenta mil soldados, fuxiu a África. Mais tarde foi decapitado no templo da Memoria, en Carthago, por sicarios enviados por Honorio.
- 414:** 57. Ataúlfo toma a Placidia por esposa en Narbona. Deste xeito cumpriuse a profecía de Daniel que di: “a filla do rei do Austro uniase co rei do Aquilón, sen que se manteña a semente de ningunha destas liñaxes”¹³⁸.
- 415:** 58. Baixo a presidencia de Iohannes, bispo de Hierusalem, do que xa falamos máis arriba, foi revelado Stefano, santo e primeiro mártir despois de Cristo señor¹³⁹.
59. Hieronymo, do que dixeran antes que era o primeiro en todo, moi coñecedor tamén das letras dos hebreos, habituado a medi-

¹³⁷ Hoxe Otricoli, nas aforas de Roma.

¹³⁸ Interpretación, máis que tradución de Daniel XI, 6: “Filiaque regis Austri veniet ad regem Aquilonis facere amicitiam; et non obtinebit fortitudinem brachii, nec stabit semen eius”. “E a filla do rei do Mediodía virá ó rei do Norte a facer amizade; mais non conservara a forza do seu brazo nin subsistirá a súa descendencia”.

¹³⁹ Trátase de San Estevo, apedreado en Xerusalén arredor do ano 36. O descubrimento foi efectuado por un presbítero chamado Luciano, o venres 3 de decembro dese mesmo ano.

scriptum est, diurna nocturnaue meditatione continuus, studia operis sui reliquit innumera. Ad ultimum Pelagiani sectam cum eodem auctore adamantino (a) ueritatis malleo contriuit: aduersum hos, et aduersum alios haereticos extant eius probatissima monumenta.

- 2432 60:** XXII. Ataulfus, a patricio Constantio pulsatus, ut relicta Narbona Hispanias peteret, per quendam Gothum apud Barcilonam inter familiares fabulas iugulatur. Cui succedens Vallia in regno cum patricio Constantio pace mox facta Alanis et Vandalis Silingis in Lusitania³³ et Baetica sedentibus aduersatur.
- 61:** Alexandrinae ecclesiae post Theofilum qui praesederit ignorauit hanc scribens.
- 62:** Constantius Placidiam accepit uxorem.
- 62^a:** **Fredbalum regem gentis Vandalorum sine ullo certamine ingeniose captum ad imperatorem Honorium destinat³⁴.**

³³ *Bero.*: Ataulfus, Narrabona, pacem e Lusitaniae, respectivamente.

³⁴ Tan só no Epítome de Fredegario.

tar de continuo noite e día, e cuxa obra está na lei do señor, deixou un grande número de traballos. Por último, co aceirado mazo da verdade, esmagou ó mesmo autor da secta dos pelaxianos*. Contra estes e contra outros heréticos amosou a súa estimadísima testemuña.

- 416:** **60.** Rexeitado polo patricio* Constantio, Ataúlfo ten que deixar Narbona para atacar as Hispanias, sendo degolado en Barcelona por un Godo, por cuestións familiares¹⁴⁰. Sucedeuno no reino, Vallia, o cal, unha vez feita rapidamente a paz co patricio Constantio, dispónse contra os Alanos e os Vándalos Silingos, asentados na Lusitania e na Bética.
- 61.** Quen isto escribe ignora quen foi o sucesor de Theófilo, que presidía a igrexa de Alexandría¹⁴¹.
- 62.** Constantio recibe como esposa a Placidia¹⁴².
- 62^a.** Envía ao emperador Honorio a Fredbalo, rei dos Vándalos, capturado de xeito enxebroso¹⁴³ sen combate.

¹⁴⁰ O feito debeu de acontecer no mes de agosto, mais no ano anterior. O *Chronicón Pascalis* refire que, ó ser sabido en Constantinopla, o 24 de setembro do 415, foi celebrado con festas e luminarias.

¹⁴¹ Foi Cyrillo, máis tarde santo, que morrería no ano 444.

¹⁴² Parece ser que nada máis que se trataba do compromiso matrimonial entre ambos os dous. A voda celebrouse ó ano seguinte. Gala Placidia (388-450), irmá do emperador Honorio e viúva do visigodo Ataúlfo, recibiu entón o título de Augusta.

¹⁴³ Rei dos Vándalos Silingos, posiblemente capturado polo visigodo Vallia.

62b: Idacii ad Deum conuersio peccatoris³⁵.

OLYMPI. CCLXXXVIII

2433 63: XXIII. Vallia, rex Gothorum, Romani nominis causa, intra Hispanias caedes magnas efficit barbarorum.

2434 64: XXIII. Solis facta defectio die XIII kal. Aug., qui fuit quinta feria.

65: Romanae ecclesiae post Theofilum XXXVIII praesidet episcopus Eulalius.

66:

67: Vandali Silingi in Baetica per Valliam regem omnes extincti.

68: Alani, qui Vandalis et Sueuis potentabantur, adeo caesi sunt a Gothis, ut extincto Addace rege ipsorum pauci, qui superfuerant, abolito regni nomine Gunderici regis Vandalorum, qui in Gallaecia³⁶ resederat, se patrocínio subiugarent.

³⁵ Tan só no códice *Matritensis* da Universidade Complutense.

³⁶ *Bero.*: Gallicia.

62b. Conversión a Deus do peccador Ydacio¹⁴⁴.

- 417:** **63.** Vallia, rei dos Godos, fai enormes matanzas de bárbaros no interior das Hispanias, por causa do nome Romano¹⁴⁵.
- 418:** **64.** O sol ocúltase o día XIII das calendas de Agosto, que foi quinta feira¹⁴⁶.
- 65.** Despois de Theofilo¹⁴⁷, Eulalio é o XXXVIII bispo que preside a igrexa de Roma.
- 67.** Todos os Vándalos Silingos son eliminados polo rei Vallia na Bética.
- 68.** Os Alanos, que exercían o seu poder sobre os Vándalos e os Suevos, son abatidos polos Godos, ata o punto de que, morto o seu rei Addax, os sobreviventes, abolido o seu reino, sométense ó patrocínio do rei dos Vándalos, Gunderico, que residía na Gallaecia¹⁴⁸.

¹⁴⁴ Dato tomado do *Chronicón pequeno de Idacio*, que se interpreta como o inicio da súa profisión relixiosa.

¹⁴⁵ É dicir, “no nome de Roma”.

¹⁴⁶ 19 de xullo, data na que efectivamente houbo un Eclipse de sol. Mais non foi xoves, senón venres. Xoves foi o 19 de xullo do ano anterior.

¹⁴⁷ Theófilo non foi bispo de Roma, senón de Alexandría. E Eulalio sería nada máis que de xeito breve e irregular, á morte, o 26 de decembre do 418, de Zósimo, elixido o18-3-418.

¹⁴⁸ Do que parece resultar que os Alanos debían de ser os máis fortes, ou tal vez, os máis numerosos. Quizais por iso ocuparan dúas provincias. Respecto ó aniquilamento tanto destes coma dos Vándalos Silingos, por parte de Vallia, débese de tratar dunha desmesura ou hipérbole por parte do historiador.

69: Gothi, intermisso certamine quod agebant per Constantium ad Gallias reuocati, sedes in Aquitanica³⁷ a Tolosa usque ad Oceanum acceperunt.

70: Vallia eorum rege defuncto Theodoricus succedit in regno.

2435 71: XXV. Inter Gundericum Vandalorum et Hermericum Sueuorum reges, certamine orto Sueui in Nerbasis³⁸ montibus obsidentur a Vandalis.

71^a: Durante episcopo quo supra, grauissimo terrae motu sancta in Hierosolymis loca quassantur et cetera, de quibus ita gestis eiusdem episcopi scripta declarant.

³⁷ *Bero.*: Aquatunica.

³⁸ *Bero.*: Erbasis, mais corrixido pola mesma man por Nerbasis.

- 69.** Os Godos, detida por Constantio a loita na que estaban empeñados, son chamados ás Gallias, e recibiron asento na Aquitánica, dende Tolosa ata o Océano¹⁴⁹.
- 70.** Morto o seu rei Vallia sucédelle no reino Theodorico.

- 419:** **71.** Entre Gunderico e Hermerico¹⁵⁰, reis dos Vándalos e dos Suevos, xorde unha contenda, e os Suevos son asediados polos Vándalos nos montes Nerbasios¹⁵¹.
- 71^a.** Durante o episcopado arriba mencionado, os lugares Santos de Hierusalem, e outros, foron sacudidos por un gravísimo movemento de terra, feitos recollidos por escrito por este mesmo bispo¹⁵².

¹⁴⁹ Quizais porque aquel temese que poidesen ser vencidos por unha coalición de Suevos e Vándalos, perdendo así as tropas Godas que Roma necesitaba. Tamén podería ser, tal como indica Idacio en §60, que Constantio tan só enviara a Vallia contra Alanos e Vándalos Silingos, e que, vencidos estes, xa non lle interesase continuar a matanza.

¹⁵⁰ Gunderico (406-428), rei dos Vándalos Asdingos, sucedera ó seu pai, Godigiselo, ó morrer este nos combates por pasar o Rin, a finais do ano 406, e gobernaba na parte oriental da Gallaecia. Respecto a Hermerico contamos coa indicación de Isidoro (*Historia suevorum*, 65), de que reinara “nas Spanias” durante 32 anos. Se lle restamos esta cifra ó 438, no que abdicou, viría a resultar que era rei no ano 406, cando os Suevos iniciaron a súa pasmosa migración dende Austria e Chequia. Agora ben, se lla deducimos ó 441, data na que Hermerico morreu, o reinado que “nas Spanias” lle asigna o hispanense, tería comezado no ano 409, que foi cando os Suevos, os Vándalos e os Alanos pasaron os Pirineos.

¹⁵¹ No ano 453, a *Chronica Gallina*, 49, indica que os Vándalos pretendían apoderarse das terras dos Suevos.

¹⁵² Iohannes de Xerusalén, ó que aquí alude, xa morrera, e tamén o seu sucesor Praylio. Neste momento era Iuvenal que detentaba a cátedra.

- 72:** Valentinianus Constantii et Placidiae filius nascitur.
- 73:** In Gallicana regione, in ciuitate Biterris, multa signa effecta terrifica Paulini episcopi eiusdem ciuitatis epistola enarrat ubique directa.
- 2436** **74:** XXVI. Vandali, Sueuorum obsidione dimissa instante Asterio Hispaniarum comite, et sub uicario Maurocello aliquantis Bracara in exitu suo occisis, relicta Gallaecia ad Baeticam transierunt.
- 75:** Honorius apud Rauennam Constantium consortem sibi facit in regno, in suo tertio consulatu.
OLYMPI. CCC
- 2437** **76:** XXVII. Constantius imperator Rauenna moritur.

72. Nace Valentiniano, fillo de Constantio e de Placidia.

73. Na rexión gálica, na cidade de Biterro¹⁵³, Paulino, bispo da mesma, detalla directamente, nunha epístola, os moitos e terribles sinais que se produciran.

420: **74.** Os Vándalos abandonan o asedio dos Suevos, ameazados pola presenza de Asterio, conde* das Hispanias, perecendo bastantes en Bracara, baixo o vicario* Maurocello, no decurso da súa saída, polo que, deixando a Gallaecia marcharon para a Bética¹⁵⁴.

75. En Ravenna, e no seu terceiro consulado, Honorio, asocia con el no goberno a Constantio¹⁵⁵.

421: **76.** O Emperador Constantio morre en Ravenna¹⁵⁶.

¹⁵³ Hoxe Béziers, preto de Narbona.

¹⁵⁴ Axuda romana ós Suevos que nada máis que se pode entender no marco xa dun pacto entre ambos pobos, como o que Paulo Orosio insinúa para o ano 417 (*Historiarum adversum paganos*, VII, 43.14-16). O ataque Vándalo, violaba calquera sorte de “status” que entón poidese existir. O feito de que estes invadisen o territorio Suevo e que, na súa retirada, pasasen por Bracara, hoxe Braga, obriga a pensar que os montes Nervasios non se debían de atopar nas inmediacións do Pico de Arbás, na Cordilleira Cantábrica, Asturias, como se viña sostendo, senón preto de Bracara. É posible que estean relacionados co “Phoros Narbasom”, que Claudio Ptolomeo sitúa no “conventus”* bracarense que, polo norte, non sobrepasaba o curso do Sil e a ría de Vigo.

¹⁵⁵ Ravenna, na costa do Adriático, fora convertida por Honorio na capital do Imperio no ano 402. Esta dignidade imperial duraríalle a Constantio menos de sete meses.

¹⁵⁶ De pleuresía, o 2 de setembro do 421.

2438 77. XXVIII. Castinus magister militum, cum magna manu et auxiliis Gothorum, bellum in Baetica Vandalis infert. Quos cum ad inopiam ui obsidionis artaret, adeo ut se tradere iam pararent³⁹, inconsulte publico certamine configens auxiliorum fraude deceptus ad Terraconam uictus effugit.

78: Bonifatius palatium deserens Africam iuadit.

2439 79: XXVIII. Honorius actis tricennalibus suis Rauenna obiit.

2440 80: XXX.

81: Paulinus nobilissimus et eloquentissimus, dudum conuersione ad deum nobilior factus, uir apostolicus, Nola Campaniae episcopus habetur insignis: cui Terasia, de coniuge facta soror, testimonio uitae beatae aequatur et merito. Extant ipsius egregii studia praedicanda.

82: Romanorum XLI Theodosius, Arcadii filius, ante aliquot annos regnans in partibus Orientis defuncto patre. Post obitum Honorii patrum, monarchiam tenet imperii, cum esset annorum XXI⁴⁰.

83: Iohannes arripit tyrannidem .
OLYMPI. CCCI

³⁹ *Bero.*: parent.

⁴⁰ *Bero.*: XX.

- 422:** 77. O Mestre da Milicia* Castinus, cunha gran forza e auxiliares Godos leva a guerra contra os Vándalos na Bética. Reduciunos pola privación nos asedios, se ben que se preparaban para traizoalo, polo que, ó se enfrontar con eles de xeito imprudente nunha batalla campal, traizoado polos seus auxiliares, fuxiu a Terracona vencido.
78. Bonifacio, desertando do Palacio, invade África.
- 423:** 79. Despois de celebrar os actos do seus trinta anos de reinado, morre en Ravenna, Honorio¹⁵⁷.
- 424:** 81. É considerado insigne o nobilísimo e eloquentísimo Paulino, varón apostólico e bispo de Nola na Campania, dende hai tempo convertido a Deus polos seus máis nobles actos, sendo igualado na testemuña de vida santa e do mérito por Terasia, que de esposa pasou a ser a súa irmá. Deste ilustre quedan coma dignas de ser difundidas as súas obras.
82. O XLI emperador dos Romanos, Theodosio, fillo de Arcadio, que xa reinara algúns anos no Oriente logo da morte do seu pai, unha vez defunto o seu tío paterno, tomou o goberno do Imperio, cando tiña vinte e un anos.
- 83 Iohannes, apodérase da tiranía.

¹⁵⁷ De hidropesía, o día 15 de agosto.

- 2441** 84: I. Theodosius Valentinianum, amitae suae Placidiae filium, Constantinopoli Caesarem facit et contra Iohannem mittit: sub quo a ducibus, qui cum eo per Theodosium missi fuerant, apud Rauennam primo anno inuasae tyrannidis occiditur et Felix patricius ordinatur et magister militum.
- 85: Valentinianus, qui erat Caesar, Romae Augustus appellatur.
- 86: Vandali Baliaricas insulas depraedantur. Quique Carthagine Spartaria et Hispali euersa⁴¹ et Hispaniis depraedatis Mauretanium inuadunt.
- 2442** 87: II. Romanae ecclesiae XL praesidet episcopus Caelestinus.
- 2443** 88: III.
- 2444** 89: IIII. Gundericus, rex Vandalorum, capta Hispali, cum impie elatus manus in ecclesiam ciuitatis ipsius extendisset, mox dei indicio daemone correptus interiit: cui Gaisericus frater succedit in regno qui, ut

⁴¹ *Bero.*: Spartariae et spaliae versa.

- 425:** **84.** En Constantinopla, Theodosio fai César a Valentiniano, fillo da súa tía, Placidia, e envíaio contra Iohannes, que é eliminado nesta campaña, preto de Ravenna, polos xenerais que contra el mandara Theodosio, despois dun ano de usurpación tiránica. Félix é promovido a Patricio e Mestre da Milicia¹⁵⁸.
- 85.** Valentiniano, que era César, foi proclamado Augusto de Roma¹⁵⁹.
- 86.** As illas Baleáricas son saqueadas polos Vándalos, os cales, abatidas Carthago Spartaria e Hispalis¹⁶⁰, e depredadas as Hispanias, invaden Mauretania.
- 426:** **87.** Celestino, XL bispo que preside a igrexa de Roma¹⁶¹.
- 428:** **89.** Gunderico, rei dos Vándalos, capturada Hispalis, estendeu a man nunha igrexa desta cidade nunha exaltación sacrílega, e pouco despois, por un xuízo de Deus, foi posuído polo demo e morreu. Sucedeuno no reino o seu irmán Gaiserico, quen,

¹⁵⁸ Iohannes, antes secretario de Honorio, fora proclamado Emperador á morte deste. Tan só non o recoñeceron Theodosio e a provincia de África. Vencido case que dous anos despois, Gala Placidia cortoulle a man dereita, antes de executalo en Aquileia, ó nordeste de Venecia.

¹⁵⁹ O día 23 de outubro do ano 425. Placidio Valentiniano III contaba entón con seis anos.

¹⁶⁰ As actuais Cartagena e Sevilla.

¹⁶¹ Dato inexacto. Celestino era bispo de Roma xa dende o 10 de setembro do 422. Morreu o 27 de xullo do 432.

aliquorum relatio habuit, effectus apostata de fide catholica in Arrianam dictus est transisse perfidiam.

OLYMPI. CCCII

2445 90: V. Gaisericus rex, de Baeticae prouinciae litore, cum Vandalis omnibus eorumque familiis, mense Maio ad Mauretanium et Africam relictis transit Hispaniis. Qui, priusquam pertransiret admonitus Heremigarium Sueuum uicinas in transitu suo prouincias depraedari, recursu cum aliquantis suis facto praedantem in Lusitania consequitur. Qui haud procul de Emerita, quam cum sanctae martyris Eulaliae iniuria spreuerat, maledictis per Gaisericum caesis ex his quos secum habebat, arrepto, ut putauit, euro uelocius fugae subsidio, in flumine Ana diuino brachio praecipitatus interiit. Quo ita extincto⁴² mox quo coeperat Gaisericus enauigauit .

2446 91: VI. Sueui, sub Hermerico rege, medias partes Gallaciae depraedantes, per plebem, quae castella tutiora retinebat, acta suorum partim caede, partim captiuitate, pacem quam ruperant familiarum quae

⁴² *Bero*: ex intincto.

segundo se di, apostatou da fe católica para pasar á perfidia Arriana¹⁶².

429: 90. O rei Gaiserico, deixou as Hispanias no mes de maio, con todos os Vándalos e as súas familias, e pasou a Mauretania e a África dende as costas da provincia Bética. Antes de facelo foi advertido das depredacións do Suevo Heremigario polas provincias próximas ó lugar do seu tránsito, polo que, volvendo atrás con bastantes dos seus, alcanza ao saqueador na Lusitania. Non lonxe de Emérita, Heremigario inxuriara a santa mártir Eulalia, mais as súas maldicións e as do seu entorno foron abatidas por Gaiserico¹⁶³. Fuxido das tropas de reserva, máis veloz que o vento do leste, foi precipitado no río Ana polo brazo divino, e pereceu. Morto o cal, Gaiserico emprende axiña a navegación.

430: 91. Os Suevos, que baixo o rei Hermerico, depredaban as medias partes da Gallaecia, mortos en parte e en parte capturados pola plebe*, que retiña os lugares fortificados máis seguros, restauran a paz que vio-

¹⁶² Segundo Isidoro (*Historia Wandalorum*, 73), o templo profanado fora a Basílica de San Vicente.

¹⁶³ De Emérita xa dixemos que é a actual Mérida. O Ana, é o Guadiana. Heremigario pode que fora un familiar, ou mesmo un fillo, do rei Suevo Hermerico, que encabezaba un movemento expansionista. Santa Eulalia fora martirizada en Barcelona ou en Mérida no ano 304.

tenebantur redhibitione restaurant.

92: Per Aetium comitem⁴³, haud procul de Arelate, quaedam Gothorum manus extinguitur, Anaolso optimate eorum capto.

93: Iuthungi per eum similiter debellantur et Nori.

94: Felix, qui dicebatur patricius, Ravenna tumultu occiditur militari.

2447 **95:** VII. Aetius, dux utriusque militiae, Noros edomat rebellantes.

96: Rursum Sueui inibatam cum **Gallaecis**⁴⁴ pacem libata sibi occasione conturbant. Ob quorum depraedationem Ydatius episcopus ad Aetium ducem, qui expeditionem agebat in Gallis, suscipit legationem.

⁴³ *Bero.*: praetium comitem.

⁴⁴ *Bero.*: Callicis.

laran, devolvendo as cousas das familias que colleran¹⁶⁴.

92. O conde* Aetio extermina, non lonxe de Arelate, a un grupo armado de Godos e captura a Anaolso, o seu guía.
93. Do mesmo xeito, os Iuthungos e os Norios son vencidos por el¹⁶⁵.
94. Felix, que era patricio, morre nun erguemento militar en Ravenna¹⁶⁶.

- 431:**
95. Aetio, xeneral das dúas milicias, somete os Norios rebeldes.
 96. De novo aproveitan os Suevos unha ocasión para conturbar a paz establecida cos Gallaecos. A causa desta depredación, o bispo Ydacio asume unha legación ante o xeneral Aetio, que dirixía unha campaña nas Gallias¹⁶⁷.

¹⁶⁴ Indicación de que naquel momento había lugares da Gallaecia non sometidas a Suevos nin a Romanos, dato que Isidoro confirma máis tarde (*Historia Suevoorum*, 85) e que a arqueoloxía xa advertira a mediados do século XX. Dado que Idacio e Paulo Orosio utilizan as expresións “extremas sedes Gallaeciae”, “in extrema parte Gallaecia”, ou “ulteriores Gallaeciae partes”, para as comarcas próximas ó Océano, estas “medias partes” libres, teñen que ser as do interior. A paz entón restaurada, debeu de ser a que se viña mantendo dende o mesmo momento da ocupación do país, que, segundo se deduce a través de Paulo Orosio (*Historiarum adversum paganos*, VII, 41.7), fora pacífica.

¹⁶⁵ Feitos acontecidos en terras austrohúngaras, preto do Danubio.

¹⁶⁶ Ao parecer tramado polo propio Aetio.

¹⁶⁷ A embaixada non acudiu á corte de Ravenna, senón ó emerxente poder de Aetio. Idacio, bispo dende había uns tres anos, gozaba entón, coma todos os prelados dende o ano 408, de xurisdición civil sobre o territorio da súa Sé. Algúns analistas ven nesta actuación un intento de defender máis os seus intereses de clase que os das clases populares que indica (§91).

97: Vetto, qui de Gothis dolose ad Gallaeciam uenerat, sine aliquo effectu redit ad Gothos.

2448 98: VIII. Superatis per Aetium⁴⁵ in certamine Francis et in pace susceptis, Censorius comes legatus mittitur ad Sueuos, supra-dicto secum Ydatio redeunte.

99: Aera CCCCLXX⁴⁶, Bonifatius, in aemulatione Aetii de Africa per Placidiam euocatus in Italiam, ad palatium redit. Qui, depulso Aetio in locum eius succedens, paucis post mensibus inito aduersum Aetium conflictu, de uulnere quo fuerat percussus, interiit. Cui Sebastianus gener substitutus per Aetium⁴⁷ de palatio superatus expellitur.

OLYMPI. CCCIII

2449 100: VIII. Regresso Censorio ad palatium, Hermericus pacem cum Gallaecis, quos praedabatur assidue, sub interuentu episcopali datis sibi reformat obsidibus.

101: Symphosius episcopus, per eum ad comitatum legatus missus, rebus in cassum frustratur arreptis.

⁴⁵ Bero.: praetium.

⁴⁶ Nada más que nos códices hispánicos.

⁴⁷ Bero.: praetium.

- 97.** Vetto, que viñera con falsidades á Gallacia, de parte dos Godos, retorna a eles sen ningún resultado¹⁶⁸
- 432:** **98.** Vencidos en combate os Francos por Aetio e asumidos na paz, o conde Censorio é enviado como legado onda os Suevos, e o xa mencionado Ydacio retorna con el.
- 99.** No ano 470 da Era, Bonifacio é chamado de África a Italia por Placidia, por envexa contra Aetio, e retorna a Palacio. Unha vez deposto Aetio, sucédeo no seu lugar, mais uns meses despois, iniciado un combate con Aetio, perece ferido por un golpe. Substituíno o seu xenro Sebastiano, que é botado do Palacio, vencido por Aetio.
- 433:** **100.** Volto Censorio a Palacio, Hermerico fai, baixo intervención episcopal, a paz cos Gallaecos ós que depredaba habitualmente, despois de recibir reféns¹⁶⁹.
- 101.** O bispo Symphosio, legado enviado polo mesmo ó Conde¹⁷⁰, resulta frustrado nas súas insidias.

¹⁶⁸ O que parece indicar un intento de acadar un pacto Godo-Suevo. Mais Hermerico, mantivo, respecto a Roma, a postura que xa lle valera a axuda desta contra os Vándalos.

¹⁶⁹ Pouco coherentes estes informes de Idacio. Se Hermerico era o atacante, como afirma repetidamente, resulta sorprendente que consiga reféns como garantía desta nova paz cos “Gallaecos”.

¹⁷⁰ Dados os 33 anos transcorridos dende o Concilio de Toletum, non debe de tratarse do mesmo Symphosio, bispo entón de Astúrica, que nel participara. Foi enviado ó conde Censorio, o que acompañara a Idacio, que xa retornara a Ravenna.

102: In conuentu Lucensi, contra uoluntatem Agresti Lucensis episcopi, Pastor et Syagrius episcopi ordinantur.

103: Aetius, dux utriusque militiae, patricius appellatur.

2450 104: X. Sebastianus exul et profugus effectus nauigat ad palatium Orientis.

105: Romanae ecclesiae XLI habetur episcopus Xystus.

2451 106: XI. Hierosolymis Iuuenalem episcopum praesidere Germani presbyteri Arabicae regionis exinde ad Gallaeciam uenientis et aliorum Graecorum relatione comperimus, adicientibus Constantinopolim eum cum aliis et Palaestinae prouinciae et Orientis episcopis⁴⁸ euocatum, sub praesentia Theodosii Augusti, contracto episcoporum interfuisse concilio ad destruendam Hebionitarum haeresem, quam Atticus eiusdem urbis episcopus prauo stultissimae sectae resuscitabat ingenio. Quo

⁴⁸ *Bero.*: eos e episcopos, en lugar de eum e episcopis.

- 102.** No “conventus” lucense, e en contra da vontade do bispo de Luco, Agreste, son ordenados os bispos Pastor e Syagrio¹⁷¹.
- 103.** Aetio, xeneral en xefe das dúas milicias, é nomeado Patricio.

- 434:** **104.** Sebastiano, proscrio e fuxitivo, navega ó palacio do Oriente.
- 105.** Xysto é nomeado XLI bispo da igrexa de Roma¹⁷².

- 435:** **106.** Iuvenal, é bispo presidente de Hierusalem, despois do cal descubrimos a referencia de que German, presbítero da rexión de Arabia, viu á Gallecia con outros gregos, a cal engade que este, e outros bispos de Palaestina e do Oriente, foran convocados á presenza de Theodosio Augusto, no Concilio axuntado en Constantinopla¹⁷³ para que os bispos acabasen coa herexía dos Hebionitas*, que Attico,¹⁷⁴ bispo da mesma cidade, resucitara co perverso enxeño desta moi necia seita. Por outra banda, neste

¹⁷¹ Que, se son o Pastor e o Syagrio dos que fala pouco despois Gennadio de Marsella, eran católicos. O que podería significar que este Agreste de Lugo era Priscilianista.

¹⁷² Sixto III, foi pontífice dende o 31-7- 432 ó 19-8 440. Idacio recolle este dato cun lixeiro atraso.

¹⁷³ Este Concilio celebrárase en xuño do ano 431, en Éfeso, non en Constantinopla.

¹⁷⁴ Attico fora bispo do 406 ó 425, e non fora herexe. Os Hebionitas estaban, ata certo punto relacionados con Nestorio*, bispo de Constantinopla do ano 428 ó 431, data na que foi deposto. Sucedérono Maximiano (431) e Proclo (434).

uero tempore sancti Iohannes, Hieronymus et alii, quos supra diximus, obierint uel quis nomine Iohanni ante Iuuenalem successerit, sicut et fecisse cognitum est in breui seniore[m] quendam, referentum sermo non edidit.

2452 107: XII. Narbona obsideri coepta per Gothos.

108: Burgundiones, qui rebellauerant, a Romane duce Aetio⁴⁹ debellantur.

108^a: Sanctus insignis Augustinus recedit corpore⁵⁰ (H).

109: Vno eodemque tempore, Alexandriae Cyrillum episcopum praesidere et Constantinopoli Nestorium haereticum Hebionaeum, Cyrilli ipsius ad eundem epistola et haerese[m] destruentis et regulam fidei exponentis ostendit. Haec cum aliis habetur allata.

OLYMPI. CCCIIII

2453 110: XIII. Narbona obsidione liberatur. Aetio duce et magistro militum, Burgundionum caesa XX millia.

111: Rursus Censorius et Fretimundus legati mittuntur ad Sueuos.

2454 112: XIII. Gothorum caesa VIII millia sub Aetio duce.

⁴⁹ *Bero.*: ducetio.

⁵⁰ Nada más que nos códices hispánicos.

tempo morreron os santos Iohannes, Hieronymo, e os outros que máis arriba indicamos, ou, se se quere, o que sucedera a Iohannes, antes de Iuvenal, posto que este era vello e foino por pouco tempo, o que as referencias non nos comunicaron¹⁷⁵.

- 436:** **107.** Comeza o asedio de Narbona polos Godos.
108. Os Burgundios, que se rebelaran, foron vencidos polos Romanos mandados por Aetio.
108^a. Morre o insigne San Augustino¹⁷⁶
109. Neste tempo Cyrillo preside Alexandría coma bispo, e Nestorio, herético hebionita, Constantinopla¹⁷⁷. Unha epístola do propio Cyrillo ó mesmo demostra coma refutar a herexía e pór de manifesto a norma da fe. Esta, e outras, fóronnos achegadas.
- 437:** **110.** O asedio de Narbona é anulado. Aetio¹⁷⁸ xeneral e Mestre da Milicia extermina a vinte mil Burgundios.
111. Son enviados de novo ós Suevos os legados Censorio e Fretimundo.
- 438:** **112.** Oito mil Godos son exterminados polo xeneral Aetio.

¹⁷⁵ Iuvenal foi bispo de Xerusalén do 422 ó 458. Iohannes morrera no 417, e Xerome cara ó 420. Entre Iohannes e Iuvenal ostentou a cátedra Praylio, do 417 ó 422 (Nota 152).

¹⁷⁶ San Agostiño morrera seis anos antes, no 430 durante o asedio dos vándalos a Hippona.

¹⁷⁷ Cyrillo, bispo do 412 ó 433. De Nestorio xa indicamos que o fora nada máis que do 428 ó 431.

¹⁷⁸ Parece que quen o fixo foi o seu enviado Litorio. Aetio tomara as rédeas do Imperio xa no ano 434.

113: Sueui, cum parte plebis **Gallaeciae** cui aduersabantur, pacis iura confirmant.

114: Hermericus rex, morbo oppressus, Rechilam filium suum substituit in regnum: qui Andeuotum cum sua, quam habebat, manu ad Singillionem Baeticae fluuium aperto Marte prostrauit magnis eius auri et argenti opibus occupatis.

2455 115: XV. Carthagine fraude decepta die XIII kal. Nouembris, omnem Africam rex Gaisericus inuadit.

116: Bello Gothico sub Theodorico rege apud Tolosam, Litorius Romanus dux inconsultus cum auxiliari **Hunorum** manu inruens caesis his ipse uulneratus capitur et post dies paucos occiditur

117: Inter Romanos et Gothos, pax efficitur.

118: Gaisericus, elatus in pie, episcopum clerumque Carthaginis depellit ex ea et, iuxta prophetiam Danihelis, demutatis ministeriis sanctorum ecclesias catholicas tradit⁵¹ Arrianis.

⁵¹ *Bero.*: tradidit.

- 113.** Os Suevos confirman os termos da paz pactada cunha parte da plebe* da Gallacia¹⁷⁹ coa que estaban enfrontados.
- 114.** O rei Hermerico, oprimido por unha grave doenza, puxo no reino ó seu fillo Rechila, que vencera a Andevoto pola súa man en combate aberto no río Singilion, na Bética, tomando grandes cantidades de ouro e de prata¹⁸⁰.
- 439:** **115.** Tomada con astucia enganosa Carthago, o día XIII das calendas de novembro¹⁸¹, o rei Gaiserico invade toda África.
- 116.** Nunha campaña do rei Theodorico contra os Godos, onda Tolosa, o xeneral romano Litorio, ataca imprudentemente cunha forza de auxiliares hunos. Caídos estes, aquel é ferido e capturado, e varios días despois, morto.
- 117.** Establécese a paz entre os Romanos e os Godos.
- 118.** Gaiserico, levado pola impiedade, bota de Carthago ó bispo e ó clero da mesma. Do mesmo xeito, e segundo a profecía de Daniel¹⁸², muda os ministros dos santos e entrega as igrexas católicas ós Arrianos.

¹⁷⁹ O que parece indicar que esta tiña entón capacidade legal para artellar certas decisións.

¹⁸⁰ Debe de tratarse dunha abdicación. O río Singilion é o actual Genil. Andevoto era, segundo Isidoro (*Historia Suevorum*, 85), o xefe das forzas romanas na parte das Hispanias que Roma controlaba.

¹⁸¹ Día 19 de outubro.

¹⁸² Daniel XI, 38: “Deum autem Maozim in loco suo venerabitur”: “Mais venerará no seu lugar ao deus Maozim”.

119: Rechila, rex Sueuorum, Emeritam ingreditur.

2456 120: XVI. Gaisericus Siciliam depraedatus Panormum diu obsedit: qui damnati a catholicis episcopis Maximini, apud Siciliam Arrianorum ducis, aduersum catholicos praecipitatur instinctu, ut eos quoquo pacto in impietatem cogeret Arrianam. Nonnullis declinantibus, aliquanti durantes in catholica fide consummauere martirium.

121: Censorius comes, qui legatus missus fuerat ad Sueuos, rediens⁵² Martyli obsessus a Rechila in pace se tradidit.

OLYMPI. CCCV

2457 122: XVII. Rex Sueuorum, diuturno per annos VII morbo adflictus, moritur Hermericus.

123: Rex Rechila, Hispali obtenta, Baeticam et Carthaginiensem prouincias in suam redigit potestatem.

124: Sabino episcopo de Hispali factione depulso, in locum eius Epifanius ordinatur fraude, non iure.

⁵² *Bero.*: residens.

119. Rechila, rei dos Suevos, entra en Emérita¹⁸³.

440: 120. Gaiserico depreda Sicilia e somete a Panormo¹⁸⁴ a un longo asedio. Maximino, o xefe dos Arrianos de Sicilia, que os bispos católicos condenaran, instígaos a voltarse contra os católicos, de xeito que estes chegasen a un acordo para se pasar á impiedade Arriana. Algúns desviáronse, mais un número considerable, perdurando na fe católica, sufriu martirio.

121. O conde Censorio, o legado que fora enviado ós Suevos, ó retornar, é sitiado por Rechila en Martyli, e réndese sen loita¹⁸⁵.

441: 122. Morre Hermerico, rei dos suevos, afixido durante sete anos por unha doenza.

123. O rei Rechila, logo de se apoderar de Hispalis, reduce á súa potestade as provincias Bética e Carthaginiense.

124. O bispo Sabino, é botado de Hispalis por unha facción, e no seu lugar é ordenado con enganos, e ilegalmente, Epiphanio¹⁸⁶.

¹⁸³ Daquela a cabeza da Lusitania. É dicir, apodérase dela (Isidoro, *Historia Suevorum*, 85).

¹⁸⁴ Hoxe Palermo.

¹⁸⁵ Ou “pola paz”. Moi grave esta acción de Rechila ó atacar a un legado, ó que, ademais, tiña que coñecer persoalmente. Martyli é a actual vila portuguesa de Mértola, nas beiras do Guadiana. O conde Censorio, estivera na corte Sueva nos anos 432-33, e no 437.

¹⁸⁶ Idacio non indica que esta facción fose a dos Priscilianistas, nin que Rechila intervisse no feito, como interpretaron algúns historiadores.

- 125:** Asturius dux utriusque militiae ad Hispanias missus Terraconensium caedit multitudinem Bacaudarum.
- 2458 126:** XVIII. Cometae sidus apparere incipit mense Decembri: quod, per menses aliquot uisum subsequentis, in pestilentia plagae quae fere in toto orbe diffusa est, praemisit ostentum.
- 127: Aera CCCCLXXXI**⁵³, Constantinopolitanae ecclesiae depulso Nestorio praesidet episcopus Flauianus.
- 2459 128:** XVIII. Asturio magistro utriusque militiae, gener ipsius successor ipsi mittitur Merobaudis, natu nobilis et eloquentiae merito uel maxime in poematis studio ueteribus comparandus: testimonio etiam prouehitur statuarum. Breui tempore potestatis suae, Aracellitanorum frangit insolentiam Bacaudarum. Mox nonnullorum inuidia perurgente ad urbem Romam sacra praeeptione reuocatur.

⁵³ Tan só nos códices hispánicos.

125. Asturio, xeneral das dúas milicias, é enviado ás Hispanias e elimina a unha multitude de Bagaudas* da Terraconense.

442: **126.** Un cometa comeza a aparecer no mes de decembro, sendo visible durante os meses seguintes¹⁸⁷. O prodixio anuncia a pestilencia da praga que se espalla por todo o orbe.

127. No ano 481 da Era, Nestorio é botado da igrexa de Constantinopla, que pasa a presidir o bispo Flaviano¹⁸⁸.

443: **128.** Ao Mestre das dúas Milicias Asturio, sucede o seu xenro Merobauda, de noble nacemento, que igualaba aos antigos tanto polo mérito da súa elocuencia coma polos seus traballos poéticos, polo que foi representado en estatuas¹⁸⁹. No breve tempo do seu mandato, dominou a insolencia dos Bagaudas Aracellitanos¹⁹⁰. Logo, a envexa dalgúns acosouno con execrable intención, e foi chamado á cidade de Roma por disposición superior.

¹⁸⁷ Trátase do mesmo cometa do que fala o conde Marcellino, chamado hoxe 442 VI.

¹⁸⁸ Importante desfase cronolóxico. Nestorio fora rexeitado no 431, e Flaviano non chegou a bispo ata o 446. Entre ambos os dous foran bispos, Maximiano, no 431, e Proclo, no 434 (Vide a nota 174).

¹⁸⁹ Unha delas atopada nunhas escavacións en Roma, no ano 1831.

¹⁹⁰ De Aracelli, ou Aracillum, lugar mencionado no *Itinerarium Antonini*, posiblemente a actual Araciel, preto de Arbizu, a uns 30 kms. ó oeste de Pamplona.

2460 129: XX. Sebastianus, illic quo confugerat deprehensus, sibi aduersa moliri e Constantinopoli fugit admonitus et, ad Theodoricum regem Gothorum ueniens, conquisitam sibi, qua potuit, Barcilonam hostis factus ingreditur.
OLYMPI. CCCVI

2461 130: XXI. In Asturicensi urbe Gallaeciae, quidam ante aliquot annos latentes Manichaei gestis episcopalibus deteguntur, quae ab Ydatio et Thoribio episcopis, qui eos audierant, ad Antoninum Emeritensem episcopum directa.

131: Vandali nauibus Turonio in litore Gallaeciae repente aduecti familias capiunt plurimorum

132: Sebastianus, de Barcilone fugatus, migrat ad Vandalos.

133: Per episcopum Romae tunc praesidentem, gesta de Manichaeis per prouincias diriguntur .

2462 134: XXII. Vitus, magister utriusque militiae factus, ad Hispanias missus non exiguae manus⁵⁴ fultus auxilio, cum Carthaginienses uexaret et Baeticos, succedentibus

⁵⁴ *Bero.*: minus.

- 444:** **129.** Sebastiano, que fora capturado onde estaba refuxiado, advertido dun plan contra el, vaise de Constantinopla onda Theodorico, rei dos Godos, e buscando por todas as partes que puido, entra en Barcelona convertido en inimigo.
- 445:** **130.** En Astúrica, cidade da Gallaecia, algúns Maniqueos* ocultos durante un certo número de anos, foron descubertos pola acción dos bispos. Os bispos Ydacio e Thoribio, despois de escoitalos, informan directamente ó bispo Emeritense, Antonino¹⁹¹.
- 131.** Os Vándalos, chegados de súpeto en naves a Turonio¹⁹², na costa da Gallaecia apodéranse de numerosas familias.
- 132.** Sebastiano, fuxido de Barcelona, vaise onda os Vándalos.
- 133.** O bispo que entón presidía en Roma, envía informes sobre os Maniqueos ás provincias¹⁹³.
- 446:** **134.** Vito, nomeado Mestre das dúas Milicias, enviado ás Hispanias co apoio dunha non escasa forza de tropas auxiliares, ataca aos Carthaginienses e aos Béticos. Chega-

¹⁹¹ Parece tratarse, (M^a Victoria Escribano, Varios (2000) *Cristianismo...*, p. 273), dunha manobra eclesiástica para aplicarlle ós Priscilianistas a durísima lexislación que contra os Maniqueos dispuxeran os emperadores romanos.

¹⁹² Turonio, posiblemente a actual Torroña, preto de Baiona, ou Tourón, na provincia de Pontevedra, xa onda o cabo Touriñán.

¹⁹³ Dende setembro do ano 440 este bispo era León I Magno, que morrería o 10-11-461.

cum rege suo illic Sueuis, superatis etiam in congressione, qui ei ad depraedandum in adiutorium uenerant, Gothis, territus miserabili timore diffugit. Sueui exim illas prouincias magna depraedatione subuertunt.

2463 135: XXIII. Romanae ecclesiae XLII, praesidet episcopus Leo: huius scripta per episcopi Thoribi diaconem Peruincum contra Priscillianistas ad Hispanienses episcopos deferuntur. Inter quae ad episcopum Thoribium, de obseruatione catholicae fidei et de haeresum blasphemii, disputatio plena dirigitur, quae ab aliquibus Gallaeis subdolo probatur arbitrio.

136: Solis facta defectio die X kal. Ianuarias, qui fuit tertia feria.

2464 137: XXIII. Rechila, rex Sueuorum, Emerita gentilis moritur mense Augusto: cui mox filius suus catholicus Rechiarius succedit in regnum, nonnullis quidem sibi de gente sua aemulis, sed latenter: obtento tamen regno sine mora ulteriores regiones inuadit ad praedam.

dos alí os Suevos co seu rei, e vencidos en combate os Godos que viñeran a axudalo na pillaxe, aterrecido por un miserable temor, foxe en desorde. Despois disto, os Suevos someten a estas provincias a unha gran depredación¹⁹⁴.

447: 135. O XLII bispo que preside a igrexa de Roma e León. Pervinco, diácono do bispo Thoribio, comunícalle ós bispos hispanos os escritos daquel contra os Priscilianistas. Neles, e dirixida ó bispo Thoribio¹⁹⁵, figura unha completa exposición súa acerca da observación da fe católica e das blasfemias dos herexes, da que recibe un enganoso xuízo de aprobación por parte dalgúns Gallaecos.

136. O sol desaparece o día X das calendas de xaneiro, que foi terza feira.¹⁹⁶

448: 137. Rechila, rei dos Suevos morre pagán en Emérita no mes de Agosto. De inmediato sucedeuno no reino o seu fillo Rechiario, católico, a pesar da oposición oculta dalgúns competidores da súa familia. Con todo, obtido o poder invade sen demora as posteriores rexións para saquealas.

¹⁹⁴ Este monarca Suevo era Rechila (438-448), que, segundo as palabras do propio Idacio (§ 123), incorporara no ano 441 ó seu reino as provincias da Bética e a Cartaghiniense, que agora os romanos trataban de devastar .

¹⁹⁵ Thoribio era bispo de Astúrica. Nesta epístola do 21-7-447 León pedíalle a organización dun Concilio para acabar co problema; Concilio que nunca se chegou a celebrar.

¹⁹⁶ 23 de decembro do ano 447, mércores, non martes.

138: Pascentium quendam urbis Romae, qui de Asturica diffugerat, Manichaeum Antoninus episcopus Emerita comprehendit auditumque etiam de prouincia Lusitania facit expelli.

139: Per Agiulfum Hispali Censorius iugulatur. OLYMPI. CCCVII

2465 140: XXV. Rechiarius, accepta in coniugium Theodoric*i* regis filia, auspicatus initium regni Vasconias depraedatur, mense Februario.

141: Basilius, ob testimonium egregii ausus sui, congregatis Bacaudis, in ecclesia Tyriassone foederatos occidit. Vbi et Leo eiusdem ecclesiae episcopus ab isdem, qui cum Basilio aderant, in eo loco obiit uulneratus.

142: Rechiarius, mense Iulio ad Theodoricum⁵⁵ socerum profectus, Caesaraugustanam regionem cum Basilio in reditu depraedatur. Inrupta per dolum Ilerdensi urbe acta est non parua captiuitas.

143: Asturius, uir inlustris, ad honorem prouehitur consulatus.

⁵⁵ *Bero.*: Theodorem.

138. Antonino, bispo de Emérita, detén a un certo Pascentio, da cidade de Roma, un Maniqueo que fuxira a Astúrica, e despois de escoitalo faino botar tamén da provincia da Lusitania.

139. Censorio é degolado en Hispalis por Agiulfo¹⁹⁷.

449: **140.** Rechiario tomada en matrimonio unha filla do rei Theodorico, inicia o agoiro do seu reinado depredando as Vasconias no mes de febreiro.

141. Coma testemuña destacada do seu atrevemento, Basilio, da congregación Bagauda, extermina os federados na igrexa de Tyriasso. Neste mesmo lugar morre León, bispo desta igrexa, ferido polos que estaban con Basilio¹⁹⁸.

142. Rechiario, que no mes de xullo visitara ó seu sogro Theodorico, ó retornar depreda, xunto con Basilio, a rexión de Cesar Augusta. Atacada bruscamente, con engano, a cidade de Ilerda, fan unha non pequena cantidade de cativos¹⁹⁹.

143. Asturio, varón ilustre, é promovido á dignidade do Consulado.

¹⁹⁷ Trátase do Conde Censorio, o que fora vencido en Mértola por Rechila. Agiulfo parece ser un Godo, ó servizo, posiblemente, de Theodorico.

¹⁹⁸ Tyriasso é a actual Tarazona, en Aragón. Os federados deben de ser tropas auxiliares do Imperio, non os Bagaudas.

¹⁹⁹ Zaragoza e Lleida, respectivamente. O Godo Theodorico (418-451), tamén chamado Teodoredo por algúns autores, tiña o seu reino no sur das Gallias, dende o Océano ata o Ródano.

- 2466 144:** XXVI. Sebastianus, exul factus, ad perniciosam sibi, sicut post exitus docuit, Gaiserici confugit potestatem: paruo post tempore quam uenerat per eum iubetur occidi.
- 145:** De Gallis, epistolae deferuntur Flauiani episcopi ad Leonem episcopum missae cum scriptis Cyrilli, episcopi Alexandrini, ad Nestorium Constantinopolitanum, de Eutychete Hebionita haeretico et Leonis episcopi ad eundem responsa. Quae cum aliorum episcoporum et gestis et scriptis per ecclesias diriguntur.
- 146:** Theodosius imperator moritur Constantinopoli anno aetatis suae XLVIII.
- 147:** Post quem, XLII⁵⁶ statim apud Constantinopolim Marcianus a militibus et ab exercitu, instante etiam sorore Theodosii Pulcheria regina, efficitur imperator. Qua sibi in coniugium adsumpta regnat in partibus Orientis.
- 148:** Valentiani imperatoris mater Placidia moritur apud Romam.

⁵⁶ Bero.: XLIII.

- 450:** **144.** Sebastiano, convertido en refuxiado, recorre, en prexuízo seu, como o demostra o que despois lle aconteceu, á potestade de Gaiseric, quen, ó pouco tempo da súa chegada, dispuxo que fose eliminado.
- 145.** Son transmitidas dende as Gallias as epistolas do bispo Flaviano ao bispo León, enviadas xunto cun escrito de Ciryllo, bispo de Alexandría, a Nestorio de Constantinopla, sobre o herexe Hebionita Euthyquio, e a resposta á mesma do bispo León. Esta, xunto cos feitos e os escritos doutros bispos, son enviadas ás igrexas²⁰⁰.
- 146.** O emperador Theodosio morre en Constantinopla ós corenta e oito anos de idade²⁰¹.
- 147.** Inmediatamente despois, en Constantinopla, apremiado pola raíña Pulcheria, irmá de Theodosio, e polos soldados e a tropa, é designado Marciano como XLII emperador. O cal, tomada aquela para si en matrimonio, reina na parte do Oriente.
- 148.** Morre en Roma, Placidia, nai do emperador Valentiniano²⁰².

²⁰⁰ Euthyquio era un monxe de Constantinopla, Monofisita*, non Ebionita. E Flaviano foi bispo de Constantinopla do 447 ó 449, mentres que Nestorio e Ciryllo tiveran as súas cátedras nos 428-431 e 412-433. O bispo León é o papa do mesmo nome (440-461).

²⁰¹ O feito aconteceu o día 28 de xullo, coma consecuencia da caída dun cabalo. Nacera no ano 401.

²⁰² O pasamento de Aelia Galla Placidia produciuse o 27 de novembro do 450. Tiña 62 anos.

2467 149: XXVII. In Gallaecia terrae motus assidui, signa in caelo plurima ostenduntur. Nam, pridie non. Aprilis tertia feria, post solis occasum, ab aquilonis plaga, caelum rubens sicut ignis aut sanguis efficitur intermixtis per igneum ruborem lineis clarioribus in speciem hastarum rutilantium deformatis. A die clauso usque in horam noctis fere tertiam signi durat ostensio, quae mox ingenti exitu perdocetur.

150: Aera CCCCLX⁵⁷, gens Hunorum pace rupta depraedatur prouincias Galliarum. Plurimae ciuitates effractae. In campis Catalaunicis haud longe de ciuitate, quam effregerant, Mettis, Aetio duci et regi Theodorico, quibus erat in pace societas, aperto Marte conflagrans diuino caesa superatur auxilio: bellum nox intempesta diremit. Rex illic Theodoricus prostratus occubuit: CCC ferme milia hominum in eo certamine cecidisse memorantur.

151: Multa anno signa procedunt. VI kal. Octobris, a parte Orientis, luna fuscatur. In

⁵⁷ Tan só nos codices hispánicos.

- 451:** **149.** Na Gallaecia prodúcense frecuentes terremotos, e numerosos signos no ceo. De feito, na véspera das nonas de abril, terza feira, despois do solpor, pola parte do Aquilón, o ceo volveuse vermello coma o lume ou o sangue entremesturado polo igneo roibén, mentres que as liñas máis claras tomaban o aspecto de rutilantes lanzas. A visión do prodixio prolongouse sen interrupción da caída do día á terza hora da noite, o que anuncia un inmediato e gran desastre²⁰³.
- 150.** No ano 460 da Era²⁰⁴, o pobo dos Hunos, rachada a paz, saquea as provincias das Gallias. Moitas das cidades foron forzadas. Librada a batalla nos Campos Catalaunicos, non lonxe da cidade de Mettis, que forzaran, foron vencidos, coa axuda do divino Marte, polo xeneral Aetio e o rei Theodorico, que se asociaran pola paz. A noite pecha interrompeu a Batalla. Nela sucumbiu abatido o rei Tehodorico. Dise que neste combate morreron preto de trescentos mil homes²⁰⁵.
- 151.** No transcurso do ano apareceron moitos signos. O VI das calendas de outubro²⁰⁶ na

²⁰³ Especie de Aurora Boreal do martes 4 de abril, que Idacio considera un agoiro, posiblemente relacionado coa ameaza dos hunos. O Aquilón é o norte.

²⁰⁴ Debería dicir 489 da Era.

²⁰⁵ A batalla deuse o 20 de xuño, preto desta Mittis, hoxe Metz, posiblemente nas inmediacións da actual Châlons-sur-Marne, entón chamada Duro Catalauni. Nela, ademais de Romanos e Visigodos, participaron tamén, Galos, Francos e Burgundios.

²⁰⁶ Eclipse do día 26 de setembro.

diebus **in**sequentis paschae, uisa quaedam in caelo, regionibus Galliarum, epistola de his Eufroni Augustodunensis episcopi ad Agrippinum comitem facta euidenter ostendit: Stella cometes a XIII kal. Iulias apparere incipit, quae tertio kal. diluculo ab oriente uisa post occasum solis ab occidua parte mox cernitur. Kal. Aug. a parte occidentis apparet.

152: Occiso Theodorico Thurismo filius eius succedit in regno.

153: Huni cum rege suo Attila relictis Galliis post certamen Italiam petunt.

2468 154: XXVIII. Secundo regni anno principis Marciani, Huni, qui Italiam praedabantur, aliquantis etiam ciuitatibus inruptis, diuinitus partim fame, partim morbo quodam plagis caelestibus feriuntur: missis etiam per Marcianum principem Aetio duce caeduntur auxiliis pariterque in sedibus suis et caelestibus plagis et per Mar-

parte do Oriente a lúa escureceuse. E nos días da Pascua seguinte foron vistos un certo número de sinais no ceo nas rexións das Gallias, comunicados e feitos evidentes por medio dunha epístola de Eufronio, bispo de Augustodunum²⁰⁷, ó conde Agripino. A estrela dun cometa principiou a aparecer polo oriente ó alborexar o día XIII das calendas de xullo e despois da terza calenda, no solpor, na parte do occidente. Nas calendas de agosto²⁰⁸ apareceu polo occidente.

152. Morto Theodorico o seu fillo Thurismo sucédeo no reino²⁰⁹

153. Os Hunos, co seu rei Attila, abandonan as Gallias despois do combate e encamiñanse a Italia.

452: 154. No segundo ano do reinado do emperador Marciano, os Hunos, que depredaban Italia, entran aínda en bastantes cidades, mais son divinamente castigados, en parte pola fame, e en parte por certas calamidades celestes, sendo exterminados polos auxiliares enviados polo emperador Marciano ó xeneral Aetio, e, ó mesmo tempo, sometidos nas súas propias posicións polos

²⁰⁷ Na actualidade Autun, a media distancia entre París e Lyon.

²⁰⁸ 19 de xuño, 29 de xuño e 1º de agosto, respectivamente. Nesta ocasión trátase do famoso cometa Halley, visible na rexión das Pléiades, de maio a agosto. A súa anterior visita acontecera en febreiro do 374, e a seguinte produciríase en setembro do 530.

²⁰⁹ Trátase de Turismundo, elixido polas tropas no escenario da batalla dos Campos Cataláunicos.

ciani subiguntur exercitum et ita subacti pace facta cum Romanis proprias uniuersi repetunt sedes, ad quas rex eorum Attila mox reuersus interiit.

155: Ad Sueuos Mansuetus comes Hispaniarum et Fronto similiter comes legati pro pace mittuntur et optinent condiciones iniunctas.

156: Thurismo rex Gothorum, spirans hostilia, a Theodorico et Frederico fratribus iugulatur: cui Theodoricus succedit in regno.
OLYMPI. CCCVIII

2469 157: XXVIII. Tertio regni anno principis Marciani, regina moritur Pulcheria, mense Iulio.

2470 158: XXX. Per Fredericum, Theodorici regis **fratrem**, Bacaudae Terraconenses caeduntur ex auctoritate Romana.

159: XXX. In Gallaecia, terraemotus et in sole signum in ortu quasi altero secum concertante monstratur.

160: XXX. Aetius dux et patricius, fraudulenter singularis accitus intra palatium, manu ipsius Valentiniani imperatoris occiditur

infortunios celestes e polo exército de Marciano. Deste xeito obrigados, e feita a paz cos Romanos, intentan volver todos ás súas bases, nas que, pouco despois de retornar²¹⁰, morre o seu rei Attila.

155. Mansueto, conde das Hispanias, e Fronto, tamén conde, son enviados como legados ós Suevos para acadar a paz, que obteñen nas condicións encomendadas.

156. Thurismo, rei dos Godos, levado polo deveso de continuar as hostilidades, é degolado polos seus irmáns Theodorico e Frederico, sendo sucedido no reino por Theodorico²¹¹.

453: **157.** No terceiro ano do reinado do emperador Marciano, no mes de xullo, morre a raíña Pulcheria²¹².

454: **158.** Por Frederico, irmán do rei Theodorico, e de acordo coa autoridade Romá, son exterminados os Bagaudas Terraconenses.

159. Na Gallaecia prodúcense terremotos e un sinal no nacemento do Sol, coma se outro loitase con el²¹³.

160. Aetio, xeneral e patricio, enganosamente chamado só a Palacio, é morto pola propia man do emperador Valentiniano²¹⁴, e ó

²¹⁰ Estas bases atopábanse ó norte do Danubio. Attila morreu xa no ano seguinte, o 453.

²¹¹ Thurismo foi rei nada máis que no período 451-452.

²¹² Logo Santa Pulcheria. Nacera no 399. Contaba, pois, con 54 anos. Marciano (450-57), o seu esposo, era emperador do Oriente.

²¹³ Quizais un parahelio, ou aparición de varias imaxes solares sobre un halo, reflectidas nas nubes.

²¹⁴ O asasinato de Aetio tivo lugar o 21 ou o 22 de setembro.

et cum ipso, per spatharium⁵⁸ eius, aliqui singulariter intromissi iugulantur honorati.

161: His gestis legatos Valentinianus mittit ad gentes, ex quibus ad Sueuos uenit Iustinianus.

2471 162: XXXI. **Quinto**⁵⁹ regni anno principis Marciani, per duos barbaros Aetii familiares, Valentinianus Romae imperator occiditur, in campo exercitu circumstante anno aetatis suae XXXVI et regni XXXI. Post quem mox Maximus ex consulibus XLIII Romae Augustus appellatur, qui cum imperator factus relictam Valentiniani sibi duxisset uxorem et filio suo ex priori coniuge Palladio, quem Caesarem fecerat, Valentiniani filiam in coniugium tradidisset magnorum motuum, quos uerebatur, perturbatione distortus et quia⁶⁰ in occisorum per Valentinianum, et in ipsius interitum Valentiniani ambitu regni consilia scelestia patrata contulerat, cum imperium deserere uellet et Romam, uix quattuor regni sui mensibus expletis in ipsa urbe tumultu populi et seditione occiditur militari.

⁵⁸ *Bero.*: additus e spatorium, en lugar de accitus e spatharium.

⁵⁹ Corrección de Alain Tranoy. *Bero.*: quarto.

⁶⁰ *Bero.*: quia et.

mesmo tempo, degolados polo seu espatrio algúns outros notables introducidos individualmente.

161. Despois destes feitos, Valentiniano envía legados a diversos pobos, e onda os Suevos viu Iustiniano.

455: 162. No quinto ano do emperador Marciano, 31 do seu reinado, á idade de 36 anos, e estando rodeado polo exército no Campo de Marte, é asasinado Valentiniano, emperador de Roma, por dous bárbaros, familiares de Aetio²¹⁵. Despois disto é nomeado XLIII Augusto de Roma o seu inmediato sucesor, Maximo, antes Cónsul. O cal, unha vez feito emperador, toma a esposa que Valentiniano deixara, e entrégalle en matrimonio a Palladio, fillo do seu primeiro enlace, ó que fixera César, unha filla de Valentiniano. Mais, temeroso e atormentado por transtornos, xa que fora un dos instigadores das mortes cometidas por Valentiniano, e, para conseguir o poder, mesmo do propio asasinato deste, quixo abandonar Roma. Apenas reinara catro meses completos cando foi morto nesta cidade por un tumulto do pobo e unha sedición militar²¹⁶.

²¹⁵ As fontes citan a dous veteranos de Aetio, Optila e Thraustila, ou ben ós seus parentes Accilano e Trasilano. A “execución” aconteceu o 16 de marzo do 455.

²¹⁶ Nomeado emperador o 17 de marzo, Petronio Máximo acabou lapidado pola multitude o 31 de maio. É dicir, pouco máis de dous meses despois. O motivo principal puido ser o ataque a Roma do vándalo Gaiserico, con cuxo fillo Hunerico parece que estaba prometida a filla de Valentiniano que fixera desposar con Palladio.

- 163:** Ipso anno, in Galliis Auitus, Gallus ciuis, ab exercitu Gallicano et ab honoratis primum Tolosa, dehinc apud Arelatum Augustus appellatus Romam pergit et suscipitur.
- 164:** Vsque ad Valentinianum Theodosi generatio tenuit principatum.
- 165:** I. Romanorum XLIII Marcianus, **quinto**⁶¹ iam regni sui anno, obtinet monarchiam.
- 166:** Per Auitum, qui a Romanis et euocatus et susceptus fuerat imperator, legati ad Marcianum pro unanimitate mittuntur imperii.
- 167:** Gaisericus, sollicitatus a relictis Valentiniani, ut mala (malum) fama dispergit, priusquam Auitus Augustus fieret, Romam ingreditur direptisque opibus Romanorum Carthaginem redit, relictam Valentiniani et filias duas **et**⁶² Aetii filium Gaudentium nomine secum ducens.
- 168:** Sueui Carthaginienses regiones, quas Romanis reddiderant, depraedantur.

⁶¹ Corrección de Alain Tranoy. *Bero.*: quarto.

⁶² Inexistente no *Bero.*

- 163.** O mesmo ano, nas Gallias, Avito, un cidadán Galo, é proclamado Augusto polo exército Galo e polos notables, e primeiro por Tolosa²¹⁷ e despois por Arelate encamiñase cara a Roma e é aceptado.
- 164.** Ata Valentiniano mantivera o principado a estirpe de Theodosio²¹⁸.
- 165.** Marciano, XLIII emperador dos Romanos, que neste momento reinaba no seu quinto ano, obtén a monarquía²¹⁹.
- 166.** Avito, ó que os romanos chamaran, e tomara sobre si o cargo de emperador, envía legados a Marciano á procura da harmonía do Imperio²²⁰.
- 167.** A pedido da viúva de Valentiniano, segundo comenta a mala sona, antes de que Avito fose Augusto, entrou en Roma Gaiserico²²¹, tomou as riquezas dos Romanos, e retornou a Carthago levando consigo á viúva de Valentiniano, ás súas dúas fillas, e a un fillo de Aetio chamado Gaudentio.
- 168.** Os Suevos saquean as rexións Carthaginienses que lle devolveran ós romanos²²².

²¹⁷ A actual Toulouse. Trátase de Marco Maecilio Avito que tomou a púrpura en Arlés o 9 de xullo.

²¹⁸ É dicir, dende Theodosio I, emperador dende o 19 de xuño do ano 379, ata Valentiniano III, morto o 17 de marzo do 455.

²¹⁹ Idacio entende que Marciano, a pesar da existencia deste Avito no Occidente, pasou a ser considerado como Emperador tanto do Oriente coma do Occidente.

²²⁰ Mes de setembro do ano 455.

²²¹ Isto aconteceu o 2 de xuño do 455.

²²² Esta devolución debeu ser sido consecuencia do Tratado concluído no ano 452 polos legados Mansueto e Fronto (Vide § 155).

- 169:** Marcianus et Auitus concordēs principatu Romani utuntur imperii.
- 170:** Per Augustum Auitum, Fronto comes legatus mittitur ad Sueuos. Similiter et a rege Gothorum Theodorico, quia fidus Romano esset imperio, legati ad eosdem mittuntur, ut tam secum quam cum Romano imperio, quia uno essent pacis foedere copulati, iurati foederis promissa seruarent. Remissis legatis utriusque partis atque omni iuratione uiolata, Sueui Terraconensem prouinciam, quae Romano imperio deseruiebat, inuadunt.
- 171:** De Erulorum gente septem nauibus⁶³ (septemanibus) in Lucensi litore aliquanti aduecti, uiri ferme CCCC expediti, superuentu multitudinis congregatae duobus tantum ex suo numero effugantur occisis: qui ad sedes proprias redeuntes Cantabriorum et Vardulliarum loca maritima crudelissime depraedati sunt.
- 172:** Legati Gothorum rursus ueniunt ad Sueuos. Post quorum aduentum, rex Sueuorum Rechiarius, cum magna suorum multitudine, regiones prouinciae Terraconensis⁶⁴ inuadit. Illic depraedatione et grandi ad Gallaeciam captiuitate deducta.
- 173:** Mox **V**⁶⁵ **anno Marciani, aera CCCCX-CIV**⁶⁶, Hispanias rex Gothorum Theodori-

⁶³ *Bero.*: septemanibus.

⁶⁴ *Bero.*: prouintias terraconenses.

⁶⁵ *Bero.*: VI.

⁶⁶ Tan só nos códices hispánicos.

- 169.** Marciano e Avito chegan a un acordo para utilizar a Dignidade Imperial Romana.
- 170.** O conde Fronto é enviado ós Suevos como legado polo Augusto Avito. Do mesmo xeito, polo rei dos Godos, Theodorico, que era fiel ó Imperio Romano, fóronlles enviados legados ós mesmos, xa que pactaran co Imperio manterense asociados á paz, para que conservaran o compromiso prometido. Mais, devoltos estes legados, e violando todo xuramento, os Suevos invadiron a provincia Terraconense, que recoñecía ó Imperio Romano.
- 171.** O pobo dos Érulos, transportado en sete navíos á costa Lucense, envía inesperadamente case que catrocentos homes lixeiramente armados, que foron escorrentados pola multitude axuntada, morrendo tan só dous deles. No retorno ás súas terras saquean crudelísimamente os lugares marítimos dos Cántabros e dos Vardulos²²³.
- 172.** De novo veñen os legados dos Godos ós Suevos. Despois da chegada dos cales, Rechiario, rei dos Suevos, cun gran número dos seus, invade as rexións da provincia Terracoconense facendo nela depredación, e lévase á Gallaecia un gran número de cativos.
- 173.** Pouco despois, no V ano de Marciano, na Era 494²²⁴, Theodorico, rei dos Godos,

²²³ Os Érulos, ou Hérulos, procedían do norte da Alemaña. Os Cántabros ocupaban a Cantabria actual e parte de Asturias, ata o río Sella, mentres que os Vardulos vivían na costa de Euskadi.

²²⁴ Debería dicir na Era 493.

cus, cum ingenti exercitu suo et cum uoluntate et ordinatione Auiti imperatoris, ingreditur. Cui cum multitudine Sueuorum rex Rechiarius, occurrens duodecimo de Asturicensi urbe miliario, ad fluuium nomine Vrbicum, III non. Octobris die, VI feria, inito mox certamine superatur: caesis suorum agminibus, aliquantis captis plurimisque fugatis, ipse ad extremas sedes Gallaeciae plagatus uix evadit ac profugus.

174: Theodorico rege cum exercitu ad Bracaram extremam ciuitatem Gallaeciae perpendente III⁶⁷ kal. Nouembris, die dominico, etsi incruenta, fit tamen satis maesta et lacrimabilis eiusdem direptio ciuitatis. Roma norum magna agitur captiuitas captiuorum: sanctorum basilicae effractae, altaria sublata atque confracta, uirgines dei exim quidem abductae, sed integritate

⁶⁷ *Bero.*: V.

entra nas Hispanias cun inxente exército, e o consentimento e a disposición do emperador Avito. O Rei Rechiaro, cun gran número de Suevos, sáelle ó encontro no duodécimo miliario da cidade de Astúrica, no río chamado Urbico o día III das nonas de outubro, sexta feira²²⁵. Comezado axiña o combate foi vencido, perecendo moitos dos seus; bastantes foron capturados, e a maior parte deuse á fuga. E el mesmo, golpeado, conseguiu refuxiarse con dificultade, nos extremos lugares da Gallaecia.

- 174.** O rei Theodorico marcha co seu exército cara a Bracara, a extrema cidade da Gallaecia. O III das calendas de Novembro²²⁶, día do Señor, a cidade é saqueada aínda que incruentamente, feito, con todo, o suficientemente triste e deplorable. Numerosos Romanos²²⁷, prisioneiros, foron levados á cautividade; as basílicas dos santos foron forzadas, os altares derrubados e crebados, e despois, as virxes de Deus levadas pola forza²²⁸, aínda que conservada a súa inte-

²²⁵ A batalla deuse o venres 5 de outubro do ano 455 nas inmediacións do río Órbigo, en Hospital de Órbigo, León, a doce millas de Astorga. Rechiaro parece que cometeu o erro de pelexar co río ás súas costas.

²²⁶ O 30 de outubro.

²²⁷ Tan só en Bracara e en Lucus (§199) aparecen citados romanos na Gallaecia. Debemos de entender que Idacio chama así ós gallaecos máis intensamente romanizados? Os descendentes dos itálicos que se asentaran nesas cidades? A ambos os dous? No resto da súa *Chronica*, menciona nada máis que a Suevos e Gallaecos.

²²⁸ Monxas ou relixiosas, semellantes a aquelas ás que Egeria, na década do 380, dirixiu os seus escritos, ou ás que aparecen mesmo en documentos anteriores.

seruata, clerus usque ad nuditatem pudoris exutus, promiscui sexus cum paruulis de locis refugii sanctis populus omnis abstractus iumentorum pecorum camelorumque horrore locus sacer impletus, scripta super Hierusalem ex parte caelestis irae renouauit exempla.

2472 175: II. Rechiarius ad locum qui Portumcale appellatur profugus, regi Theodorico captius adducitur: quo in custodiam redacto, ceteris, qui de priori certamine superfuerant, tradentibus se Sueuis, aliquantis nihilominus interfectis, regnum destructum et finitum est Sueuorum.

176: Hisdem diebus, Rechimeris comitis circumuentione, magna multitudo Vandalorum quae se de Carthagine cum LX nauibus ad Gallias uel ad Italiam mouerat, regi Theodorico nuntiatur occisa per Auitum.

177: Hesychius tribunus legatus ad Theodoricum cum sacris muneribus missus ad Gallaeciam uenit, nuntians ei id quod

gridade, e os clérigos espidos ó límite do pudor. Todo o pobo, sen distinción de sexo, xunto cos nenos, foi tirado dos lugares santos ós que se acolleran, e os animais de carga, o gando, e os camelos, satisfeitos co espanto do lugar sagrado. Un exemplo, renovado en parte, da cólera celeste sobre Hierusalem, segundo as Escrituras²²⁹.

456: 175. Rechiario, fuxido a un lugar chamado Portumcale, é collido prisioneiro e conducido ó rei Theodorico. Metido aquel na cadea, o resto dos Suevos que sobreviviran ó primeiro combate entrégase, sendo eliminados bastantes. O reino dos Suevos é destruído e concluído²³⁰.

176. Nos mesmos días, é anunciado ó rei Theodorico que por unha trampa do conde Rechimer²³¹, unha gran moitedume de Vándalos, que se trasladaba ás Galias, ou a Italia, dende Carthago con sesenta navíos, fora exterminada por Avito.

177. O tribuno Hesyshio, legado diante de Theodorico, chegou á Gallaecia enviado

²²⁹ Daniel, IX, 26: “Et civitatem et sanctuarium dissipabit populus cum duce venturo; et finis eius vastitas, et post finem belli statuta desolatio”. “E o pobo, vindo cun príncipe, destruirá á cidade e o santuario, e rematará cunha devastación, e a desolación manteráse ata despois da fin da guerra”. Parafraseado en Mateo, XXIV, 15

²³⁰ Portumcale é a actual Porto, ou Vilanova de Gaia. Este informe parece demostrar que Idacio non puido escribir a *Chronica* ó final da súa vida, como se ven afirmado, dado que o Reino Suevo se mantivo aínda 130 anos máis.

²³¹ Trátase de Ricimer, influínte personaxe na Roma daquel tempo, fillo, segundo Sidonio Apollinar (c.430-479), dunha filla do Godo Vallia, e dun Suevo, posible parente do rei Hermerico.

supra, in Corsica, caesam multitudinem Vandalorum et Auitum de Italia ad Gallias Arelate successisse. Orientalium naues Hispalim uenientes per Marciani exercitum caesos **Lazas** nuntiant.

178: Occiso Rechiario mense Decembri, rex Theodoricus de Gallaecia ad Lusitaniam succedit

179: In conuentus parte Bracarensis, latrocinantium depraedatio perpetratur.

180: Agiulfus⁶⁸ deserens Gothos in Gallaecia residet.

181: Sueui, qui remanserant in extrema parte Gallaeciae Massiliae filium nomine Maldras sibi regem constituunt.

182: Theodoricus, Emeritam depraedari moliens, beatæ Eulaliae martyris terretur ostentis

OLYMPI. CCCVIII

⁶⁸ *Bero.*: Aioulfus, sempre.

con sagradas obrigas, e deu a coñecer o mesmo que digo arriba: que en Corsica foron abatidos un gran número de Vándalos, e que Avito, pasando de Italia ás Gallias chegara Arelate. Naves que viñeron a Hispalis dende o Oriente, anunciaron que o exército de Marciano terminara cos Lazios²³².

- 178.** Eliminado Rechiario no mes de Decembro, o rei Theodorico pasa da Gallaecia á Lusitania.
- 179.** Nunha parte do “*conventus*” de Bracara²³³ son cometidas pillaxes por salteadores.
- 180.** Agiulfo deserta dos Godos, e establécese na Gallaecia²³⁴.
- 181.** Os Suevos que permanecían na extrema parte da Gallaecia poñen coma rei seu a un fillo de Massilia chamado Maldras²³⁵.
- 182.** Theodorico, a piques de depredar Emérita, séntese aterrado polos prodixios da santa mártir Eulalia.

²³² Corsica é a Córsega actual, e os Lazios un pobo das beiras do Mar Negro.

²³³ O “*conventus*” de Bracara espallábase dende a liña ría de Vigo-río Sil, ata o Douro, acadando polo leste as lindes da Galicia e o Portugal actuais. Polo que se le máis adiante, estes salteadores parecen ser os Godos.

²³⁴ Debe de ser o mesmo que asasinara ó conde Censorio no ano 448. E, tal como explica Idacio, residente na Gallaecia, non chegou a ela en representación de Theodorico, como defenden algúns, senón pola súa propia conta.

²³⁵ O que supón o acceso ó trono dunha nova dinastía (M. Torres, p. 33), distinta da de Hermerico, que gobernara dende o ano 411 ó 456.

- 2473 183:** III. Auitus, tertio anno posteaquam a Gallis et a Gothis factus fuerat imperator, caret imperio Gothorum promisso destitutus auxilio, caret et uita.
- 184:** In Orientis partibus septimo anno imperii sui moritur Marcianus.
- 185:** Romanorum XLIIII⁶⁹ Maiorianus in Italia et Constantinopoli Leo Augusti appellantur.
- 186:** I. Theodoricus, aduersis sibi nuntiis territus, mox post dies paschae, quod fuit II⁷⁰ kal. Aprilis, de Emerita egreditur et, Gallias repetens, partem, ex ea quam habebat multitudine uariae nationis, cum ducibus suis ad campos Gallaeciae dirigit: qui dolis et periuriis instructi, sicut eis fuerat imperatum, Asturicam, quam iam praedones ipsius sub specie Romanae ordinationis intrauerant, mentientes ad Sueuos qui remanserant iussam sibi expeditionem, ingrediuntur pace fucata solita arte perfidiae. Nec mora, promiscui generis reperta illic caeditur multitudo, sanctae effringuntur ecclesiae, altaribus direptis et demolitis sacer omnis ornatus et

⁶⁹ *Bero.*: XLV.

⁷⁰ *Bero.*: V.

- 457:** **183.** Avito, no terceiro ano de ser elexido coma emperador polos Galos e os Godos, falto da axuda prometida polos Godos, é destituído e perde a vida²³⁶.
- 184.** Na parte do Oriente, no sétimo ano do seu goberno, morre Marciano²³⁷.
- 185.** Son nomeados os XLVIII Augustos dos Romanos, Maiorano en Italia, e León²³⁸ en Constantinopla.
- 186.** Theodorico, coñecedor de novas inquiredantes para el, deixa Emérita pouco despois dos días da Pascua, que foi no II das calendas de Abril²³⁹, e, tratando de volver ás Gallias, envía a unha parte das distintas nacións, cos seus xefes, ós Campos da Gallaecia. Seguindo as perversas ordes que lles dera, estas penetraron en Astúrica, na que xa entraran os asaltantes, e co pretexto de seguir ordes de Roma e de que foran enviados contra os Suevos que nela permanecían, simulan a paz coa súa habitual arte da perfidia. Sen tardar, sacrifican a unha multitude de xentes mesturadas que atoparon, forzan as santas igrexas, rachan e derruban os altares,

²³⁶ Fora vencido en Placentia, hoxe Piacenza, no norte de Italia, o 17 de outubro do 456. Nomeado despois bispo, para salvarlle a vida, morrería uns meses máis tarde nas Gallias.

²³⁷ Tiña entón 67 anos de idade. Gobernou dende agosto do 450 a xaneiro ou febreiro do 457.

²³⁸ Iulio Valeriano Meioriano e Flavio Valerio Leo, posiblemente en abril e febreiro, respectivamente.

²³⁹ O 31 de marzo. A deposición do seu protexido Avito debeu de ser unha destas pouco gratas novas.

usus aufertur. Duo illic episcopi inuenti cum omni clero abducuntur in captiuitatem: inualidior promiscui sexus agitur miseranda captiuitas; residuis et uacuis ciuitatis domibus datis incendio, camporum loca uastantur. Palentina ciuitas simili quo Asturica per Gothos perit exitio. Vnum Couiacense castrum tricesimo de Asturica miliario a Gothis diutino certamine fatigatum auxilio dei hostibus et obsistit et praeualet: quam plurimis ex eorum manu interfectis, reliqui reuertuntur ad Gallias.

187: Agiulfus, dum regnum Sueuorum sperat, Portucale moritur mense Iunio.

188: Sueui in partes diuisi pacem ambiunt Gallaecorum: e quibus pars Framtano, pars Maldras regem appellant. Solito more perfidiae Lusitaniam depraedatur pars Sueuorum Maldarem sequens. Acta illic⁷¹ Romanorum caede praedisque contractis **ciuitas**⁷² Vlixippona sub specie pacis intratur.

⁷¹ *Bero.*: ilic a.

⁷² *Bero.*: omnia. A corrección tomada por Mommsen de Isidoro, *Hist.* 32.

e lévanse todos os santos ornamentos. Descubertos alí dous bispos, leváronos cativos con todo o clero, e os homes e as mulleres indefensos foron reducidos a lastimosa cautividade; o resto das casas da deserta cidade entregados ó lume, e os lugares dos Campos devastados. A cidade Palentina, o mesmo que Astúrica, foi destruída polos Godos. Tan só a fortaleza de Covianca²⁴⁰, a trinta millas de Astúrica, resistiu e prevaleceu fronte os enemigos, coa axuda de Deus, despois dun esgotador e longo combate contra ós Godos. Nela foron destruídos pola forza moitos deles, e o resto retornou ás Gallias.

187. Agiulfo, que se facía ilusións co reino dos Suevos, morre en Portucale no mes de xuño²⁴¹.

188. Os Suevos, divididos en faccións, pídenlle a paz ós Gallaecos: unha parte nomea rei a Framtano e outra a Maldras. Coa súa perfidia habitual, a parte que seguía a Maldras depreda a Lusitania. Feita alí unha matanza de Romanos, axuntan o roubado na cidade de Ulixippo²⁴² na que entran baixo o pretexto da paz.

²⁴⁰ A Cidade Palentina, é a actual Palencia, e Covianca, Coyanza, quizais a actual Valencia de don Juan, na que se celebrou un Concilio no ano 1050. Os Campos da Gallaecia, son a actual Terra de Campos, en Palencia.

²⁴¹ Morreu no Porto ou en Vila Nova de Gaia. Das palabras de Idacio parece deducirse que Agiulfo pretendía, ou que acadou, o reino Suevo. Para Iordanes sufriu morte violenta por parte dos Godos.

²⁴² Hoxe Lisboa. Esta división política produciuse a causa do asasinato de Rechiario polos Godos. Considérase que é Maldras, elixido rei xa con anterioridade (§181) gobernou no norte, e Framtano no sur do reino.

- 189:** Framtane moritur per Pascha et Pentecostem.
- 190:** Iubente Maldere, Sueui in solitam perfidiam uersi regionem Gallaeciae adhaerentem flumini Durio depraedantur.
- 2474 191:** II. Quinto kal. Iunias die, quarta feria, ab hora quarta in horam sextam, ad speciem lunae quintae uel sextae sol de lumine orbis sui minoratus apparuit.
- 192:** Gothicus exercitus, duce suo Cyrila a Theodorico rege ad Hispanias missus, mense Iulio succedit ad Baeticam. Legati Gothorum et Vandalorum pariter ad Sueuos ueniunt et reuertuntur.
- 192^a:** **Aera CCCXCXV, Sabinus, episcopus Hispalensis, post annos XX quam certauerat expulsus, de Galliis ad propriam redit ecclesiam⁷³.**
- 2475 193:** III. Theodoricus, cum duce suo Sunerico, exercitus sui aliquantam ad Baeticam dirigit manum: Cyrila reuocatur ad Gallias. Sueui nihilominus Lusitaniae partes cum Maldare, alii cum Rechimundo Gallaeciae depraedantur.

⁷³ Nada más que nos códices hispánicos.

- 189.** Framtano morre entre a Pascua e o Pentecostés.
- 190.** Mandados por Maldras, os Suevos, coa súa habitual perfidia, depredan a rexión da Gallaecia veciña do río Durio²⁴³.
- 458:** **191.** O quinto día das calendas de xuño, cuarta feira, e da cuarta á sexta hora, o sol apareceu cunha parte do seu disco iluminado de menos, co aspecto da lúa no seu quinto, ou sexto, día²⁴⁴.
- 192.** O exército Godo, enviado ás Hispanias polo rei Theodorico, chega á Bética no mes de xullo, conducido polo seu xeneral Cyrila. Ó mesmo tempo, os legados dos Godos e dos Vándalos²⁴⁵, veñen onda os Suevos, e vólvense.
- 192^a.** Na Era 495, Sabino, bispo botado de Hispalis²⁴⁶, retorna das Gallias á súa propia Igrexa, despois de vinte anos de loita.
- 459:** **193.** Theodorico, co seu xeneral Sunerico, dirixe unha forza considerable do seu exército á Bética, e Cyrilla é devolto ás Gallias. Con todo, os Suevos depredan partes da Lusitania con Maldras, e os outros da Gallaecia con Rechimundo²⁴⁷

²⁴³ O Douro actual, límite sur da Gallaecia.

²⁴⁴ Eclipse parcial de sol do 28 de maio.

²⁴⁵ Intento de recuperar a influencia na Gallaecia por parte de Theodorico II, que coincide cun tempo tamén de intensa actividade diplomática por parte do Vándalo Gaiserico.

²⁴⁶ Máis exactamente na Era 496, que se corresponde co ano 458. Fora botado dezasete anos antes por unha facción.

²⁴⁷ Rechimundo parece que estaba a gobernar dende este mesmo ano.

- 194:** Eruli maritima conuentus Lucensis loca nonnulla crudelissime inuadunt, ad **Baeticam** pertendentes.
- 195:** Maldras germanum suum fratrem interficit et **Portumcale** castrum idem hostis inuadit.
- 196:** Inter Sueuos et **Gallaecos**, interfectis aliquantis honestis natu, malum hostile miscetur.
- 197:** Legati, a Nepotiano magistro militiae et a **Sunerico** comit  missi, ueniunt ad **Gallaecos**⁷⁴ nuntiantes **Maorianum Augustum** et **Theodoricum regem** firmissima inter se pacis iura sanxisse, **Gothis** in quodam certamine superatis.

2476 198: IIII. Maldras, in fine mensis Februarii, iugulatus merito⁷⁵ perit interitu.

199: Per Sueuos, **Luco** habitantes, in diebus Paschae, Romani aliquanti cum rectore suo honesto natu, repentino, securi de reuerentia dierum, occiduntur incursu.

⁷⁴ *Bero.*: sunericomite e gallecios, en vez de Sunerico comite e Gallaecos.

⁷⁵ *Bero.*: emerito.

- 194.** Cando se encamiñaban á Bética, os Érulos invaden os lugares marítimos do “conventus” Lucense coa maior das crueldades.
- 195.** Maldras mata ó seu irmán xermano²⁴⁸ e invade como inimigo a fortaleza de Portumcale.
- 196.** Despois da morte de bastantes persoas de noble nacemento, suscítase a hostilidade entre os Suevos e os Gallaecos.
- 197.** Legados enviados polo Mestre da Milicia Nepotiano e polo conde Sunerico, veñen a anunciar ós Gallaecos que o Augusto Maioriano e o rei Theodorico ratificaran e xuraran entre eles unha paz firmísima, superando unha certa hostilidade dos Godos²⁴⁹.
- 460: 198.** A finais do mes de febreiro Maldras é degolado, e recibe unha merecida morte.
- 199.** Nos días da Pascua, bastantes Romanos que habitan Luco, xunto co seu Reitor²⁵⁰, de noble nacemento, foron eliminados nestes tranquilos e venerables días por unha repentina incursión dos Suevos.

²⁴⁸ A expresión, “germanum suum fratrem”, parece unha metáfora para indicar un enfrontamento entre Suevos. M. Torres, p. 33, entende, porén, que Maldras dera morte a un auténtico irmán carnal seu.

²⁴⁹ Theodorico II acababa de ser vencido polos Romanos en Arelate. Sunerico viñera á Gallaecia no seu nome.

²⁵⁰ Segundo P.C. Díaz Martínez (Varios (1992): *Da Romanización...*, páxs. 215, 217-19, 224), debemos de entender coma Reitor, o mesmo que nas constitucións Baixomedevais, “o que está ó fronte de”. É dicir, o que gobernaba entón Lugo, non ó *Tribunus Cohortis Lucensis*, documentado sesenta anos antes.

- 200:** Mense Maio, Maiorianus Hispanias ingreditur imperator: quo Carthaginensem prouinciam pertendente, aliquantas naues, quas sibi ad transitum aduersum Vandalos praeparabat de litore Carthaginensi, commoniti Vandali per proditores abripiunt. Maiorianus, ita a sua ordinatione frustratus, ad Italiam reuertitur.
- 201:** Pars Gothici exercitus, a Sumerico et Nepotiano comitibus ad Gallaeciam directa, Sueuos apud Lucum depraedatur habitantesque Dictyni. Ospinione et Ascario delatoribus spargentibusque ad terrorem propriae uenena perfidiae indagata, recurrit ad suos. Ac mox, isdem delatoribus quibus supra, Frumarius, cum manu Sueuorum quam habebat, impulsus, capto Ydatio episcopo VII kal. Aug. in Aquae-flauienti ecclesia, eundem conuentum grandi euertit excidio.

- 200.** No mes de maio, o emperador Maioriano entrou nas Hispanias e encamiñouse á provincia Cathaginiense onde tiña preparado un certo número de naves para pasar dende o litoral Carthaginiense contra os Vándalos. Mais estes foron advertidos por traidores. Como consecuencia, frustados os seus preparativos, Maoriano volve a Italia.
- 201.** Unha parte do exército Godo, enviada á Gallaecia polos condes Sunerico e Nepotiano, depreda ós Suevos nas proximidades de Luco, e ós habitantes de Dictynium²⁵¹. Os delatores Ospinio e Ascanio, descuberto o terror dos venenos e a propia perfidia que espallaran, volven a toda presa cos seus. Despois, impulsado polos mesmos delatores arriba indicados, Frumario, co poder que tiña dos Suevos, captura o bispo Ydacio na igrexa de Aquae Flaviae o VII das calendas de agosto²⁵², e cae con grande saqueo sobre o seu “conventus”²⁵³.

²⁵¹ Dictynium, Dactonium, segundo Claudio Ptolomeo, era cidade dos Lemavos, posiblemente a actual Monforte de Lemos, ó sur de Lugo. Algúns autores corrixen Dycinium por Dictinio, nome de persoa, do que viría a resultar que os delatores serían tres.

²⁵² Frumario reinaba sobre unha parte da Gallaecia. Aquae Flaviae xa dixemos que é a actual Chaves. A captura aconteceu o 26 de xullo.

²⁵³ Aínda que nada máis que coñecemos os “conventus” de Luco, Bracara, Astúrica e Clunia na Gallaecia, é posible, que logo da ocupación Sueva se producisen cambios, e que, arredor da Aquae Flaviae administrada por Idacio, se crease un novo e efémero “conventus”, xa que se atopaba nesas “medias partes” da Gallaecia ao parecer entón autónomas ou independentes. Tamén se especula con que este falase en sentido figurado, tendo en conta as características do indicado territorio, que podería estar a funcionar de facto como un “conventus”.

- 202:** Rechimundus uicina sibi pariter Auregensium loca et Lucensis conuentus maritima populatur.
- 203:** Inter Frumarium et Rechimundum oritur de regni potestate dissensio.
- 204:** Gallaecorum et Sueuorum pacis quaedam umbra conseritur.
- 205:** A Theodorico legati ad Sueuos ueniunt et recurrunt.
- 206:** Sunericus Scallabim⁷⁶ (Scalavi), cui aduersabatur, optinet ciuitatem.
- 207:** Ydatius qui supra, tribus mensibus captiuitatis inpletis, mense Nouembri, miserantis, dei gratia contra uotum et ordinationem supra dictorum delatorum, redit ad Flauias.
- 208:** De rege Theodorico legati gentis perfidae reuertuntur.
- 209:** Gaisericus rex, a Maioriano imperatore, per legatos postulat pacem.
OLYMPI. CCCX
- 2477 210:** V. Maiorianum de Galliis Romam redeuntem et Romano imperio uel nomini res

⁷⁶ *Bero.*: scalavi.

- 202.** Do mesmo xeito, Rechimundo saquea os lugares próximos dos Auregenses²⁵⁴ e as Costas do “*conventus*” Lucense.
- 203.** Prodúcese unha disensión entre Frumario e Rechimundo polo poder do reino.
- 204.** Establécese unha sombría paz entre os Gallaecos e os Suevos.
- 205.** Os legados de Theodorico veñen onda os Suevos e vólvense.
- 206.** Sunerico consigue a cidade de Scallabis²⁵⁵ coa que estaba enfrontado.
- 207.** O Ydacio de antes, completada unha catividade de tres meses, e en contra dos devezos e as disposicións dos miserables delatores arriba indicados, volve a Flavias²⁵⁶, pola graza de Deus, no mes de novembro.
- 208.** Os legados do pobo pérfido retornan de onda o rei Theodorico²⁵⁷.
- 209.** O rei Gaiserico, demándalle a paz ao emperador Maioriano por medio de legados.

461: 210. A Maioriano, volto das Gallias a Roma, e cando organizaba as cousas necesarias para Imperio Romano, ou ben no seu

²⁵⁴ Posiblemente a “*civitas*” ou “*populi*” cuxa cabeza foi Auria, hoxe Ourense, no “*conventus*” Bracarense. Isidoro de Sevilla (*Historia Suevorum*, 89), menciónaos como *Auregensium* e *Auriensium*. Outra posibilidade é a da comarca do actual San Miguel de Aurega, en Portugal, a uns 30 kms. de Tui (W. Reinhart, p.50).

²⁵⁵ Hoxe Santarem, nas marxes do Texo, ó norte de Lisboa. Debemos de entender que a estaba atacando.

²⁵⁶ Como xa vimos, fora capturado o 26 de xullo.

²⁵⁷ Con “pobo pérfido”, refírese Idacio ó dos Suevos.

necessarias ordinantem, Rechimer, liuore percitus et inuidorum consilio fultus, fraude interfecit circumuentum.

211: Romanorum XLV Seuerus a senatu Romae Augustus appellatur anno imperii Leonis quinto.

212: I. Suericus redit ad Gallias.

213: Nepotianus Theodorico ordinante Arbo-rium accipit successorem.

214: In prouincia Gallaecia, prodigiorum uidentur signa diuersa. Aera D, VI non. Mart., pullorum cantu, ab occasu solis, luna in sanguinem plena conuertitur: idem dies sexta feria fuit.

214^a: **In conuentu Bracarense duorum natorum portentum uisum; quattuor Legione simile memoratur⁷⁷.**

215: Antiochia maior Isauriae, inobaudiens monitis salutaribus, terra dehiscente demergitur, **episcopo⁷⁸** tantum ipsius ciuitatis cum aliquantis, qui eum, obaudientes timori domini, sunt secuti, de interitu liberatis, turrium etiam solis cacuminibus extantibus super terram.

⁷⁷ Nada más que nos codices hispánicos. *Bracharense* no *Matritensis* da Universidad Complutense.

⁷⁸ Engadido de Mommsen. Non figuraba no *Berolinensis*

nome, céntrico con engano e mátao²⁵⁸, Rechimer, excitado polos ciumes e sostido polo consello dos envexosos.

- 211.** Severo²⁵⁹, é nomeado XLV Augusto polo Senado de Roma no quinto ano do goberno de León.
- 212.** Sunerico volve ás Gallias.
- 213.** Nepotiano recibe a Arborio, o sucesor designado por Theodorico.
- 214.** Na provincia da Gallaecia maniféstanse diversos signos de prodixios. Na Era 500, o VI das nonas de marzo, do ocaso do sol ata o canto dos galos, a lúa chea convírtese en sangue. Este día foi sexta feira²⁶⁰.
- 214^a.** No “conventus” Bracarense, viuse o nacemento de dous enxendros, e de xeito semellante, lémbrese o de catro en Legion²⁶¹.
- 215.** Antiochía a Grande, a de Isauria, por desobedecer os consellos saudables, foi arruinada ó fenderse a terra; só o bispo da cidade, con bastantes que o seguiran, obedientes do temor de Deus, libráronse da destrución, quedando agora sobre a terra tan só a parte superior das torres que emerxen do chan²⁶².

²⁵⁸ Día 7 de agosto. Ricimer convértese así no funesto árbitro do Imperio.

²⁵⁹ Trátase de Libio Severo III, proclamado en Ravenna o 5 de xullo ou o 19 de novembro.

²⁶⁰ Eclipse de lúa do venres 2 de marzo do 462, Era 500, se ben que aquí aparece como no ano 461.

²⁶¹ Refírese á cidade de Legio Septima, hoxe León, situada no “conventus” Asturicense.

²⁶² Confusión con Antioquía de Siria, que foi a que padeceu este terremoto. A Antioquía de Isauria atopábase na costa meridional da Turquía actual, uns trescentos quilómetros ó oeste da primeira.

- 216:** Gaisericus Valentiniani relictam Constantinopolim remittit. Filiae ipsius una Gentoni Gaiserici filio, alia Olybrio senatori urbis Romae iure matrimonii copulantur.
- 217:** Agrippinus, Gallus **comes**⁷⁹ et ciuis, Aegidio comiti uiro insigni inimicus, ut Gothorum mereretur auxilia, Narbonam tradidit Theodorico.
- 217^a:** Mense Iunio in Gallaecia⁸⁰ coruscatione uillae exustae, greges ouium concremati, carnes concisae, pluuias de caelo mixtae cadunt; duo adulescentes carne in inuicem solidati adhaerentes sunt mortui⁸¹.
- 218:** Aduersus Aegidium comitem utriusque militiae, uirum **et fama commendatum**⁸² et deo bonis operibus conplacentem, in Armorica prouincia Fretiricus frater Theodorici regis insurgens cum his cum quibus fuerat superatus occiditur.
- 219:** Cum Palogorio uiro nobili Gallaeciae, qui ad supra dictum iuerat regem, Cyrila legatus ad Gallaeciam ueniens euntes ad eundem regem legatos obuiat Rechimundi; qui regressi in celeri reuertentem

⁷⁹ *Bero.*: omnes.

⁸⁰ *Bero.*: Galicia.

⁸¹ Todo o parágrafo 217^a figura nada máis que no Epítome de Fredegario.

⁸² *Bero.*: ut famma commendat.

- 216.** Gaiserico envía a Constantinopla á viúva de Valentiniano. Unha filla da mesma únese en vínculo matrimonial a Genton, fillo de Gaiserico, e a outra a Olybrio, Senador da cidade de Roma²⁶³.
- 217.** Agrippino, conde e cidadán Galo, inimigo do insigne conde Aegidio, entrega Narbona a Theodorico para conseguir a axuda dos Godos.
- 217^a.** No mes de xuño na Gallaecia, algunhas granxas foron consumidas polos lóstregos, rabaños de ovellas queimados, e as súas carnes esnaquizadas; caíron do ceo trombas de chuvia, e dous adolescentes morreron cos corpos fortemente unidos un ó outro.
- 218.** Frederico, irmán do rei Theodorico, érguese na provincia da Armórica contra Aegidio, conde das dúas Milicias, varón recomendado tanto pola súa sona como agradable a Deus polas súas boas obras, sendo vencido, xunto cos que o acompañaban, e morto²⁶⁴.
- 219.** Palogorio, varón noble da Gallaecia, que viñera ó rei co arriba indicado Ciryla, legado na Gallaecia, atopou os enviados de Rechimundo, que viñan ó mesmo rei²⁶⁵.

²⁶³ Outra pequena imprecisión de Idacio. Eudicia, filla de Valentiniano, casara xa co fillo de Gaiserico, Huneric, no 456. E a outra, Placidia, fixérao con Anicio Olybrio o ano anterior.

²⁶⁴ Aegidio era Mestre das Milicias, non conde, e foi axudado polo Franco-Salio Childerico I (456-481). A Armórica é a actual Bretaña.

²⁶⁵ Infírese que Palogorio acudira onda Theodorico, na súa corte de Tolosa, nas Gallias.

Cyrlam in Lucensi urbe suscipiunt. Post cuius mox egressum de Gallaecia⁸³ Sueui promissionum suarum ut semper fallaces et perfidi diuersa loca infelicis Gallaeciae solito depraedantur.

220: Per Theodoricum ad Sueuos Remismundus et Cyrilla cum aliquantis Gothis, qui prius uenerant, remittuntur. Cyrilla in Gallaecia⁸⁴ remanente, Remismundo mox recurrente ad regem, inter Gallaecos et Sueuos indisciplinata perturbatio dominatur.

221: Romanae ecclesiae XLIII praesidet episcopus Hilarus.

2478

2479

2480 Lagoa no texto.

OLYMPI. CCCXI

2481 222: V. Nepotianus recedit e corpore.

223: Frumario mortuo, Remismundus omnibus Sueuis in suam dicionem regali iure reuocatis pacem reformat elapsam.

224: Mense Maio, supradicti uiri Aegidi legati per Oceanum ad Vandalos transeunt, qui eodem cursu Septembri mense reuertuntur ad suos.

⁸³ *Bero.*: fuerat e Gallicia, en vez de iverat e Gallaecia.

⁸⁴ *Bero.*: Thudericum e Galatiae, en vez de Theodoricum e Gallaecia

Estes, volvendo a toda présa sobre os seus pasos, acollen a Cyrila na cidade de Luco. Inmediatamente despois de que saísen da Gallaecia, os Suevos, coma sempre pérfidos e falaces coas súas promesas, depredaron segundo era habitual, diversos lugares da infortunada Gallaecia.

- 220.** Theodorico envía ós Suevos a Remismundo²⁶⁶ e a Cyrila, con bastantes Godos, que xa viñeran antes. Chegado Cyrila á Gallaecia, Remismundo retorna ó rei, mentres entre os Gallaecos e os Suevos domina unha indisciplinada desorde.
- 221.** O XLIII bispo que preside a igrexa de Roma é Hilario²⁶⁷.

465: 222. Nepotiano entrega a alma.

223. Despois da morte de Frumario, Remismundo²⁶⁸ chama a todos os Suevos a someterse ó seu poder real, e restablece a paz desaparecida.

224. No mes de maio os legados do antes mencionado varón Aegidio, pasan ós Vándalos a través do Océano, e en setembro retornan ós seus polo mesmo camiño.

²⁶⁶ Este Remismundo podería ser un Godo, distinto tanto do Rechimundo coma do Remismundo, reis dos Suevos, que aparecen nos parágrafos 193, 202, 203, 219, 220, 223, 226, 233, 137, 238 e 251.

²⁶⁷ Este, elixido Papa o 19 de novembro do 461, morrería o 29 de febreiro do 468.

²⁶⁸ Frumario morrera no 464, despois de gobernar nunha parte da Gallaecia dende o 460. Pola grafía empregada por Idacio temos que pensar que Remismundo, ó que Isidoro, sen moito fundamento, considera fillo de Maldras, ten que ser distinto do Rechimundo anterior.

- 225:** XIII kal. Aug. die, secunda feria, in speciem lunae quintae sol de lumine suo ab hora tertia in horam sextam cernitur minoratus.
- 226:** Legatos Remismundus mittit ad Theodoricum; qui similiter suos ad Remismundum remittit, cum armorum adiectione uel munerum, directa et coniuge, quam haberet.
- 227:** Vandali per Marcellinum in Sicilia caesi effugantur ex ea.
- 228:** Aegidius moritur, alii dicunt insidiis, alii ueneno deceptus. Quo desistente mox Gothi regiones **inuadunt**⁸⁵ quas Romano nomini tuebatur.
- 229:** Sueui, Conimbricam dolose ingressi, familiam nobilem Cantabri spoliant et captiuam **abducunt**⁸⁶ matrem cum filiis.
- 230:** Legati, eodem anno, duabus uicibus, a rege Sueuorum mittuntur ad regem Theodoricum; ad quem et Arborius proficiscitur euocatus.

2482 231: VI. Reuersi legati Sueuorum obisse nuntiant Seuerum (omitido B) imperii sui anno IIII: qui supra remittuntur ad

⁸⁵ *Bero.*: non figura. Corrección suxerida por Mommsen.

⁸⁶ *Bero.*: adducunt.

- 225.** No día XIII das calendas de agosto, segunda feira, albiscouse como o sol tomaba o aspecto da lúa no seu quinto día, e que a súa luz mirraba da terceira á sexta hora²⁶⁹.
- 226.** Remismundo envía legados a Theodorico, quen, do mesmo xeito, lle concede sinceramente a Remismundo unha esposa que tiña²⁷⁰, xunto con abastecementos ou agasallos.
- 227.** Abatidos en Sicilia por Marcellino, os Vándalos foxen desta.
- 228.** Morre Aegidio, uns din que enganado a traizón, outros que por un veneno. Inmediatamente despois do cal, e mudando, os Godos invaden as rexións que aquel protexía no nome de Roma²⁷¹.
- 229.** Os Suevos, entran con engano en Conimbriga²⁷² e expolían a noble familia de Cántabro, levándose cativos á nai e ós fillos.
- 230.** O mesmo ano, o rei dos Suevos envía por dúas veces legados ó rei Theodorico, e Arborio é chamado por este para conseguir progresos.

466: 231. Ó seu retorno, os legados dos Suevos anuncian a morte de Severo no IIII ano do

²⁶⁹ Eclipse do luns 20 de xullo do 464.

²⁷⁰ Que tiña “para el”, debemos de entender. Tratábase, ó parecer, dunha filla do propio Theodorico, segundo recolleron cronistas posteriores.

²⁷¹ As terras do actual Loire, no noroeste das Gallias.

²⁷² Conimbriga, estaba situada a uns doce quilómetros ó sur da Coimbra actual, en Portugal.

Conimbricam.

- 232:** Ajax, natione Galata, effectus apostata et senior Arrianus, inter Sueuos regis sui auxilio hostis catholicae fidei et diuinae trinitatis emergit. **A** Gallicana Gothorum habitatione hoc pestiferum inimici hominis uirus aduectum .
- 233:** Sueui **adu**ersus Aunonensem **sa**euiunt plebem. Qua de causa legati a Theodorico ad Remismundum mittuntur in cassum spretique⁸⁷ ab eo mox redeunt.
- 234:** De Constantinopoli, a Leone Augusto, **Anthemius** frater Procopi cum Marcellino aliisque comitibus uiris electis et cum ingenti multitudine exercitus copiosi ad Italiam deo ordinante directus ascendit.
- 2483 235:** Romanorum XLVI **Anthemius**, octauo miliario de Roma, Augustus appellatur

⁸⁷ *Bero.*: spertisque.

seu reinado²⁷³: Os arriba indicados son devoltos a Conimbriga.

- 231.** Ajax, Gálata* de nación, e apóstata xa de idade, que se fixera Arriano, érguese entre os Suevos a combater, coa axuda do rei, a fe católica e a divina Trindade, propagando o pestífero virus do enemigo do home, que trouxera das Galias habitadas polos Godos²⁷⁴.
- 233.** Os Suevos revólvense contra a plebe Aunonense²⁷⁵. Por esta causa, Theodorico envía inutilmente legados a Remismundo, que, rexeitados, retornan axiña onda el.
- 234.** Por disposición do Augusto León, Anthemio, irmán de Procopio²⁷⁶, xunto con Marcellino, outros condes, varóns escollidos, e un abondoso e inxente exército, marchan dende Constantinopla directamente sobre Italia.

467: 235. Anthemio é proclamado XLVI Augusto dos Romanos, a oito millas de Roma, no

²⁷³ Libio Severo III morrera, sospeitase que envelenado, o 14 de novembro do ano anterior.

²⁷⁴ Para W. Reinhart, pp. 51, 73 e 75, Ajax viñera acompañando á filla de Theodorico. Con el chega o Arrianismo á Gallaecia.

²⁷⁵ Plebe, ou pobo descoñecido, aínda que se apunta tanto que poida ser o que vivía nas proximidades da illa Aunios (Caio Plinio, IV, 111), hoxe Ons, no exterior da Ría de Pontevedra, coma outro do que se especula que podía estar asentando entre a Lusitania e o "conventus" Asturicense. (W.Reinchart, p. 52, e M. Torres, p. 30). O *Parrochiale Suevorum* sitúao na diocese de Tui.

²⁷⁶ Anthemio, Patricio Procopio Anthemio, era fillo, non irmán, de Procopio.

anno Leonis imperii **undecimo**⁸⁸ mens.
Aug.

- 236:** I. Expeditio ad Africam aduersus Vandalos ordinata metabolarum commutatione et nauigationis inopportunitate reuocatur.
- 237:** Per Theodoricum, Salla legatus mittitur ad Remismundum regem Sueuorum, qui reuersus ad Gallias eum a fratre suo Euerico repperit interfectum.
- 238:** Euericus pari scelere quo frater succedit in regnum: qui honore prouectus et crimine legatos et ad imperatorem et ad regem dirigit Sueuorum. Quibus sine mora⁸⁹ a Remismundo remissis, eiusdem regis legati ad imperatorem, alii ad Vandalos, alii diriguntur ad Gothos.
- 239:** De Aunonensi plebe, cui Sueuorum aduersabatur hostilitas, Opilio cum uiris secum rege profectis et cum aliquantis, qui cum ipso missi fuerant, reuertitur.
- 240:** Gothi, qui ad Vandalos missi fuerant, supra dictae expeditionis rumore perterriti reuertuntur in celeri: pariter et Sueui, qui post legatos more solito per diuersa loca in praedam dispersi fuerant, reuocantur. Sed paucis post mensibus ipse rex Sueuorum ad Lusitaniam transit.

⁸⁸ *Bero.*: octavo.

⁸⁹ *Bero.*: mora et ad imperatorem.

mes de agosto do ano undécimo do emperador León²⁷⁷.

- 236.** Unha expedición disposta para ir a Africa contra os Vándalos foi abandonada por cambios e a inoportunidade da navegación.
- 237.** Salla, legado enviado por Theodorico a Remismundo, rei dos Suevos, ó seu retorno ás Gallias atopa a aquel morto polo seu irmán Euerico²⁷⁸.
- 238.** Por un crime igual ó do seu irmán, Euerico sucédeo no reino²⁷⁹. Este, elevado á dignidade polo crime, manda legados ó Emperador e ó rei dos Suevos. Devoltos estes sen demora por Remismundo, o mesmo rei envía legados ó emperador, outros ós Vándalos, e outros ós Godos.
- 239.** Opilio, cos homes do seu rei, e con outros, que foran enviados con el, retorna dende o pobo Aunonense, ó que os Suevos castigaban con hostilidade.
- 240.** Os Godos, que foran enviados ós Vándalos, aterrados polos rumores da expedición arriba indicada, volven axiña sobre os seus pasos. Do mesmo xeito foron rexeitados os Suevos, que despois da marcha dos legados, se espallaran por diversos lugares para saquear como tiñan por costume. Mais, poucos meses despois, o mesmo rei dos Suevos pasa á Lusitania.

²⁷⁷ A súa proclamación, nas inmediacións de Roma, parece que foi o 12 de abril do 467, non en agosto.

²⁷⁸ Máis coñecido na historiografía coma Eurico (466-484). O feito acontecera en Tolosa a finais do ano 466.

²⁷⁹ Lembremos que Theodorico chegara a rei despois de asasinar o seu irmán Thurismo no ano 453.

2484 241: II. Conimbrica, in pace decepta, diripitur domus destruuntur cum aliqua parte murorum habitatoribusque captis atque dispersis et regio desolatur et ciuitas.

242: Legati de Gothicorum... reuersi referunt portenta in Galliis uisa aliquanta, in conspectu... similem ipsi de continuo paruuisse solem alium uisum... solis occasu.

243: Congregatis etiam quodam die concilii sui Gothis, tela quae habebant in manibus, a parte ferri uel acie alia uiridi, alia roseo, alia croceo, alia nigro colore naturalem ferri speciem aliquamdiu non habuisse mutata.

244: Medio Tolosae ciuitatis, hisdem diebus, e terra sanguinem erupisse totoque diei fluxisse curriculo.

OLYMPI. CCCXII

2485 245: III. Legatorum Sueuorum reditum aliquanta Gothorum manus insequens Emeritam petit.

246: Vlixippona a Sueuis occupatur, ciue suo, qui illic praeerat, tradente Lusidio. Hac re cognita, Gothi qui uenerant inuadunt et Sueuos depraedantur, pariter et Romanos ipsis in Lusitaniae regionibus seruietes.

- 468:** **241.** Conimbriga, enganada pola paz, é saqueada; as casas, e unha parte das murallas destruídas, os habitantes capturados e deportados, e a cidade e a rexión asoladas.
- 242.** Os legados que retornan dos Godos..., referiron numerosos portentos presenciados nas Gallias, que á vista... vendo de súpeto outro sol semellante a este... no solpor²⁸⁰.
- 243.** Estando en certo día axuntados os Godos en Concilio, as partes de ferro, ou as puntas, dalgunhas das armas que tiñan nas mans, que non foran mudadas, tomaron unhas a color verde, outras a rosa, outras a azafrán, e outras o negro aspecto da color natural do ferro.
- 244.** No centro da cidade de Tolosa, polos mesmos días, a terra botou sangue, que fluíu no curso de toda a xornada.
- 469:** **245.** Retornados os legados dos Suevos, unha considerable forza dos Godos atacou de inmediato Emérita.
- 246.** Ulixippona, entregada polo seu cidadán Lusidio, que alí gobernaba, foi ocupada polos Suevos. Coñecido este feito, os Godos que chegaran invaden e depredan os Suevos, o mesmo que os Romanos que deles dependían na rexión da Lusitania²⁸¹

²⁸⁰ Parágrafo mutilado, debe de se referir a unha eclipse de sol do ano anterior.

²⁸¹ Parece entenderse que os Suevos se apoderaran de Lisboa, e tal vez tamén dunha parte da Lusitania. Atopámonos xa no tempo no que Eurico trataba de espallar o seu reino tamén pola Península, a costa de Romanos e de Suevos. Mais non foi senón despois do 23 de agosto do 476, data da desaparición do Imperio Romano do Occidente, cando controlou dende a súa capital, Burdigala, hoxe Burdeos, o sur das Gallias e unha boa parte das Hispanias.

- 247:** Legati, qui ad imperatorem missi fuerant, redeunt nuntiantes, sub praesentia sui, magnum ualde exercitum cum tribus ducibus lectis aduersum Vandalos a Leone imperatore descendisse, directo Marcelino pariter cum manu magna eidem per imperatorem **Anthemium** sociata. Rechimerum generum **Anthemii** imperatoris et patricium factum; **Asparem** degradatum ad priuatam uitam, filium eius occisum, aduersum Romanum imperium, sicut; detectique sunt, Vandalis consulentes.
- 248:** Hilario defuncto sex sacerdotii sui annis expletis, XLV Romanae ecclesiae **Simplicius** episcopus ordinatur.
- 249:** Aunonenses pacem cum rege (regem) faciunt Sueuorum, qui et Lusitaniae et conuentus **Asturicensis** quaedam loca praedantes inuadunt.
- 250:** Gothi circa eundem conuentum pari hostilitate desaeuiunt; partes etiam Lusitaniae depraedantur.
- 251:** Lusidius, per Remismundum cum suis hominibus Sueuis, ad imperatorem in legatione dirigitur.

- 247.** Os legados enviados ó emperador retornan anunciado que, na súa presenza, un moi grande exército, enviado polo emperador León, con tres xenerais escollidos, descendera contra os Vándalos, e que a este se lle axuntara directamente Marcellino cunha gran forza enviada contra eles polo emperador Anthemio; que Rechimer chegara a xenro do emperador Anthemio e a Patricio; que Asparo fora degradado e reducido á vida privada, e que o seu fillo morrera, por ter sido descubertos aconsellando ós Vándalos en contra do Imperio Romano²⁸².
- 248.** Morto Hilario, logo de completar seis anos do seu sacerdocio, é ordenado Simplicio, como XLV bispo da igrexa de Roma²⁸³.
- 249.** Os Aunosenses fan a paz co rei dos Suevos, que invaden e depredan algúns lugares da Lusitania e do “conventus” Asturicense.
- 250.** Os Godos desencadean parecida hostilidade preto do mesmo “conventus”, depredando tamén partes da Lusitania.
- 251.** Lusidio²⁸⁴ é enviado por Remismundo, cos seus homes Suevos, ó emperador como legado.

²⁸² Ricimer casou no 467 con Alypia, filla de Anthemio. En canto á degradación de Asparo e a morte do seu fillo parece que se produciron no 471. É dicir, un par de anos despois do momento no que o recolle Idacio.

²⁸³ O pontificado de Hilario durou case sete anos, do 19-11-461 ó 29-2-468. Sucedeuno Simplicio, o 13 de marzo do 468, que morreu o 10 de marzo do 483.


²⁸⁴ Parece tratarse do mesmo Lusidio, o romano que lle rendera Lisboa uns meses antes.

- 252:** Durissimus extra solitum hoc eodem tempore annus hiberni, ueris, aestatis, autumnus in aeris et omnium fructuum permutatione diffunditur.
- 253:** Signa etiam aliquanta et prodigia in locis Gallaeciae peruidetur. In flumine Minio, de municipio Lais miliario ferme quinto, capiuntur pisces IIII noui uisu et specie, sicut retulere qui ceperant Christiani et religiosi, Hebraeis et Graecis litteris, Latinis autem aerarum numeris insigniti, ita CCCLXV anni circulum continentes. Paruo mensium interuallo, haud procul de supra dicto municipio, in speciem lenticulae uiridissimorum, ut herba quaedam, forma granorum plena amaritudine defluxeit e caelo; et multa alia ostenta, quae memorare prolixum est.

- 252.** O tempo atmosférico do ano é moito máis duro que de costume, tanto no inverno como na primavera, no verán, e no outono, e todos os froitos aparecen alterados.
- 253.** Ademais maniféstanse numerosos signos e prodixios en lugares da Gallaecia. No río Minio, a unhas cinco millas do municipio de Lais²⁸⁵, foron collidos catro peixes cun novo aspecto e dunha nova especie, tal como referiron os cristiáns e os venerables que os capturaron, marcados con letras hebreas e gregas, mais tamén cunha notable cantidade de números latinos contendo o ciclo 365 do ano²⁸⁶. E, apenas no pequeno intervalo duns meses, non lonxe do antes indicado municipio, caíu do ceo, en forma de lentellas verdísimas como a herba, un xeito de grans completamente agres; e outros moitos prodixios que sería prolixo lembrar.

²⁸⁵ Posiblemente San Cibrán das Lás, no concello de San Amaro, próximo ó Miño. O seu extenso castro, denominado “A Cidade”, que conta con dous impresionantes recintos amurallados e rúas empedradas, estaba habitado nos tempos de Idacio (Varios: *Lás*, passim).

²⁸⁶ Cifra que se pode interpretar tanto no senso pitagórico da fin dos tempos, como a través do gnosticismo*, para cuxos adeptos indicaba o nome de Deus. Así mesmo, os peixes poden aludir tamén a Deus, segundo a simboloxía do cristianismo primitivo na que, coas iniciais da frase *Iesous Christos Theou Uiós Soter*, ou “Xesús Cristo, fillo de Deus Salvador”, resultaba a opalabra ICTHUS, peixe en grego.



V. Consideracións finais

A primeira das consecuencias que se tira da *Chronica* de Idacio é a de que o xeito lacónico que nela utiliza permitiulle recoller, nun espazo relativamente curto, unha inxente cantidade de información, así como que esta está disposta en razón duns determinados parámetros:

- o Imperio Romano.
- a Igrexa e as cuestións relixiosas.
- os pobos Visigodo, Suevo, Vándalo e Alano.
- a Gallaecia.
- e os acontecementos prodixiosos, ou pouco habituais.

Mais tamén se advirte nela unha certa sistematización ó dispoñer a información de acordo con certas pautas. Así podemos constatar que se esforza en ofrecernos datos sobre as seguintes materias:

- Militar, política, diplomática e relixioso-cultural.
- Sucesión, nomeamento, actuacións e decesos dos emperadores.
- Sucesión, nomeamento, actuacións e decesos dos reis de Visigodos, Suevos, Vándalos e Alanos.
- Sucesión, nomeamento, actuacións e decesos dos bispos de determinadas Sés.

A este respecto advírtese que, aínda que se ocupa ocasionalmente dalgunhas outras, trata de seguir en

todo momento as liñas das prelaturas de Roma, Constantinopla, Alexandría e Xerusalén, Patriarcados da Igrexa as tres primeiras dende o Concilio de Nicea do ano 325, e a última dende o de Calcedonia (451). Non utiliza nunca a palabra “Papa”, nin tampouco a de Patriarca, para se referir a ningún deles, mais menciona os seus bispos, as máis das veces, acompañados polo verbo “*praesideo*”, literalmente: protexer, defender, gobernar, presidir, ou exercer funcións. Respecto ó outro Patriarcado, o de Antioquía, parece que lle debeu de faltar información, posto que tan só o menciona nunha ocasión.

En troques, omite a nómina dos bispos da súa propia diocese, e a da maior parte das demais na Gallaecia entón existentes, moito máis próximas e doadas de documentar.

Así mesmo, ofrécenos datos acerca de todos os emperadores, tiranos, usurpadores e líderes militares que ó longo do período por el historiado se deron, así como dos oito reis dos Visigodos, os nove dos Suevos, os catro dos Vándalos e un dos Alanos, que ó longo do mesmo exerceron.

Sobre a obra de Idacio téñense formulado distintas opinións, dende as de que “na súa sobria narración, nada máis que anota, sen expor as orixes”²⁸⁷, e “expón rapidamente os feitos sen comentalos”²⁸⁸, ata considerala un “conxunto de materiais que non presentan entre si

²⁸⁷ W. Reinhart (1952), p. 41

²⁸⁸ Don Justo Pérez de Urbel, Varios (1976): *España Visigoda*, p. 441.

outro vínculo que o cronolóxico”²⁸⁹, ou “unha mestura de tópicos apocalípticos xunto cunha preciosa e bastante precisa exposición”²⁹⁰. Comentarios que, aínda que certos, non fan un auténtico diagnóstico acerca do que Idacio escribiu.

A realidade é que a súa *Chronica*, á par que valiosísimas precisións, que, como xa comentamos, en nada son desmerecidas polas pequenas e comprensibles desviacións cronolóxicas, e aínda informativas, que ofrece, contén afirmacións pouco claras e un tanto disonantes, non só coa realidade histórica, senón mesmo coa propia exposición do autor, das que se trataron de tirar disparas interpretacións. É posible, porén, que algunhas destas imprecisións llas debamos de imputar os copistas medievais, e outras mesmo os recentes analistas que, a pesar de toda a súa boa intención, nalgúns casos non fixeron outra cousa que modificar ou escurecer aínda máis o texto.

Así mesmo, Idacio, se ben que defensor da ortodoxia católica, na praxe, actúa como calquera dos entón denostados maniqueos*, ata o punto de enfiar un relato clarisimamente protagonizado nada máis que por bos e malos, no que a razón está sempre da parte de Roma, da Igrexa e os seus eclesiásticos, así como das clases sociais elevadas, ou das persoas de “noble nacemento”, mentres que aguza o aguillón da súa exposición para ofrecernos serias descualificacións tanto dos bárbaros como das

²⁸⁹ Casimiro Torres Rodríguez (1977): *Galicia Sueva*, p. 19.

²⁹⁰ Pablo C. Díaz Martínez (1992) *Da Romanización...*, p. 210.

demais confesións relixiosas²⁹¹, co que nos da probas dun certo sectarismo. Mesmo atopa o xeito de suavizar as atrocidades cometidas polas tropas romanas, ou polos Godos, cando estes actúan na defensa do Imperio. E, aínda que tampouco admite o priscilianismo, preocúpase dos fenómenos siderais e dos terremotos, e atopa neles, nas profecías veterotestamentarias, e noutros infortunios do seu tempo, motivos para relacionalos con castigos divinos.

A *Chronica* idaciana ofrece, así mesmo, unha curiosa particularidade. A dunha certa reserva para a ocultar determinados acontecementos. Reserva e cautela que non parecen deberse á parquidade da exposición, ou a ningún lapso seu, senón a un deliberado mutismo.

Deixando á parte os feitos do resto do Imperio, entre os que á Gallaecia se refiren, pódese advertir que:

-Non recolle información ningunha acerca da forma e as circunstancias que rodearon o asentamento nela dos Suevos, nin menciona o lugar onde residían os seus reis.

-Tampouco se manifesta sobre os motivos polos que non se celebrou o Concilio que contra priscilianistas e maniqueos preconizara para o ano 447

²⁹¹ Así, ó priscilianismo denomínanos, “depravación” (§ 13b) e “blasfémisima herexía” (§ 32); ós ebionitas*, “moi necia seita” (§ 106); ó arrianismo, “impiedade” (§ 120), e “pestífero virus” (§ 232); e a actitude dos maniqueos, “as blasfemias dos herexes” (§ 135), sen explicar nunca en que consisten. Fala tamén da “insolencia dos Bagaudas” (§128), e dos Suevos di, “coa súa perfidia habitual” (§ 188 e 190), ou “os Suevos, coma sempre pérfidos e falaces” (§ 219).

o Papa León Magno, en carta a Thoribio de Astorga, na que involucraba ó propio Idacio²⁹².

-Ignoramos, así mesmo, os motivos polos que foi apreixado no ano 460 polo rei Frumario, e polos que, tres meses despois, foi posto en liberdade (§ 201 e 207).

Actitude súa en aberta discrepancia co que, con relación co xeito de facer Historia preconizara Marco Tulio Cicerón (106-43 aC): “Non te atrevas a dicir nada falso, nin a omitir nada verdadeiro; que non exista sospeita de favor, nin de enemizade”.

Agora ben, destas omisións ou silencios seus, podemos tirar a consecuencia, de que, se non aproveitou a longa doenza, e a morte, do rei Hermerico para consideralas coma cun castigo divino, como adoitaba, é que, no fondo estalle a render unha velada homenaxe ou un recoñecemento ó acertado xeito de como aquel parece ter levado o reino. Porque, ademais de que Paulo Orosio anotara para o ano 411 o feito de que os bárbaros mudaran as espadas polo arado, os demais comentarios de Idacio inducen a pensar que Hermerico era máis proclive ó diálogo que á confrontación.

Debemos de nos ocupar agora da opinión isidoriana de que, segundo o que interpreta do Praefatio da mesma, Idacio redactou a *Chronica* ó final da súa vida.

Como xa tivemos ocasión de comentar, existen motivos para pensar que ese Praefatio, ou sequera, unha parte do mesmo, puido ser redactado unha vez remata-

²⁹² M^a Victoria Escribano, en Varios (2000): *Cristianismo...*, pp. 284-86, e Idacio § 135.

da a *Chronica*. Especialmente o seu final: “*Mais deixamos o completar o que ven despois para os que o atopen*”. Mais discrepamos respecto ás razóns que se argumentan para aplicarlle o mesmo criterio ao o resto da súa obra.

Unha elemental análise da mesma demostra que, nos 91 anos que abrangue, descontando a lagoa do manuscrito para o período do 462 ao 464, non imputable ao seu autor, Idacio recolleu datos referidos a cada un deles, a non ser ós anos 385, 390, 391, 393, 396, 397, 398, 399, 401, 403, 408 e 427, para os que lle debeu de faltar información. Así mesmo, tamén se pode observar como, a partir do 429, a súa recensión faise cada vez máis ampla e precisa, cun incremento apreciable cara ó 449, para acadar dimensións importantes a partir do 455, ata xa o final. Circunstancias en clara consonancia coa súa afirmación inicial de que ata o momento de ser nomeado bispo, arredor do período 427-428, recollera a información de documentos anteriores, e de oídas, para facelo despois con datos e achegas propias. Os pequenos desfases cronolóxicos que se advirten na *Chronica*, apuntan cara á posibilidade de que Idacio escribise, non no momento de se produciren os feitos, senón ós poucos, ou con certo atraso, probablemente cando conseguía axuntar a dispar e distante información que precisaba. Mais hai un dato que demostra que, coma pouco, tiña cronoloxicamente posto ó día o su relato a principios do ano 456. É dicir, máis de trece antes de que lle puxese remate.

Porque nese momento, e inmediatamente despois de que, posiblemente no mes de novembro anterior, os Visigodos enviados por Roma apreixaran no Porto o rei Suevo Rechiario, escribiu: “*regnum destructum et fini-*

tum est Suevorum”. “O reino dos suevos é destruído e concluído”. Como este se mantivo aínda uns 130 anos máis, e o propio Idacio continuou recollendo inmediatamente novas acerca del, está claro que, estas liñas nunca puido escribilas de xeito retrospectivo, senón no momento mesmo no que o feito que tan mal interpretou, a ocupación do país polos godos e o apreixamento e execución de Rechiario, se produciu.

Como final queremos indicar que, a pesar das indicadas deficiencias, a *Chronica* de Idacio é unha obra que admira pola amplitude dos seus contidos, especialmente se temos en conta os medios do momento, así coma o afastado do lugar no que foi redactada: “ut extremus plagae, ita extremos et vitae”, “tan extremo do mundo, como extremo da vida”, (*Praefatio*, 1), ou “intra extremam universi orbis, Gallaeciam”, “neste extremo do universo orbe, na Gallaecia” (*Praefatio*, 7). O agoiro final de Idacio, posiblemente inducido polas profecías de Daniel, e que quizais redactou algo despois do momento no que o fixo figurar, parece unha clara alusión ó final dos tempos. En todo caso, supón unha visión acertada, xa que Roma desaparecería uns seis anos despois, ó ser depositado o seu derradeiro emperador, Rómulo Augústulo (31 outubro do 475 ou ¿23 agosto do 476?).

VI. Glosario

ALANOS: Pobo de orixe iraniana, seminómada que, a finais do século IV estaba instalado nas terras situadas ó norte do Cáucaso. Máis tarde, a finais do ano 406, xunto con Suevos, Vándalos e Burgundios, e outras xentes, cruzaron o Rin por Maguncia, –Mainz en Alemán, Mayence en francés– invadindo o Imperio Romano. Segundo Idacio (§ 49), no ano 411 asentáronse nas provincias* da Lusitania e da Carthaginiense, onde, máis tarde, foron masacrados polas tropas visigodas enviadas por Roma (§ 68).

ARRIANISMO: Doutrina definida cara ó ano 318 por Arrio (256-336), teólogo e presbítero de Alexandría, que negaba a divindade de Xesús, considerando que o Fillo non era igual, ou consubstancial, co Pai, nin eterno coma este, senón creado por el. Foi condenada no Concilio de Nicea, localidade próxima a Constantinopla, no ano 325, e acabou por se extinguir no século VII, se ben que reapareceu coma opinión coa Reforma do século XVI.

ASCETISMO: Actitude propia do asceta, ou persoa que leva unha vida de mortificación, ou dominio das paixóns, e de renuncia dos bens materiais, cara a acadar a perfección moral e espiritual. Vide, **PRISCILIANISMO**.

AUGUSTO: “Venerado”. Título honorífico e relixioso que o Senado lle concedeu o 16 de xaneiro do ano 27 aC. a Caio Octavio Thurino, primeiro Emperador de Roma, dende entón Octavio César Augusto (27aC.-14 dC). A dignidade sería definitivamente institucionaliza-

da por Valerio Diocletiano (284-305) ó crear, no ano 293, a Tetrarquía, un sistema cuadripartito de goberno, polo que o Imperio pasou a ser dirixido por dous Augustos, un residente en Nicomedia, uns quilómetros ó leste de Constantinopla, e o outro en Mediolanum, hoxe Milán, así coma por dous Césares*, ou presuntos sucesores dos mesmos, en Tesalónica un, ó nordeste de Grecia, e o outro en Tréveris, hoxe Trier, na Alemaña. O sistema desaparecería no ano 305, mais o título permaneceu con distintas acepcións, entre elas a de co-emperador.

BAGAUDAS: Movemento social moi complexo iniciado xa no século III polo pobo Galo dos *bagaudas*, denominación aplicada máis tarde, por extensión, ás revoltas campesiñas hispánicas do V, aínda que houbo outras anteriores (José Antonio Escudero, p. 153), que tamén afectaron á Gallaecia (M. Cavada Nieto-F. Arias Vilas, pp. 91-108; e Narciso Santos Yanguas, pp. 244-246). Idacio, que se ocupa delas nos seus parágrafos 125, 128, 141 e 142, non as menciona como tales. J.C. Sánchez León entende que *bagauda* non é ningún etnónimo senón unha posible denominación, quizais derivada das italo-celtas, “vagus” e “auda”, “fuxitivo”, ou do celta “baga” e “auda”, “guerreiro”, ou “loitador”, testemuñada xa no século IV.

CÁBALA: Conxunto de doutrinas filosófico-relixiosas, de carácter esotérico ou secreto, xurdido no século IV coa finalidade de explicar e interpretar os textos do Antigo Testamento. Vide, **PRISCILIANISMO**.

CÉSAR: Título que, na honra de Triunviro e Dictator Caio Iulio César, asasinado o 15 de marzo do ano 44 aC., levaron os emperadores romanos a partir de

Aelio Hadriano (117-138), así como os seus presuntos herdeiros. Vide, **AUGUSTO**.

CIVITAS: En plural, “civitates”. Agrupacións prerrománicas da Gallaecia, homogables ós “populi”; especie de nacionalidades indíxenas que gozaban dunha elevada autonomía e perviviron mesmo despois da desaparición da administración romana. Nos tempos de Idacio, no entanto, a expresión “civitas” tiña xa máis que ver coa de “urbs”, “cidade”, que coa indicada e inicial acepción.

CONDES: De “comes”, “compañeiro do príncipe”. Cargo diocesano* creado por Constantino I (307-337), inicialmente encomendado a membros da súa propia comitiva. Os condes contaban con poderes especiais, e ás veces superiores, ós dos mesmos vicarios*.

CONVENTUS: Circunscrición xudicial romana que, na Gallaecia, abrangía distintos “populi” ou “civitates”, a cabeza da cal atopábase nunha das súas poboacións. Os “conventus” parece que estaban bastante relacionados coa realidade indíxena. A Gallaecia de comezos do século V contaba con catro “conventus”, sendo as súas cabezas, Bracara, Lucus, Astúrica e Clunia, na actualidade: Braga, Lugo, Astorga e Coruña del Conde (Burgos).

DIOCESES: Divisións administrativas supraprovinciais creadas nos anos 297-298 polo emperador Valerio Diocletiano. Segundo a *Notitia Dignitatum*, no cambio do século IV para o V, existían 13 “diocesis” no Imperio, unha delas a das Hispanias.

DONATISTAS: Doutrina cismática do bispo africano Donato (¿¿-c.355), que sostíña que, dado que a

Igrexa era unha sociedade de homes perfectos, os sacramentos administrados por pecadores non tiñan validez. San Agostiño de Hippona (354-430), chamado en realidade Aurelio Augustino, foi un dos que con máis acerto a combateu nos seus escritos. A doutrina foi condenada nos concilios de Arelate (314), hoxe Arlés, e Carthago (411). A actuación dos donatistas, que se autodenominaban “agnostici”, ou “os que loitan”, atinxiu tamén á política e supuxo un grave perigo para os grandes latifundistas. Os Vándalos foron os encargados de os eliminar de África, pouco despois.

HEBIONITAS ou EBIONITAS: “Pobres”. Seguidores do evanxeo de Mateo xurdidos no século I, que se consideraban ser os mencionados no Sermón da Montaña. Eran xudaizantes, e entendían que Xesús non era máis que o fillo de Xosé e de María. Foron acusados de poligamia, e acabaron por desaparecer absorbidos polo cristianismo oficial e os primeiros gnósticos*.

GÁLATAS: Pobo celta que, no ano 276 aC., se estableceu no centro-norte da península da Anatolia, hoxe a parte asiática de Turquía, e que, seiscentos anos máis tarde, aínda mantiña a fala da Gallia Belga.

GNOSTICISMO: Conxunto de doutrinas filosófico-relixiosas orientais xurdido xa no século I, nas que se mesturaban os pensamentos platónico, cristián e xudeu. Segundo elas a salvación fundamentábase no coñecemento secreto tanto da divindade coma de si mesmos, ou “gnose”. No século seguinte, Alexandría converteuse no núcleo principal da súa actividade. Nos dous últimos séculos, especialmente no ano 1946, descubríronse no Exipto numerosos, e importantes, documentos gnósticos.

GODOS: “Gutans” ou “Gutos”, na súa fala. Pobo orixinario do sur da Escandinavia, espallado máis tarde pola Xermania e polo sur da Europa Oriental, entón xa dividido en “ostrogodos” e “visigodos”. No Oriente, e a finais do século IV, entraron en colisión cos Romanos.

MANIQUEÍSMO: Relixión fundada polo persa Mani, ou Manes, (216-277c.), astrólogo, matemático, médico e pintor. Mani efectuou moitas e dilatadas viaxes misionais, e redactou numerosos escritos, morrendo en prisión, crucificado ou decapitado. A súa ensinanza fundamentábase na existencia de dous principios coeternos e iguais en dignidade e poder, así coma contrarios e irreducibles: o ben e o mal, ou a luz e as tebras, Deus e a materia. Practicaban o ascetismo* e unha especie de culto naturista e astral, e crían na metempsicose *. Para os maniqueos o home tiña dúas almas, se ben que aceptaban tamén a existencia dunha terceira, a alma psíquica, e que Cristo fora o único que se librara da dualidade espírito-materia. Como dato de certo interese podemos dicir que San Agostiño fora maniqueo na súa xuventude. No ano 297 os maniqueos foron condenados á pena capital por Valerio Diocletiano (284-305), e excluídos do Edicto de Tolerancia Relixiosa do ano 313 de Flavio Gratiano (367-383), que decretaba a súa expulsión das cidades. Inmediatamente despois, Flavio Theodosio I (370-395), incluíunos entre aqueles cristiáns non ortodoxos ós que, ademais de consideralos fora do “*ius romanum*”, lles prohibía manter xuntanzas e o dereito de testar ou herdar, con efectos retroactivos. Emporiso a doutrina manteríase ata a dura persecución da emperatriz Teodora (+867), no ano 841, e influiría aínda, con posterioridade, noutras formulacións filosófico-relixiosas.

METEMPSÍCOSE: Ou transmigración das almas. Doutrina que considera que os espíritos dos mortos volven a se encarnar, por varias veces, tanto en seres humanos coma en animais, segundo tanto os méritos do falecido como a propia casualidade. Contaba con adeptos antes xa de Pitágoras (570-480 aC.).

MILICIAS, MESTRES DAS: Dende o ano 325 documéntase no Exército romano a existencia de dous ministros ou xenerais, o “Magister peditum”, ou Xefe da Infantería, e o “*Magister equitum*”, ou Xefe da Cabalería, ambos os dous baixo as ordes directas do emperador, naquel momento Constantino I. O título de “Magister militum”, ou Mestre dos Soldados, que, entre outros, levaron o visigodo Allarico I (382-410), e o huno Attila (434-453), nalgunhas ocasións foi nada máis que honorífico. Durante o reinado de Placido Valentiniano III (422-455), creouse o cargo de “Magister utriusque militiae”, literalmente Mestre dunha e doutra Milicia, que concentraba na mesma persoa o mando tanto da Infantería como da Cabalería. Estes foron os casos de Aetio (*Chronica* § 95, 103 e 110), ó que Idacio denomina “dux utriusque militiae”, no ano 437, o do “duce et magistro militum”, Asturio (*Chronica* § 125 e 128), así como o de Vito, no 446 (§ 134).

MONOFISISMO: Doutrina enunciada no século V polo monxe Eutiques (c.378-454), segundo a cal, no momento da concepción de Cristo, a súa natureza divina impuxérase á humana. É dicir, que tiña nada máis que natureza Divina. Botado do seu mosteiro, Eutiques foi rehabilitado no concilio de Éfeso (449), e volto a condenar no de Calcedonia (451), localidades situadas no oeste da actual Turquía, a segunda moi preto de Constantinopla. Tardou aínda bastante tempo en desaparecer.

NESTORIANISMO: Doutrina enunciada no século V por Nestorio (c.380-451), bispo de Constantinopla dende o ano 428, deposto no 431, que facía distinción entre as dúas naturezas de Cristo, a divina e a humana, como consecuencia da cal María tan só podía ser nai do Cristo humano, mais non de Deus. Foi combatida por Ciryllo, bispo de Alexandría, e condenada nos concilios de Éfeso (431) e de Calcedonia (451).

PATRICIO: Distinción honorífica de alto rango, persoal e non hereditaria, creada por Constantino I (303-337)

PELAGIANISMO: Doutrina do monxe britón Pelagio (360-422), que negaba a existencia do chamado pecado orixinal e a necesidade da graza divina para se salvar, defendendo o libre albedrío. Foi moi combatida, entre outros, por San Agostiño de Hippona.

PLEBE: “Plebs”, en latín. Denominación aplicada inicialmente ós individuos das clases baixas, fosen libres ou non. Nunca ós de certo rango, nin ós funcionarios. Posteriormente parece que significou nada máis que “xente do pobo”. Idacio considera “plebs” ós “gallaecos” ós que representou na embaixada que encabezou ante Aetio no ano 431. Agora ben, as actuacións que acerca destes recolle na súa *Chronica* parecen indicar que, nunha boa parte da Gallaecia do seu tempo, pervivían as atribucións das “civitates” prerromanas, que gozaran dunha importante autonomía dentro do organigrama estatal, e que souberon manter esta ata o punto de poder tomar, aínda en pleno século V, importantes decisións políticas.

PRAEFECTURAS: Divisións territoriais, supra-provinciais, efectuadas arredor do ano 293 polo empe-

rador Valerio Diocletiano, cara a conseguir unha descentralización administrativa, e modificadas despois por Constantino I, entre o 326 e o 337. Segundo a *Notitia Dignitatum*, no cambio do século IV para o V, o Imperio contaba con catro *praefecturae*, cada unha delas gobernada por un *praefectus praetorio*: Gallias, Italia, Illyria e Oriente. A das Gallias abranguía as “diócesis” de Britannia, Gallias, Sete Provincias (sur das Gallias), e Hispanias. Curiosamente, entre as amplísicas atribucións dos seus “*praefecti*”, non figuraba a militar.

PRISCILIANISMO: Doutrina debida a Prisciliano (c.340-386), bispo de Ávila, que se supón nacido na Lusitania ou na Gallaecia, con base á afirmación de Próspero Tirón da Aquitania (c.390-455): “Priscilianus episcopus ex Gallaeciae”. Henry Chadwick entende que o seu nomeamento coma prelado produciuse despois de que, no ano 381, ficase vacante a Sé de Avila. De intachables hábitos ascéticos*, Prisciliano foi un home culto, brillante e sumamente activo, aínda que de escasa altura coma teólogo. A través dos seus escritos, así como das actas dos Concilios que del se ocuparon, advértense-lle claras influencias do sincretismo*, a gnose*, o maniqueísmo* a metempsicose*, así como dun certo naturismo. E, se o que o bracarense Paulo Orosio (c.383-c.420) comenta no ano 414 no capítulo 2 do seu *Commo-nitorium*, está axeitadamente fundamentado, o bispo abulense tiña tamén un notable coñecemento acerca dun saber tan críptico como o da cábala*. O Priscilianismo, espallado pola Gallaecia á morte do seu fundador (*Chronica* § 16), foi condenado nos Concilios de Zaragoza (396), Toledo (400) e Braga (563), aínda que nas actas dos mesmos se perciban demasiadas fisuras e incoherencias nas acusacións que se fixeron tanto con-

tra el como contra a súa doutrina. Da análise da documentación existente tírase a opinión de que, en realidade, nunca se chegou a saber con exactitude en que consistiu o priscilianismo, e que, na práctica, o concepto foi utilizado máis coma elemento de deslaxitimación que coma outra cousa. De feito sabemos que, en tempos de Idacio, os priscilianistas e os católicos da Gallaecia, utilizaban os mesmos altares, do que cabe deducir que as diferenzas dogmáticas e formais existentes entre ambas manifestacións non debían de ser tan insalvables coma se pretendeu.

PROVINCIA: Para Roma, tratábase dun espazo xeográfico concretado ás necesidades políticas e administrativas dun momento determinado. Como consecuencia as provincias sufriron profundas modificacións ó longo da historia, non sempre determinadas por criterios étnicos ou naturais. Segundo a *Notitia Dignitatum*, no cambio do século IV para o V, o Imperio estaba dividido, política e administrativamente, en Oriente e Occidente, e contaba con 120 *provincias*, distribuídas en 13 *dioceses*, e catro *praefecturae*. En canto á diocese das Hispanias, que dependía do *praefectus praetorio Galliarum*, abranguía sete provincias: Gallaecia, Tarraconense, Baleares, Carthaginiense, Bética, Lusitania e Tingitana, esta no norte do actual Marrocos. Estas provincias estaban divididas en dous rangos, o das “consulares”, e o das “praesides”. A Gallaecia era consular, e o seu gobernador gozaba do privilexio de levar cinco fasces presidindo as súas comitivas, da exención de impostos, da “annona”, ou gratuidade de víveres, e das “sportulae”, ou certas gabelas. Cada provincia rexíase pola “Lex Provinciae”, e o seu chan, ou “ager provinciae” considerábase propiedade do pobo romano.

SINCRETISMO: Doutrina que tratava de conciliar ou harmonizar ideas e teorías diferentes, e mesmo opostas. O termo foi usado por Plutarco de Queronea (c.46-120), en sentido político, e adoptado definitivamente por Erasmo de Rotterdam (c.1466-1536). O sincretismo existiu xa na antigüidade.

SUEVOS: Pobo procedente tamén do sur da Escandinavia, e o máis numeroso dos posteriormente instalados na Xermania. De estar acertado o comentario de San Xerome –Hieronymo Eusebio de Estridon (347-420 c.)- na súa Epístola 123, 15, *Ad Geruchiam*, do ano 409, os Suevos que no ano 406 penetraron no Imperio xunto cos Vándalos, os Alanos e os Burgundios, e que no 411 se instalaron, segundo Idacio (§ 49), na parte occidental da Gallaecia, eran os Cuados, ata aquel momento asentados no norte da actual Austria e de Chequia. Mais, no ano 420 (*Chronica* § 74), ó seren rexeitados os Vándalos, coa axuda dos Romanos, “os suevos atopáronse coa posesión da Gallicia para eles sós” (Isidoro, *Historia Suevorum*, § 85).

VÁNDALOS: Pobo xermano, subdividido en Asdingos e Silingos, que, a finais do século IV estaban instalados, respectivamente, nas actuais Hungría e Baviera-Turingia. No ano 411, os Asdingos ocuparon a Gallaecia oriental e os Silingos a Bética (Idacio § 49). Posteriormente, no 420, os Asdingos pasaron a esta última, onde se axuntaron cos seus irmáns, se ben que acabaría por abandonala no mes de maio do 429, (Idacio, § 74 e 90), para se instalar na provincia de África, que ocupaba algo máis do que a Tunicia actual. Máis tarde estenderon o seu dominio tamén sobre as Baleares, Córsega, Sardeña e unha parte de Sicilia. Os Vándalos serían drasticamente exterminados no ano 534 polo

xeneral Belisario (500-565), enviado polo emperador de Oriente, Iustiniano (527-565).

VICARIO DAS HISPANIAS: Ou “Vicarius Hispaniarum”, especie de autoridade con xurisdicción sobre as sete provincias hispánicas, ás ordes directas do Emperador, ou ben do *praefectus praetorio Galliarum*. Tiña ó seu cargo o control e a supervisión dos gobernadores provinciais, o reparto dos impostos, e as actuacións militares, ademais da de xuíz. Con el colaboraba, e ás veces, substituía, o chamado “Comes Hispaniarum”, que contaba con parecidas atribucións. Vide, **CONDE**.

XENERAL: Tradución un tanto libre de “Dux”, “duces” en plural; literalmente: o que guía, o que conduce, ou o que vai á cabeza.

VII. Bibliografía principal

- ALARCÃO, Jorge (1983): *Portugal Romano*. Verbo. Lisboa.
(1995): *O Domínio romano em Portugal*. 3ª edição. Forum da Historia. Mira-Sintra.
- ARCE, Javier (1986): *El último siglo de la España romana (284-409)*. Alianza Editorial. Madrid.
- AUJAC, Germaine (1998): *La Géographie de Ptolémée*. Anthèse. Arcueil.
- BALBOA SALGADO, Antonio (1996): *Gallaecia nas fontes clásicas*. Universidade de Santiago de Compostela.
- BASTIÉ, Aldo (2001): *Histoire de la Provence*. Édit. Ouest-France. Rennes.
- BELTRÁN LLORIS, Francisco e F. MARCO SIMÓN (1987): *Atlas de Historia Antigua*. Diputación General de Aragón-Pórtico. Zaragoza.
- BERNÁRDEZ VILAR, Xoán (2003): *O comezo da nosa Idade Media. A Gallaecia que se emancipou de Roma*. Toxosoutos. Noia.
(2003): *Chronica Hermerici*. Universidade de Vigo.
- BOUZA BREY, Fermín (1970): El estado suevo en Galicia y su organización interna, en *Grial*, 27. Vigo.

- BURGESS, R.W. (1993): *The Chronicle of Hydatius and the Consularia Constantinopolitana*. Clarendon-Press. Oxford.
- CAMERON, A. (2001): *El Bajo Imperio Romano (284-430)*. Madrid.
- CAMPOS, Julio (1984): “*Idacio, obispo de Chaves. Su Chronicón*”. Salamanca.
- CANDELAS COLODRÓN, César (2002): Hidacio, ¿obispo de Chaves? Iglesia, Territorio y poder en el siglo V. En *Gallaecia* núm. 21. Sada.
- CARBALLO, Francisco (1995): *A Igrexa Galega*. A Nosa Terra. Vigo.
- CARDOSO, José (1982): *Crónica de Idácio*. Universidade do Minho. Braga.
- CASTÁN, Carlos e FUSTER, Carlos (1996): *La moneda Imperial Romana*. E.A. Madrid.
- CAVADA NIETO, Milagros e Felipe ARIAS VILA (1979): Galicia Bajorromana. En *Gallaecia* núm 3-4. A Coruña.
- CADWICK, Henry (1978): *Prisciliano de Ávila*. Espasa-Calpe. Madrid.
- COLUNGA-TURRADO (1994): *Biblia Vulgata*. BAC. Matriti.
- COURTOIS, Christian (1995): *Les Vandales et l’Afrique*. París.
- DÍAZ, Pablo C. (1997): “Gallaecia. De reino suevo a provincia visigoda”. En *O feito diferencial Galego I*. Museo do Pobo Galego. A Coruña.

DÍAZ Y DÍAZ, M.C.: Vide, Isidoro de Sevilla (1982).

DÍAZ MARTÍNEZ, P.C. (1992): “El alcance de la ocupación sueva de Gallaecia y el problema de la germanización”. En *Galicia: da Romanización á Xermanización*, páxs. 209 a 226. Museo do Pobo Galego. Santiago de Compostela.

DUBY, Georges (1992): *Atlas Histórico Mundial*. Debate. Barcelona.

ESCUADERO, José Antonio (1995): *Curso de Historia del Derecho*. E.A. Madrid.

ESTRABÓN (1991-2003): *Geografía*. Libros I-XIV. V vols. Gredos. Madrid.

EUSEBIO DE CESAREA (1997): *Historia Eclesiástica*. 2 vols. BAC. Madrid.

FERNÁNDEZ URIEL, Pilar (2001): *Historia de Roma*. Vol. II. UNED. Madrid.

FLÓREZ, Henrique (1859-1994): *España Sagrada*. Madrid e Lugo.

GARCÍA GARRIDO, Manuel Jesús (1994): *Derecho Privado Romano*. Dykinson. Madrid.

GARCÍA MORENO, Luis A. (1997): “Las Españas de los siglos V-X: invasiones, religiones, reinos y estabilidad familiar”. En Varios: *VII Semana de Estudios Medievales*.

GIBBON, Edward (1984): *Historia de la decadencia y ruína del Imperio romano*, 8 vols. Turner. Madrid.

- GONZÁLEZ LÓPEZ (1976): “A monarquía suevo-galaica e a súa organización eclesiástica: Parroquias e Mosteiros”. En *Grial* 53 pp. 284ss. Galaxia. Vigo.
- GONZÁLEZ MUÑOZ, Fernando (2000): *La chronica gothorum, pseudo-isidoriana*. Toxosoutos. Noia.
- HORNBLOWER, Simon, and SPAWFORTH, Antony (1996): “*The Oxford Classical Dictionary*”. Oxford University Press. Oxford.
- HOWATSON, M. C. (1997): *The Oxford Companion to Classical Literature*. Oxford University Press. Oxford.
- IDACIO DE CHAVES: Vide, José Cardoso, e Ydacio Lémico.
- IGLESIAS GIL, José Manuel, e SANTOS YANGÜAS, Juan (2002): *Vademecum para la epigrafía y numismática latinas*. E.A. Santander.
- ISIDORO DE SEVILLA: *Historia de regibus Gothorum, Vandalorum et Suevorum*. Vide, Henrique Flórez, tomo VI.
- (1975) *Las Historias de los Godos, Vándalos y Suevos*. Centro de Estudios e Investigación San Isidoro. León.
- (1982): *Etimologías*. 2 vols. BAC. Madrid.
- KOVALIOV, S. I. (1979): *Historia de Roma*. Akal. Madrid.
- LEBRUN, François (1990): *As grandes datas do Cristianismo*. E. Noticias. Lisboa.
- JERÓNIMO, San (1993 e 1995): *Epistolario*. II Vols. BAC. Madrid.

- LÓPEZ CARREIRA, Anselmo (1999): *A cidade medieval galega*. A Nosa Terra. Vigo.
- McEVEDY, Colin (1992): *The New Penguin Atlas of Medieval History*. Penguin Book. Singapore.
- MANGAS MANJARRES, Julio (1996): *Aldea y ciudad en la antigüedad hispana*. Arco/Libros. Madrid.
- MARAVAL, Pierre (1982): *Égérie. Journal de Voyage*. Les Éditions du Cerf. París.
- MASOLIVER, Alejandro (1994): *Historia del Monacato cristiano* 2 vols. Encuentro. Madrid.
- MASSON, H. (1989): *Manual de Herejías*. E. Rialp. Madrid.
- MATTOSO, José (1993): *Historia de Portugal. Antes de Portugal*. Ed. Estampa.
- MÉRIENNE, Patrick (1997): *Atlas Mondial du Moyen Age*. Ed. Ouest-France. Rennes.
- NÚÑEZ GARCÍA, Oscar (2001): "Invasiones y cristianismo. Repercusiones de la presencia sueva en la iglesia galaica del siglo V". En *Gallaecia* núm. 20. Santiago de Compostela.
- OLIVEIRA, Miguel de (1994): *Historia Eclesiástica de Portugal*. Europa-América. Mira-Sintra.
- PAULO OROSIO (1976) *Le Storie contro i Pagani*. II vols. Arnoldo Mondadori Editore. Verona.
- (1982): *Historias*. II Vols. Gredos. Madrid. Vide: Casimiro Torres Rodríguez (1985).

- PLINIO EL VIEJO (1995-98): *Historia Natural*. II vols. Gredos. Madrid.
- PRISCILIANO (1975): *Tratados y Cánones*. Editora Nacional. Madrid.
- REINHART, Wilhelm (1952): *Historia General del Reino Hispánico de los Suevos*. Seminario de Historia Primitiva del Hombre. Madrid.
- RIVAS FERNÁNDEZ, Juan Carlos (2003): *Antigüedad del episcopado auriense*. Duen de Bux. Ourense.
- RODRÍGUEZ ALONSO, Cristóbal: Vide, Isidoro de Sevilla (1975).
- ROMERO MASÍA, Ana María, e POSE MESURA, Xosé Manuel (1988): *Galicia nos textos Clásicos*. Museo Arqueolóxico e Histórico provincial. A Coruña.
- SALRACH MARES, Josep M^a (1997): “Europa en la transición de la antigüedad al feudalismo”. En Varios: *VII Semana de Estudios Medievales*.
- SÁNCHEZ DE LEÓN, Juan Carlos (1996): “*Los Bagaudas: rebeldes, demonios, mártires*”. Universidad de Jaén. Jaén.
- SCARRE, Chris (1995): *The Penguin Historical Atlas of Ancient Rome*. Viking. Avon.
- SANTOS YANGÜAS, Juan (1978): “Sociedad y Economía en Asturias”, en Varios: *Historia de Asturias, I*. Silverio Cañada. Xixón.
- SANTOS YANGÜAS, Narciso (1978): “Asturias Visigoda”, en Varios: *Historia de Asturias*. Silverio Cañada. Xixón.

- TEJA, Ramón (2002): *La Hispania del Siglo IV*. Edipuglia. Bari.
- TERÁN FIERRO, Daniel (1985): *Prisciliano, Mártir Apócrifo*. Breogán. Madrid.
- THOMPSON, E.A. (1971): *Los Godos en España*. Alianza. Madrid.
- TORRES LÓPEZ, Manuel (1976): “Las invasiones y los reinos Germánicos de España”. En Varios (1976): *España Visigoda*.
- (1976): “Instituciones Económicas, Sociales y Político –administrativas de la Península Hispánica durante los siglos V, VI y VII”. En Varios: *España Visigoda*.
- TORRES RODRÍGUEZ, Casimiro (1977): *Galicia Sueva*. Fundación Barrié. A Coruña.
- (1982): “*La Galicia Romana*”. Fundación Barrié de la Maza. A Coruña.
- (1985): *Paulo Orosio y sus obras*. Fundación Barrié de la Maza. Santiago de Compostela.
- TRANOY, Alain (1974): *Hydace. Chronique*. 2 vols. Les Éditions du Cerf. París.
- VARIOS AUTORES:
- (1944): *Historia de la Iglesia Católica*. 4 vols. BAC. Madrid.
- (1947): *Fontes Hispaniae Antiquae*. Fascículo IX. Épocas Visigoda y Bizantina. Edición de Roberto Grosse. Barcelona.
- (1959): *Fontes Hispaniae Antiquae*. Fascículo VIII. “Desde César hasta en siglo V”. Edición de Roberto Grosse. Barcelona.

- (1976): *España Visigoda*. Espasa-Calpe. Madrid.
- (1978): *Historia del Mundo en la Edad Media*. 3 vols. Cambridge University Press-Sopena. Barcelona.
- (1978) *Historia de Asturias*. 12 vols. Silverio Cañada. Gijón.
- (1979): *Historia de la Iglesia en España*. BAC. Madrid.
- (1982): *España Romana II.**. Espasa-Calpe. Madrid.
- (1982): *España romana II.***. Espasa-Calpe. Madrid.
- (1989): *La Provence des origines à l'an mil*. Édit. Ouest-France. Rennes.
- (1990): *The History of Christianity*. Lion Publishing. Oxford.
- (1991): *Tabula Imperii Romani. Hoja K-29: Porto*. Madrid.
- (1992): *A Cidade de San Cibrán de Lás*. Grupo Marcelo Macías- Museo Arqueológico de Ourense. Vigo.
- (1993): *Historia Universal*. Vols. 2 e 3. Planeta. Barcelona.
- (1995): *Galicia Romana*. Vía Láctea. A Coruña.
- (1995): *Historia de Galicia. Galicia Medieval*. Vía Láctea. A Coruña.
- (1997): *VII Semana de Estudios Medievales*. Instituto de Estudios Riojanos. Logroño.
- (1998): *Diccionario de los Papas y Concilios*. Ariel. Barcelona.

- (2000): *El Cristianismo. Aspectos históricos de su origen y difusión en Hispania*. Vitoria.
- (2002): *Historia de las diócesis españolas*. Vol. 15. BAC. Madrid.
- VILLANUEVA ACUÑA, Manuel (1992): “O Ius Latii e a transformación do Hábitat galaicorromano”, en *Galicia: da Romanizaicón á Xermanización* pp. 33 á 40. Museo do Pobo Galego. Santiago de Compostela.
- VIVES, José (1963): *Concilios visigóticos e Hispano-Romanos*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Barcelona-Madrid.
- XEROME EUSEBIO DE ESTRIDÓN: Vide: JERÓNIMO, San.
- YDACIO LÉMICO: Vide: Henrique Flórez, Tomo IV; e (1974) Alain Tranoy: *Hydace*.

Este número 6 dos *Cadernos Ramón Piñeiro* rematouse de imprimir no obradoiro de Gráficas ATV, en Santiago de Compostela, o día 3 de decembro de 2004, festividade de San Clodio.

